

# PAISAXE GALEGA



GUÍA DE CARACTERIZACIÓN  
E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA  
DE VALADOS



XUNTA DE GALICIA

# PAISAXE GALEGA



GUÍA DE CARACTERIZACIÓN  
E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA  
DE VALADOS

**Edición e coordinación:**

*Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio  
Instituto de Estudos do Territorio*

Inés Santé Riveira  
Alfredo Fernández Ríos  
José Luís Álvarez Vicente  
Mónica María Fernández López

**Equipo de redacción:**

*Grupo de investigación da Escola Galega da Paisaxe, Fundación Juana de Vega*

Isabel Aguirre de Urcola  
Mercedes Máquez Roel  
Carmela Moral Ardines  
Christin Adler  
Lourdes Vázquez

**Colaboradores:**

Melania Payán Pérez  
Manuel Caamaño Suárez  
Luis Hixinio Flores Rivas

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio  
Santiago de Compostela, 2017

**Depósito Legal:** C-897-2017

Este volume forma parte da colección PAISAXE GALEGA



P

PRÓLOGO

**G**alicia é un territorio vello, de sempre habitado e cunha historia que se perde no tempo. A pegada que este paso do tempo deixou no territorio galego está presente nas cidades, nas aldeas e no campo, configurando unha realidade territorial complexa na que os asentamentos humanos, ocupando soamente o 5,8% da superficie total de Galicia, representan o 50% dos de toda España.

Esta realidade territorial pódese entender mellor aínda se temos en conta que Galicia, cunha superficie de 29.574km<sup>2</sup>, conta cuns 1.500km de bordos costeiros, caracterizados pola configuración das rías e as súas terras: baixas na metade Sur, acantiladas no Norte. Entre esa longa e intricada franxa costeira e as montañas que a limitan polos outros extremos, atópanse as terras chas, os outeiros, vales e montañas. Todo pequeno e axustado. Rico e fermoso.

Isto unido a unha climatoloxía tempada e húmida en termos xerais, xera unha riqueza paisaxística de primeira orde, que no rural se ve caracterizada polo solo agrícola. Un solo fragmentado e pechado, consecuencia da estrutura da propiedade da terra en Galicia, que na actualidade está conformado por 11 millóns de parcelas agrícolas, repartidas entre 1,6 millóns de propietarios catastrais, e cunha superficie media de 0,25 hectáreas por parcela.

Un elemento característico que evidencia esta singularidade das terras agrícolas, vén definida claramente polos valados ou peches que, coa súa variedade formal e material que responde ao contexto territorial no que se atopan, debuxan, como se dunha escritura se tratase, a historia que hai detrás.

Neste traballo, partindo da delimitación territorial das grandes áreas paisaxísticas definidas na Estratexia da paisaxe galega, realizouse, cunha metodoloxía de traballo rigorosa, un labor de campo para identificar e caracterizar a tipoloxía de valados do territorio rural de Galicia, cun duplo obxectivo: por un lado, poñer en valor e crear a conciencia na sociedade da necesidade de protexer esta riqueza patrimonial e, por outro, facer algunhas propostas para que os novos valados manteñan a esencia dos valores tradicionais do territorio no que se constrúan, para así, entre todos, manter a calidade paisaxística do noso territorio rural.

**Isabel Aguirre de Urcola**

*Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega*

# I

## ÍNDICE DE CONTIDOS

<b>PRESENTACIÓN .....</b>	<b>10</b>
<b>1 INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>12</b>
1.1 Contexto .....	13
1.2 Obxectivos e estrutura da guía.....	15
1.3 Os valados no complexo agrario galego .....	16
1.3.1 Estruturas agrarias no espazo rural galego.....	16
1.3.2 Os valados nos sistemas agrarios .....	24
1.4 Os valados no marco normativo.....	25
<b>2 TIPOLOXÍAS TRADICIONAIS DE VALADOS EN GALICIA .....</b>	<b>28</b>
2.1 Metodoloxía .....	29
2.1.1 Base conceptual .....	29
2.1.2 Mostraxe de valados tradicionais .....	37
2.2 Caracterización das tipoloxías tradicionais .....	43
2.2.1 Valados conformados con materiais vexetais.....	44
2.2.2 Valados pétreos.....	46
2.2.3 Solucións mixtas .....	52
2.2.4 Campos abertos.....	54
2.2.5 Solucións singulares .....	55



2.2.6 Vaos nos valados .....	56
2.3 Valados característicos das comarcas paisaxísticas.....	60
<b>3 TENDENCIAS ACTUAIS .....</b>	<b>126</b>
3.1 Valados mixtos.....	128
3.1.1 Postes e arame .....	128
3.1.2 Mallas .....	128
3.2 Valados constituídos por muros .....	129
3.2.1 Muros de bloque de formigón.....	129
3.2.2 Muros de pedra tomada con armagasa.....	129
3.2.3 Muros de pastas de prancha de granito .....	129
3.2.4 Muros de perpiaño de granito con columnas .....	131
3.2.5 Muros de perpiaño irregular .....	131
3.2.6 Muros con mallas.....	131
3.3 Terras sen pechar .....	132
3.3.1 Sen límites marcados.....	132
3.3.2 Límites marcados con postes de formigón.....	132
3.3.3 Límites marcados con columnas de granito .....	132
3.4 Socalcos .....	133
3.5 Valados vexetais .....	133

<b>4 CONCEPTOS E CRITERIOS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.....</b>	<b>134</b>
4.1 Conceptos de integración paisaxística.....	135
4.1.1 Comprensión do carácter do lugar .....	138
4.1.2 Uso dos terreos e funcionalidade do valado .....	142
4.2 Criterios de integración paisaxística.....	143
4.2.1 Criterios finalistas.....	143
4.2.2 Criterios particulares .....	143
4.3 Modelos e propostas de valados .....	148
4.3.1 Novos materiais e tecnoloxías .....	148
4.3.2 Valados vexetais: sebes .....	153
<b>GLOSARIO.....</b>	<b>156</b>
<b>BIBLIOGRAFÍA.....</b>	<b>160</b>
<b>ANEXOS .....</b>	<b>164</b>
Anexo 1. Lexislación relativa ós valados .....	166
Anexo 2. Metodoloxía.....	178
Anexo 3. Tipoloxías de valados por comarcas.....	188
Anexo 4. Especies para sebes .....	204

P

PRESENTACIÓN

**A** paisaxe é un dos sinais de identidade do noso país porque é a resultante da nosa forma de vivir sobre o territorio. Por iso, é única e está en continua evolución.

Se nos preguntan que é aquilo que a fai diferente das paisaxes doutros lugares, sen dúbida, o imaxinario colectivo inclúe elementos como a choiva, a pedra, os ríos, as aldeas ou o verde, xa sexa dos prados ou dos bosques.

A heteroxeneidade das condicións naturais que estruturan a paisaxe de Galicia e dos diferentes contextos socioeconómicos e culturais, orixina unha gran diversidade de sistemas de organización agraria que, sen dúbida, se traduce nunha gran riqueza cultural e etnográfica. Entre os elementos que forman parte desta organización cómpre salientar as liñas estruturais que crean os valados por presentaren unha evidencia dos patróns antigos de organización dos asentamentos e do espazo agrícola.

Esta guía concíbese como un recurso complementario á “Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais” por canto procura a integración paisaxística dos valados como estruturas fundamentais das paisaxes rurais. Asemade, constitúe unha ferramenta que pretende contribuír ao éxito do mantemento e da dinamización da vida rural, sen entendela como un escenario meramente virtual, lembranza do pasado, senón como unha posibilidade viable na que os valados son estruturas útiles en explotacións vivas e integradas na súa contorna.

As tendencias actuais de peches estandarizados que prestan escasa atención ao contexto no que se insiren están a supoñer unha perda de coherencia e de identidade das paisaxes agrarias. Isto responde á propia razón de ser dos valados. Aínda que son estruturas sinxelas e aparentemente de baixo impacto, a estrutura territorial fragmentada, característica de Galicia, convérteos en construcións que están de forma frecuente na paisaxe, de aí o seu importante papel na configuración dunha paisaxe en harmonía.

En resposta a esta problemática, esta guía deséñase cunha dobre natureza. Por unha banda, supón a creación do que poderíamos denominar un catálogo dos valados tradicionais de Galicia que pretende poñer en valor este patrimonio herdado. Neste eido, o obxectivo foi identificar a relación das distintas tipoloxías co seu contorno, definindo os tipos existentes e caracterizándoos para descifrar as

claves do porqué de cada tipo e do como se construían, en función das condicións contextuais do lugar e do caso concreto da súa implantación.

En segundo termo, salienta a importancia da integración dos novos valados na paisaxe na que se insiren e procura o establecemento de conceptos e criterios de integración paisaxística mínimos, que axuden a trasladar ás necesidades e condicións actuais os modos de facer identitarios dos valados tradicionais.

En definitiva, esta obra nace cunha clara vocación divulgativa dos valores das formas de facer herdadas asociadas ós valados e pretende desvelar as claves interpretativas dunha adaptación máxima ás características do lugar. É por isto que os seus contidos teñen un carácter orientativo e didáctico e corresponde ós deseñadores e construtores de valados adaptalos ás súas características concretas e ás do seu contexto.

**Beatriz Mato Otero**

*Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio*

# 1

## INTRODUCCIÓN

## 1.1 CONTEXTO

O concepto de paisaxe vén definido polo Convenio Europeo como “calquera parte do territorio, tal e como é percibida polas poboacións, cuxo carácter resulta da acción de factores naturais e humanos e das súas interrelacións”. Esta definición recolle tanto a dimensión física como aquela que está asociada á percepción, á historia e á memoria.

É por isto que os traballos relacionados coa paisaxe deben abordar a análise dos elementos físicos e as súas dinámicas, así como os valores culturais ligados ás sociedades que ao longo do tempo ocuparon ese espazo.

A estrutura do territorio rural representa o marco da organización social e económica en todas as sociedades e constitúe un dos elementos básicos dunha paisaxe cultural. O valor destas paisaxes culturais vén recoñecido coa inclusión como categoría específica na lista do patrimonio mundial da UNESCO.

Na paisaxe rural identifícanse estruturas de épocas pasadas en elementos coma os valados ou padróns antigos de organización dos asentamentos e do espazo agrícola, que aínda hoxe persisten en moitos lugares na memoria colectiva local e na toponimia: “Unha paisaxe é en si mesma, memoria e herdanza de ambientes pretéritos” (Criado, 2016).

En Galicia o espazo rural estaba organizado de tal xeito que case non había anaco de terra que non cumprira unha función: as leiras, as cavadas, as contadas, a devesa, a touza, as cortiñas, os laneiros, as agras... e a aldea, onde as construcións campesiñas están mimetizadas co medio.

As estruturas visibles da paisaxe rural agochan estruturas moito máis profundas asentadas nas bases da sociedade.

Estas paisaxes agrarias presentan unha gran diversidade froito da adaptación ó medio do sistema de organización agraria e da integración en diferentes con-



Imaxe 1: Exemplo de valados tradicionais en Muxía, comarca de Costa da Morte. Autor: Hixinio Flores

textos sociais, económicos, históricos e culturais. Isto tradúcese nunha gran riqueza cultural e etnográfica apoiada en elementos que forman parte da paisaxe como son os hórreos e valados, entre outros.

Este feito foi recollido nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT): “O espazo rural presenta unha enorme diversidade paisaxística e funcional, resultante das diferenzas de base do medio natural e da secuencia histórica do aproveitamento que a sociedade levou a cabo sobre el. Esta ampla diversidade incrementa o seu valor ecolóxico e patrimonial, convertendo estas variables nun activo e nun recurso endógeno de interese estratéxico”.

O estudo da estrutura de “compartimentación” da paisaxe agrícola galega permite salientar a importancia das liñas estruturais que crean os valados (Imaxes 1 e 2), identificar os tipos existentes e clasificalos segundo as técnicas e materiais cos que tradicionalmente foron construídos, tomando como punto de partida os estudos existentes respecto desta temática.

A distribución xeográfica das diferentes tipoloxías definidas, referidas ás comarcas inseridas nas Grandes Areas Paisaxísticas, explica a súa relación coa paisaxe na que se insiren, cales son as súas leis construtivas, compositivas e funcionais, e cales eran os xeitos de facer de cada comarca e aldea.

As tendencias actuais de peches estandarizados, de pouca calidade material e construtiva, que prestan escasa atención ó contexto no que se insiren, están a modificar a paisaxe agrícola tradicional supoñendo unha perda de calidade e de identidade para a mesma. Segundo Nogué (2010): “Nos últimos tempos temos modificado o territorio como nunca antes tíñamos sido capaces de facer e, en xeral non supuxo unha mellora na calidade da paisaxe, senón máis ben o contrario. Asistimos a un serio empobrecemento paisaxístico que tirou boa parte da esencia das nosas paisaxes... A dispersión do espazo construído, xunto coa implantación de determinados equipamentos e infraestruturas pesadas, así como a xeneralización dunha arquitectura de baixa calidade estética, teñen xerado unhas paisaxes mediocres dominadas cada vez mais pola homexeneización e a banalización”.

Esa é a razón da oportunidade desta guía, que pretende poñer en valor o patrimonio herdado no que atinxe ós valados tradicionais, así como aportar recomendacións para a construción de novos valados integrados na paisaxe.



*Imaxe 2: Exemplo de valados tradicionais. Autor: Hixinio Flores*

## 1.2 OBXECTIVOS E ESTRUTURA DA GUÍA

O obxectivo fundamental desta guía é proporcionar os criterios de integración paisaxística, os contidos e os recursos necesarios para que a construción de novos valados e as posibles accións de mellora sobre os existentes se realicen de forma coherente coa paisaxe na que se insiren.

O documento céntrase nos valados para usos agropecuarios e forestais por seren a orixe e a causa dos valados tradicionais. Así, concíbese como un recurso complementario á “Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais” por canto procura a integración paisaxística dos valados como estruturas fundamentais das paisaxes culturais, pero en terreos de natureza rústica, segundo a terminoloxía urbanística.

Para o logro do obxectivo principal, a guía desenvolve dúas liñas de traballo que se poden trasladar a dous obxectivos específicos. Por unha banda, realízase unha caracterización dos valados tradicionais, ata chegar á identificación daqueles máis representativos de cada comarca paisaxística, á que se engade a análise das dinámicas e tendencias actuais. Por outra banda, inclúense conceptos e criterios e integración paisaxística que permitan acoutar aproximacións metodolóxicas para o tratamento dos valados por parte de técnicos especialistas, propietarios, produtores do sector primario ou calquera persoa interesada.

Os contidos estrutúranse en catro apartados principais:

- 1) Introducción
- 2) Tipoloxías de valados tradicionais
- 3) Tendencias actuais
- 4) Conceptos e criterios de integración paisaxística

O primeiro apartado dedicado á *Introdución*, amais dos contidos xa desenvolto de “Contexto” e “Obxectivos e estrutura da guía”, inclúe unha síntese do papel dos valados no sistema agrario galego e do seu tratamento no marco normativo.

O segundo apartado constitúe o que se podería considerar un *Catálogo de valados tradicionais de Galicia*. A través dunha metodoloxía, primeiro de revisión bibliográfica, comeza coa caracterización das tipoloxías tradicionais. Logo, fórmase unha análise multicriterio para a selección de puntos de mostraxe que permitan a identificación dos valados característicos de cada unha das 50 comarcas paisaxísticas das 12 grandes áreas paisaxísticas consideradas na Estratexia da paisaxe galega e no Catálogo das paisaxes de Galicia.

Este apartado convértese nun recurso de coñecemento e posta en valor dos valados de cada comarca que será de grande utilidade para levar á práctica os criterios de integración paisaxística.

O apartado dedicado ás *Tendencias* actuais identifica os resultados das principais dinámicas produtivas e económicas que están a modificar o deseño e tratamento dos valados na actualidade.

A función destes dous apartados é de divulgación do coñecemento das características e valores dos valados no sistema agrario e nas paisaxes rurais, tendo unha vocación didáctica.

O último apartado concentra os *Conceptos e criterios de integración paisaxística* que servirán de base metodolóxica para as actuacións sobre os valados. Os seus contidos teñen un carácter orientativo e didáctico e corresponde ós técnicos deseñadores e construtores de valados adaptalos ás súas características concretas e ás do seu contexto.

Acompañan a estes apartados principais, o glosario de termos, as referencias bibliográficas e os anexos correspondentes.



## 1.3 OS VALADOS NO COMPLEXO AGRARIO GALEGO

### 1.3.1 ESTRUTURAS AGRARIAS NO ESPAZO RURAL GALEGO

As condicións agronómicas determinan os cultivos propios de cada rexión, polo que no territorio galego atópanse variantes de considerable importancia.

Dentro desta heteroxeneidade agraria, unha característica común a toda a rexión foi tradicionalmente o policultivo. Tratábase dun sistema de aproveitamento tradicional baseado na utilización integral dos recursos do territorio, constituíndo un sistema ecoloxicamente eficiente que distinguía tres compoñentes (García Fernández, 1975): as terras de cultivo (*Ager*), os bosques (*Silva*) e o monte (*Saltus*).

O *Ager* organizábase segundo o tipo de cultivo; o bosque (*Silva*) era utilizado para obter madeira para a construción e leña para a cociña e o quecemento da casa; e o monte (*Saltus*) era indispensable como fonte para elaboración das camas do gando e abono para os cultivos.

Nos anos 60 o xeógrafo francés Abel Bouhier escribiu unha obra que, aínda hoxe, continúa a ser un referente esencial para comprender o sistema agrario galego: “La Galice”. Neste documento Bouhier explica como a paisaxe agraria galega se organizaba entorno ao val:

“Na zona inmediata á casa dispóñense uns pequenos campos de cultivo pechados denominados cortiñas, nas que se plantan legumes, hortalizas e froiteiras. Nun nivel máis baixo atópanse as agras (terras de labradío). Na zona de inferior pendente e nas áreas húmidas da marxe dos ríos, atópanse as terras de pasto para o gando. Por encima das casas atópase o bosque e o monte. Esta última zona é de particular importancia dentro do sistema agrario tradicional pois nela cultivábase o cereal mediante un sistema de estivadas, e sobre todo recollíase o toxo, que formaba parte, xunto cos excrementos do gando, do fertilizante orgánico que mantiña o rendemento das terras de traballo intensivo.”

Este sistema de aproveitamento tradicional do territorio existiu ate hai ben poucos anos. Segundo O’Flanagan (1996), “o legado monástico profundo e duradeiro constitúe en Galicia un dos principais períodos de configuración social, e de formación da paisaxe cultural rural” e “as agras derivan dos agrupamentos

territoriais e da organización social da Idade Media.”

Neste feito incide tamén Criado (2016), cando afirma que aquilo que coñecemos como paisaxe tradicional está asentado arredor do século XII, permanecendo ata a actual fase de transformación do rural, acelerada dende mediados dos anos 70 do pasado século mediante os procesos de modernización do campo, industrialización agraria e urbanización do rural.

Ata os anos 50, a ocupación do espazo estaba condicionada polo seu potencial agronómico, pero a partir da segunda metade do século XX no agro galego xurdiron importantes transformacións ligadas a diversos factores de carácter socioeconómico, como son o avellentamento e o despoboamento do medio rural, xunto a unha profunda transformación do sector agrario que pasou dun policultivo familiar de autoconsumo a un sistema de mercado, xunto co incremento da presión urbanística, sobre todo na zona litoral.

Todo isto levou a unha progresiva diminución da superficie cultivada, aumentando a extensión de prados, a de mato e, principalmente, a forestal.

A pesar destas transformacións, aínda persisten en moitos lugares do espazo rural galego as trazas da morfoloxía orixinal e os seus elementos estruturais, o que resulta relevante para a conservación e posta en valor daqueles elementos da paisaxe agraria tradicional que perduraron no tempo como testemuña da historia, formando parte do patrimonio cultural e da identidade territorial.

Abel Bouhier, definiu cinco tipos fundamentais de estruturas agrarias que aínda hoxe poden apreciarse no territorio rural galego:

- Agras
- Paisaxes cercadas, que denomina en *bocage*
- Extensos campos abertos situados no sueste de Ourense
- Cultivos en bancais e terrazas nos sectores costeiros
- Viñedos en socalcos nos canóns do Miño e do Sil

Identificou, ademais, zonas de transición entre as distintas formas de organización agraria con características comúns.

A estes tipos de estruturas agrarias definidas por Bouhier poderíase engadir a horta situada próxima á casa, denominada nalgunhas zonas como *cortiña*.

### 1.3.1.1 A agra ou agro

A agra ou agro constituía un conxunto de terras de cultivo cun valado perime-tral temporal (feito mediante acumulación de terróns, sebes de ramas de toxo e xesta entrelazadas) ou permanente (de pedra ou sebes arborizadas), divididas no seu interior en leiras abertas, cunha forma xeométrica rigorosa, xeralmente estreitas e longas, separadas mediante marcos (Imaxes 3 e 4).

Constituían a organización agraria máis estendida en Galicia, recibindo, segun-do as zonas, outras denominacións como veiga, vilar, estivada, praza, barbeito ou chousa, nomes que perduran na toponimia local. A súa extensión adoitaba estar relacionada co rango da aldea, polo que era moi variable, aínda que ficaba comprendida entre as dez e as doce hectáreas. O seu cultivo habitual alternaba o cereal co barbeito.

Accedíase ó interior da agra a través dunha cancela, e a partir de aquí, un camiño permitía o paso ás distintas parcelas. Despois da semente a agra se pechaba para evitar que o gando estragase os cultivos e volvíase a abrir na data da colleita.

Nas ordenanzas de Mondoñedo do ano 1503 establecíase a división e peche do espazo a cultivar en nove agras, coa excepción de hortas e viñedos que poderían cerrarse individualmente. Estas ordenanzas convíñan que os valados non fosen modificados e que cada propietario debería traballar no seu mantemento de xeito proporcional á súa propiedade, ademais de prohibir o acceso do gando mentres estivesen cultivadas. Este tipo de normas recollíanse en foros, ordenanzas municipais e maioritariamente en Galicia na transmisión oral (Saavedra, 1985).


No século XVIII a presenza de agras en Galicia aparece documentada con detalle no catastro de Ensenada. Bouhier considera que esta estrutura podería existir polo menos desde o século X, e ocuparía unha extensión significativamente maior (Imaxe 5).



Imaxe 3: Vista aérea comparada dunha Agra en Eixavedra (Meira), comarca de Terra Chá. Arriba: ortofoto do Voo americano (1956-57); abaixo: ortofoto do PNOA (2014)



Imaxe 4: Vista actual da Agra en Eixavedra (Meira), valado con sebe arborizada



Imaxe 5: Detalle da Agra de Balay no “Mapa de términos da feligresía de Santa María de Loureda, A Coruña”. Fonte: Arquivo da Real Cancillería de Valladolid

### 1.3.1.2 Paisaxes en bocage

As paisaxes en bocage, ou paisaxes pechadas, son paisaxes ligadas a un hábitat disperso formado por pequenas poboacións, onde o espazo agrícola ocupaba unha superficie reducida rodeada por grandes extensións de monte (Imaxe 6). Este espazo agrario do *bocage* artículase a través de multitude de camiños e o espazo cultivo compartiméntase en parcelas de forma irregular, separadas por muros, sebes, valados vexetais ou de arame.

Este tipo de organización permitía compatibilizar a gandería coa agricultura, ao poder manter o gando ceibe no interior das leiras cercadas (Imaxe 7).



Imaxe 6: Paisaxe en bocage na comarca de Serras Setentrionais



Imaxe 7: Vista aérea comparada do bocage en Muras (Muras), comarca de Serras Setentrionais. Arriba: ortofoto do Voo americano (1956); abaixo: ortofoto do PNOA (2014)

### 1.3.1.3 Campos abertos

Son grandes extensións abertas con superficies que abranguen desde 60 ata 600 hectáreas. As parcelas adoitan ter formas regulares e distribúense de xeito ordenado sobre o territorio. Destaca a súa presenza no sueste da provincia de Ourense, desde O Barco de Valdeorras cara ó norte, formando un arco arredor da Serra do Invernadoiro (Imaxes 8 e 9).



Imaxe 8: Vista de campos abertos na comarca de Baixa Limia



Imaxe 9: Vista aérea comparada dunha zona de campo aberto en Viana do Bolo, comarca de Terra do Bolo. Arriba: ortofoto do Voo americano (1956); abaixo: ortofoto do PNOA (2014)

#### 1.3.1.4 Cultivos en bancais e terrazas

O cultivo en bancais e terrazas é un sistema de cultivo que se desenvolve ó longo de case toda a costa occidental galega, nunha paisaxe de ladeira organizada nun desordenado conxunto de lombas que sustenta unha intrincada rede de bancais de pequena extensión.

Normalmente o terreo forma chanzos ou cae en lixeira pendente e as terrazas forman superficies chairas separadas por noiros. Nalgúns casos utilízanse socalcos ou muros de pedra e barro como elemento de contención (Imaxe 11).

Os bancais e terrazas son típicos das Rías Baixas, en xeral da costa occidental e da comarca administrativa das Mariñas (A Coruña) (Imaxe 12).

Segundo Bouhier, en Galicia pódense atopar catro tipos de bancais (Imaxe 10):


**Tipo 1.** *Pequenos bancais alongados e axustados en escamas de peixe* (primeira columna da Imaxe 10). Neste tipo de estruturas os bancais adoitan estar moi pegados uns a outros. Dos catro tipos, este é o de menor superficie, na maioría dos casos inferior a unha hectárea.

**Tipo 2.** *Bancais en longas tiras con trazado en zigzag dos ribazos*, dun nivel a outro, e que normalmente seguen as curvas de nivel. A súa superficie varía entre unha e tres hectáreas (segunda columna da Imaxe 10).

**Tipo 3.** *Bancais de aspecto reboludo* (terceira columna da Imaxe 10). Estes bancais caracterízanse porque a dimensión maior se dispón no sentido da pendente. Adoitan ter aspecto de paralelepípedo e son os que presentan unha maior superficie, de ata catro hectáreas.

**Tipo 4.** *Bancais de superficie moi variable, de forma irregular*, con ribazos sinuosos e en sucesións de aneis irregulares (cuarta columna da Imaxe 10). A superficie destes tamén é variable e adoita estar entre os 2000m<sup>2</sup> e as tres hectáreas. É un tipo de bancal máis rudo na súa construción e, polo xeral, atópase afastado dos lugares ou en puntos excéntricos das aldeas.

A altura dos ribazos varía en función da pendente pero non hai unha proporcionalidade rigorosa só unha altura límite de entre seis e oito metros.



Imaxe 10: Composición de imaxes para cada tipo de bancais: 1) esquema cun exemplo do tipo de bancal, fonte: Bouhier (2001); ortofoto do Voo americano (1956); ortofoto do PNOA (2014).  
 Primeira columna: Exemplo de bancais tipo 1 en Culleredo, comarca de Golfo Ártabro Interior. Segunda columna: Exemplo de bancais tipo 2 en Mugardos, comarca de Golfo Ártabro Litoral. Terceira columna: Exemplo de bancais tipo 3 en Abegondo, comarca de Golfo Ártabro Interior. Cuarta columna: exemplo de bancais tipo 4 en Miño, comarca de Golfo Ártabro Litoral



*Imaxe 11: Bancais en Arteixo, comarca de Arco Bergantiñán*



*Imaxe 13: Socalcos na comarca de Ribeira Sacra Silense*



*Imaxe 12: Bancais na comarca de Arco Bergantiñán. Fonte: POL Galicia*



*Imaxe 14: Socalcos na comarca de Ribeira Miñota*



Imaxe 15: Vista aérea comparada dunha zona de socalcos en Taboada, comarca de Ribeira Sacra Miñota. Arriba: ortofoto do Voo americano (1956); abaixo: ortofoto do PNOA (2014)

### 1.3.1.5 Viñedos en socalcos

O dicionario da Real Academia Galega define os socalcos como:

1. Cada un dos valados de pedra que serven para conter as terras de cultivo nos terreos moi pendentes.
2. Terra de cultivo contida por un valado de pedra nun terreo moi pendente.

Os socalcos conforman un tipo de paisaxe que reflicte o grande esforzo realizado polo ser humano para a transformación do monte en viñedo mediante unha serie de intervencións que evitan a destrución da capa vexetal da terra de cultivo. Este sistema, que se usa fundamentalmente para o cultivo da vide, tivo o seu auge na primeira metade do século XIX, coincidindo co esplendor da produción e comercialización do viño (Imaxes 13 e 14).

Estas plataformas agrícolas constitúen uns espazos arquitectónicos que, nalgúns zonas, acadan unha espectacular configuración e beleza. As ribeiras do Miño e do Sil, onde se combinan as muras dos socalcos coas videiras, e unha malla de rede de camiños e ramplas de comunicación, coas edificacións das adegas e lagares a carón das cepas, son un bo exemplo (Imaxe 15).

### 1.3.1.6 Cortiñas

As cortiñas son hortas de pequena extensión situadas nas terras de boa calidade, xeralmente localizadas arredor dos núcleos, na proximidade da casa. Eran cultivadas durante todo o ano con cultivos variados e adoitaban pecharse con muros de pedra.



### 1.3.2 OS VALADOS NOS SISTEMAS AGRARIOS

A riqueza tipolóxica de elementos construídos empregados tradicionalmente para delimitar unha parcela agraria no territorio rural galego maniféstase claramente na propia lingua, na que se atopa unha ampla variedade de substantivos que resultan máis ou menos utilizados segundo as diferentes comarcas. Así, pódese falar de *valado*, *valo*, *noiro*, *ribazo*, *ribada*, *gabia*, *cómaro*, *arredor*, *peche*, *sebe*... ademais daquelas tipoloxías referidas cun nome específico, tales como os *chanzos* en Lugo ou as *latas* nas Rías Baixas.

Na procura dunha nomenclatura xenérica que puidera acoller todos os tipos, indagouse en como foi recollido o termo nos diferentes dicionarios da lingua publicados dende o ano 1840. Como resulta, esta busca concluíu que o termo máis amplamente utilizado, que incorpora ademais máis variantes tipolóxicas, é o de VALADO:

- REGUERA PARDIÑAS, E. (1840-1858): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano*, ed. De J.L. Pensado.  
Valado: “*Vallado*”

- AGUIRRE, L. (1865): *Vocabulario gallego castellano*  
Valado: “*Vallado*”

- VALLADARES NUÑEZ, M. (1884): *Diccionario Gallego – Castellano*  
Valado: “*Valladar, vallado o cerco para defensa. Dícese comúnmente de los muros hechos de toda clase de piedra, sin cal, ni barro, y cuya altura suele ser de 8 o 10 cuartas. Sirven para el cerramiento y resguardo de terrenos, o bien para el sometimiento de tierras*”.

- PORTO REY, F. (1900): *Diccionario Gallego – Castellano*  
Valado: “*Conjunto de valos o murallas de una huerta o heredad. Vallado*”.

- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1926): *Vocabulario popular*  
Valado: “*Cercado, duba*”.

- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1928-1931): *Diccionario Galego-Castelán*, 2ª edición.  
Valado: “*Duba*”

- IBAÑEZ FERNANDEZ, J. (1950): *Diccionario galego da rima e galego castelán*.  
Valado: “*Duba*”

- 1951 CARRÉ ALVARELLOS, L. (1951): *Diccionario Galego-Castelán*, 3ª edición.  
Valado: “*Vallado, bardal*”

- RODRIGUEZ GONZALEZ, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego - castellano*. Galaxia.  
Valado: “*Vallado. Duba. Muro o tierra que divide propiedades*”.

- FRANCO GRANDE, X.L. (1972): *Diccionario Galego – Castelán 2ª edición*. Galaxia.  
Valado: “*Vallado, duba, muro de tierra que divide propiedades. Ribazo. Gavia*”.

- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1979): *Diccionario galego – castelán*. Moret. A Coruña.  
Valado: “*Vallado*”.

Etimoloxicamente *valado* deriva do latín *valla* (*vallum*=estaca): “valado ou estacada para defensa. Liña ou termino formado de estacas fincadas no chan ou táboas unidas para cerrar un sitio ou sinalalo” (Dicionario etimolóxico da Real Academia Española).

Actualmente o Dicionario da Real Academia Galega recolle o termo valado como:

“Construción vertical non moi alta, de pedra, arame, terróns ou outro material coa que se cerra ou delimita un espazo. Sin. Valo; cf. Cerca, cercado, cerrume, peche, sebe”.

Consoante coa diversidade lingüística e a heteroxeneidade na organización do espazo agrícola galego, existe unha ampla variedade nos tipos de delimitacións ou valados utilizados nos diferentes sistemas agrarios e neles empréganse todo

tipo de materiais existentes na contorna, desde muros de pedra con proporcións megalíticas ata simples ringleiras de postes, máis ou menos traballados, colocados de maneira descontinua.

A utilización do material local foi unha constante na construción dos valados. Isto, xunto co tipo de propiedade, a tradición construtiva da zona, a habilidade do construtor, a finalidade do peche e a situación económica da casa, outórgalles ós valados un aspecto diferente: cómaros, valos, turións, gabias, sebes, muros de granito, lousa ou xisto,... Todos estes tipos conforman unha mostra das múltiples solucións existentes, algunhas das cales constitúen valiosos exemplos de arquitectura popular e contribúen á valorización e estudo destas paisaxes culturais (Imaxe 16).

Gallego Jorreto (1975) recolle a función dos valados como moduladores das condicións espaciais:

“Estes elementos formais están en gran medida suxeitos aos materiais dispoñibles. Estes materiais danlles aos espazos unha calidade diferente. Deste xeito os peches das cortiñas dos campos feitos con lazas de lousa na provincia de Lugo, que delimitan o espazo coma coitelos ao longo dos lindes, contrapóñense ós muros de cachote con cumio a dúas augas, ou os de perpiaño, ou ben os de padia da provincia de Pontevedra, onde a verticalidade xúngueos máis cos elementos illados, e por suposto, a diferenza notábel cos valados, onde a masa vexetal unifica o espazo nun senso unitario.”



Imaxe 16: Exemplo de valado tradicional de xistos e lousas. Autor: Hixinio Flores

## 1.4 OS VALADOS NO MARCO NORMATIVO

A revisión da lexislación e dos instrumentos de planificación que atinxen ós valados no agro galego revelou a identificación de normas de distintos ámbitos de aplicación, tanto autonómicas como estatais, que se refiren ós mesmos desde enfoques moi diferentes.

Estes ámbitos de aplicación fan referencia ao patrimonio cultural, á ordenación do territorio, ao urbanismo, á paisaxe, á biodiversidade e o patrimonio natural, ao dominio público ou á súa utilización como elemento funcional, entre outros.

No Anexo 1 faise unha recompilación dos fragmentos normativos nos que se tratan os valados e peches. En liñas xerais o tratamento que estas normas realizan sobre os valados obedece a dous tipoloxías de efectos que estes adoitan presentar. Por unha banda, os valados tradicionais conformados ou colonizados por vexetais exercen unha función ecolóxica fundamental como zona de refuxio, de mellora da funcionalidade do ciclo hídrico e de regulación do clima; amais de constituír corredores ecolóxicos alí onde abundan. Por outra parte, na súa condición de peche ou cerramento, poden chegar a exercer un efecto barreira, tanto visual como para a biodiversidade, en función da súa localización e características. A continuación se resumen as consideracións que as normas identificadas realizan sobre os valados.

A lexislación de *patrimonio cultural* de Galicia achega un tratamento único ós valados, en tanto que recoñece os seus valores culturais a través da súa consideración como elemento funcional dos Camiños de Santiago e, especialmente, coa inclusión da técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial (Imaxe 17). Tamén inclúe condicións para os cerramentos no caso dos bens culturais específicos.

A normativa *urbanística galega* condiciona a construción de determinados tipos de valados a través das condicións de edificación en solo rústico. Concretamente, os cerramentos de fábrica non poderá superar os 1,5m de altura e deberán adaptarse ao medio. Amais, prohíbese a súa instalación nos lugares de paisaxe aberta ou natural ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, e se condiciona a distancia e o tipo de valado nas zonas de protección das vías de circulación.

Pola súa parte, a normativa de *reestruturación parcelaria* inclúe os valados como elementos de interese para a cartografía das bases de reestruturación parcelaria pública.

A *norma de protección do dominio público viario en Galicia* prohibe a instalación de peches non diáfanos ou de fábrica entre a estrada e a liña límite da edificación. A correspondente para o *dominio público marítimo-terrestre estatal* prohibe os cerramentos nos primeiros 20 metros da zona de servidume de protección, mentres que na norma galega se condiciona a instalación de valados na proporción restante desta zona. Así mesmo, contempla a autorización de cerrumes vencellados aos de concesións no dominio público marítimo-terrestre coas características que se determinen no título concesional. Respecto ao *dominio público hidráulico*, prohíbense os cerramentos e valados que non sexan permeables na zona de fluxo preferente dos terreos que se atopen en situación básica de solo rural, segundo a norma estatal correspondente.

No tócate aos instrumentos de ordenación do territorio, as *Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)* incorporan a necesidade de analizar os peches no estudo da paisaxe urbana. O *Plan de Ordenación do Litoral (POL)*, na súa regulación de usos específica, establece o seguinte para os valados: considéraos incompatibles na zona de protección intermareal; compatibles na zona de pro-

tección costeira, na Área de mellora ambiental e paisaxística, nos Corredores e nos Espazos de interese; permitidos na Área de Ordenación. Asemade, nas normas complementarias sobre Paisaxe incorpora criterios xerais de integración paisaxística que promoven o mantemento e recuperación dos peches dos terreos e a vexetación asociada a eles por se considerar pegadas valiosas. Amais, establece recomendacións para os peches nas áreas e sectores de actividade industrial e económica.

O *Plan director da Rede Natural 2000* de Galicia establece como un dos grupos de unidades ambientais o *UA500 Paisaxe rural tradicional*, que inclúe hábitats fundamentados en mosaicos rurais de carácter tradicional onde se atopan as tipoloxías tradicionais de valados. Así mesmo, na súa proposta de *Medidas de xestión*, incorpora a referencia aos valados en numerosas ocasións. En xeral estas medidas procuran, por unha parte, que non se eliminen as sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro polos seus beneficios sobre os hábitats e especies de interese comunitario; e, por outra, se condiciona a construción de valados para que estes non supoñan unha fragmentación dos hábitats e se fomenta o emprego de sebes con especies autóctonas para os novos valados e os espazos dispoñibles en infraestruturas e obras.



*Imaxe 17: Exemplo de valado de cachotería en xunta seca. Autor: Hixinio Flores*

# 2

## TIPOLOXÍAS TRADICIONAIS DE VALADOS EN GALICIA

## 2.1 METODOLOXÍA

O estudo das variedades tipolóxicas de valados tradicionais existentes en Galicia realízase atendendo a unha metodoloxía fundamentada no método científico de investigación.

Nun primeiro lugar, pártese da *análise dos estudos previos* realizados por diversos autores. Isto permite analizar e documentar exemplares referenciados que aínda se conservan e empregan no agro galego, así como establecer unha clasificación tipolóxica atendendo ó material co que foron construídos:

- Valados vexetais
- Valados pétreos (xisto ou granito)
- Valados mixtos de estaca e arame

A segunda fase supón o *deseño dunha mostraxe* para a realización de *campañas de traballo de campo* que permitan recoñecer os padróns tradicionais e estudar os tipos de valados que se realizaban en cada comarca, con que material se construían e a que finalidade se destinaban.

Para a mostraxe deseñase unha metodoloxía de análise da paisaxe de tipo multicriteiro e xeoespacial, co gallo de poder seleccionar aqueles puntos máis representativos para os valados tradicionais de cada comarca paisaxística. Os principais fitos desta metodoloxía recóllense neste apartado 2.1. Os detalles do seu desenvolvemento técnico figuran explicados no Anexo 2.

Como resulta deste traballo obtense unha ampla base de datos de valados tradicionais existentes en Galicia, na que se recollen as súas principais características en canto a materiais e formas, ademais do seu uso asociado e da súa relación co territorio no que se insiren.

O procesamento destes datos permite a identificación e caracterización das tipoloxías tradicionais de valados e a súa distribución en cada comarca. A partir da identificación destes padróns pásase de investigar o que se conserva a re-

coñecer as tendencias de cambio que están xurdindo e, finalmente, a propor directrices para a construción dos novos valados no espazo agrícola galego.


### 2.1.1 BASE CONCEPTUAL

Co fin de identificar e caracterizar as tipoloxías de valados predominantes segundo cada comarca paisaxística, propónse unha metodoloxía de análise da paisaxe baseada no estudo do seu carácter, LCA (*Landscape Character Assessment*), e fundamentada na identificación daquelas características que van determinar que unha paisaxe sexa diferente doutra, propoñendo unha análise en varias dimensións: biofísica, socioeconómica e cultural.


- *Dimensión biofísica (medio físico)*: estuda a xeomorfoloxía, prestando especial atención ó relevo e hidroloxía, así como á litoloxía, a cal vai condicionar a presenza do material pétreo na contorna próxima.
- *Dimensión socioeconómica (medio antrópico)*: a análise dos usos do solo a través da cartografía do Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE) e do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC), así como da cartografía histórica dos sistemas de organización agraria realizada por Abel Bouhier, explica como foi utilizado e como se está a utilizar actualmente o espazo agrario galego, como son as parcelas existentes e que tipo de uso predomina en cada comarca.
- *Dimensión humana e estética (cultural, identitaria e perceptual)*: o traballo de campo permite distinguir os diferentes modos de facer que caracterizan e singularizan a tradición construtiva das diferentes comarcas.

#### 2.1.1.1 Dimensión biofísica: análise do medio físico

A análise comeza coa identificación das formas do relevo usando técnicas e datos propios dos sistemas de información xeográfica, en concreto, técnicas de análise de modelos dixitais de elevacións orientadas cara a análise das formas do territorio. O modelo dixital de elevacións foi elaborado a partir dos datos LIDAR PNOA 2009-2010, cunha resolución de 25m, que foi a escollida para a análise.



Mapa 1: Formas do relevo segundo o índice TPI



- Anfibolitas
- Ecloxitas e granulitas
- Gabros
- Peridotitas e serpentinitas
- Granitoides calcoalcalinos
- Calizas, dolomias e magnesitas
- Granitoides alcalinos
- Rochas filonianas
- Gneises
- Lousas e cuarcitas
- Xistos e metavulcanitas
- Depósitos detríticos da idade cuaternaria
- Depósitos detríticos da idade terciaria
- Lugares de interese xeolóxico
- Rede de fracturación

Mapa 2: Litoloxía



En concreto empregouse o índice TPI (*Topographic Position Index*, Weiss, 2001), implementado no programa SAGA. O TPI avalía a posición topográfica relativa do punto central da área de análise como a diferenza de elevación do devandito punto e a elevación media dunha xanela flotante definida previamente, permitindo clasificar o terreo en diferentes unidades de relevo en base á súa posición de ladeira. Valores positivos de TPI indican que o punto central ocupa unha posición topográfica superior á media dos seus veciños, mentres que os valores negativos indican unha posición inferior.

Atendendo ó anteriormente descrito, clasifícase o territorio nas categorías de val, chaira, ladeira e cumio, tal e como se pode ollar na cartografía de formas do relevo resultante (Mapa 1). Estas categorías son coincidentes cos estadios da paisaxe cóncava que define Criado (2016).

Ao mesmo tempo analízase o tipo de litoloxía predominante en cada comarca, dividindo o territorio en dous grandes grupos litolóxicos: rochas de grá ou graníticas, e xistos e lousas. Este aspecto condiciona de maneira fundamental o tipo de valado e material utilizado en cada comarca (Mapa 2).

### 2.1.1.2 Dimensión socioeconómica: análise do medio antrópico

A análise do uso do solo resulta determinante para delimitar as zonas de potencial existencia e emprego de valados tradicionais. Como primeiro paso delimitáanse aquelas zonas intensamente transformadas, ben sexa pola presión urbanística sufrida nos últimos anos (isto dáse de maneira importante sobre todo nas comarcas costeiras e periurbanas), ben por estar afectadas por grandes infraestruturas ou por ser obxecto de repoboacións forestais que están a ocupar actualmente superficies tradicionalmente destinadas ó cultivo.


Pártese do feito de que nestas áreas intensamente transformadas non existen, salvo algún caso illado, valados tradicionais. Estas zonas transformadas identifícanse a partir das áreas clasificadas en SIOSE como: coberturas artificiais, coníferas, eucaliptos, eucaliptos e coníferas, instalacións deportivas, repoboacións forestais, sistemas xerais de transporte, zonas de extracción ou vertido e zonas urbanas (Mapa 3).

Nun segundo lugar, analízanse os datos de usos do espazo agrícola aportados tanto por SIXPAC como por SIOSE, co fin de definir varias categorías que axudaran a estratificar a mostraxe estatística. Deste xeito, a superficie non excluída por estar intensamente transformada foi clasificada en catro grandes grupos de uso (forestal, cultivos, pastos e viñado) con diferente potencial de conservación (Táboa 1 e Mapa 4).


Uso	Potencial de conservación
Forestal	Moi baixo
Froiteiro	Alto
Pasto con arborado	Alto
Pasto arbustivo	Medio
Pastizal	Alto
Terras arables	Alto
Horta	Alto
Viñado-froiteiro	Moi alto

Táboa 1: Potencial de conservación segundo os usos do solo

Outro factor que compre incorporar a esta análise socioeconómica e do medio antrópico é o modelo de organización agraria proposto por Abel Bouhier (2001), que a pesar de estar actualmente amplamente extinguido, é o que sustenta as tipoloxías tradicionais de valados, polo que estas estarán presentes máis frecuentemente alí onde se conserven estes modelos de organización agraria tradicionais (Mapa 5).




Mapa 3: Zonas intensamente transformadas



- Moi baixo: arboredo
- Medio: mato
- Alto: cultivo e prados
- Moi alto: viñedos
- Zonas intensamente transformadas
- Augas continentais

Mapa 4: Zonas de potencial conservación dos valados



- Bancais e terrazas (As Mariñas)
- Bancais e terrazas (Litoral Suroeste-Miño)
- Bancais e terrazas (Extremo Noroeste)
- Montañas Setentrionais ("Bocage")
- Agras (Territorios pechados con pequenas agras mesturadas)
- Agras (Zona Central)
- Agras (Montañas Orientales)
- Agras (Organización dobre: en agras e bancais/terrazas)
- Agras (Zona Sur-Oriental)
- Grandes "Openfields" do extremo Sur-Leste
- Viñas en terrazas

Mapa 5: Modelo de organización agraria. Fonte: Bouhier (2001)

### 2.1.1.3 Dimensión humana e estética (cultural e identitaria)

Os valados tradicionais estendidos polo territorio galego forman parte do patrimonio, e así son recoñecidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a cal indica na súa exposición de motivos:

“O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, xa que logo, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma lle pertence. O patrimonio cultural concíbese, pois, como alicerce de cohesión social e desenvolvemento sustentable”.

Patrimonio cultural é aquilo que se ten feito no pasado, que se ten herdado e que é parte da identidade histórica, formando parte da cultura local e da relación dunha comunidade co seu territorio. Segundo diversos autores o patrimonio é unha construción cultural que está sometida ós avatares e procesos temporais e espaciais, unha herdanza cultural colectiva e un recurso identitario.

Son trazos propios da cultura rural aqueles que se atopan na construción dos valados tradicionais: riqueza de tipos e variedade, funcionalidade, sobriedade, integración, valor da tradición e dispersión. Esta dimensión estética, cultural e dos xeitos de facer tradicionais (Imaxe 18) foi recollida mediante o traballo de campo, e vén a explicar porqué en cada zona se construía un determinado tipo de valados.



Imaxe 18: Exemplo de valado de chantos con xistos. Autor: Hixinio Flores

### 2.1.2 MOSTRAXE DE VALADOS TRADICIONAIS

Para identificar os valados tradicionais representativos de cada comarca paisaxística selecciónase en cada unha delas unha mostra constituída por un conxunto de puntos que recollen tanto zonas homoxéneas nas súas características biofísicas e socioeconómicas, como as particularidades e singularidades de cada comarca.

Nun primeiro lugar procédese á combinación das capas de información consideradas na base conceptual para as dimensións biofísica e socioeconómica: formas de relevo, litoloxía, zonas de potencial conservación e modelo de organización agraria de Bouhier. Esta combinación realízase mediante un Sistema de Información Xeográfica (SIX) e dá como resultado a delimitación de áreas homoxéneas (teselas) para os valores das catro áreas temáticas referidas.

A continuación fórmulase unha mostraxe aleatoria estratificada en cada comarca paisaxística para identificar un punto de forma aleatoria dentro de cada un dos tipos das áreas homoxéneas ou teselas.


Tras esta mostraxe aleatoria realízase un filtrado dos puntos mediante o recoñecemento da súa localización a través de fotografías aéreas e imaxes de satélite. Se no punto seleccionado inicialmente non é probable atopar valados, realízase un desprazamento dirixido dentro da tesela para a procura de potenciais localizacións con valados tradicionais. Posteriormente enriquecése a mostra mediante a incorporación de novos puntos seleccionados de modo dirixido, atendendo a consideracións de interese, proporcionalidade ou singularidade.

Como resultado analízase a información sobre valados tradicionais nun total de 5.156 localizacións distribuídas homoxeneamente por toda Galicia.

Unha vez filtrados e analizados os puntos, procédese ó traballo de campo e documéntanse 1.692 valados a través de fotografías e toma de datos relativos ó material co que foi construído, ó uso asociado, á disposición respecto da parcela, ó estado de conservación e ás súas dimensións, principalmente a altura. Estes puntos documentados figuran no Mapa 7 e se poden ver con algo máis de detalle no exemplo da comarca de A Mariña e Baixo Eo Litoral no Mapa 6.

No Anexo 2. Metodoloxía, descríbese o proceso cartográfico seguido e se recollen mostras dos datos documentados e procesados a través do exemplo da comarca paisaxística de Muros.


A continuación amósanse os datos dos principais resultados desta metodoloxía resumidos por grande área paisaxística (Figuras 1-4).



Mapa 6: Distribución de puntos de mostraxe na comarca A Mariña e Baixo Eo Litoral

### 1. SERRAS ORIENTAIS

- 1.1 Os Ancares – A Fonsagrada
- 1.2 O Courel, O Incio e Samos – Triacastela




#### TIPOLOXÍAS

- Árbores en aliñación
- Árbores formando sebes
- Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
- Valados de cachotería de Xisto
- Valados de chantos
- Valado mixtos de postes de madeira

Puntos de mostraxe analizados: **198**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **72**  
 Fotografías: **102**

### 2. SERRAS SURORIENTAIS

- 2.1 Terras de Trives
- 2.2 Terra do Bolo
- 2.3 A Gudiña – Riós



#### TIPOLOXÍAS

- Árbores en aliñación
- Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
- Valados de cachotería de Xisto
- Valados de chantos
- Valados de chantos reforzados con cachotería en seco
- Solcalcos e bancais
- Valado mixtos de postes de madeira

Puntos de mostraxe analizados: **335**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **79**  
 Fotografías: **94**

### 3. GALICIA CENTRAL

- 3.1 Terra de Ordes
- 3.2 Terra de Santiago – A Barcala
- 3.3 Terra de Melide – Arzuza
- 3.4 A Ulloa



#### TIPOLOXÍAS


- Árbores en aliñación
- Árbores formando sebes
- Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
- Valados de cachotería de Xisto
- Valados de chantos
- Valados de chantos reforzados con cachotería en seco
- Solcalcos e bancais
- Valado mixtos de postes petreos
- Valado mixtos de postes de madeira
- Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

Puntos de mostraxe analizados: **344**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **116**  
 Fotografías: **218**

Figura 1: Síntese dos resultados da metodoloxía aplicada para as Grandes áreas paisaxísticas 1, 2 e 3

**4. CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS**

- 4.1 Alto Arnoia
- 4.2 Alta Limia
- 4.3 Baixo Limia
- 4.4 Baixo Arnoia
- 4.5 Verín

**TIPOLOXÍAS**

Árbores en aliñación  
 Árbores formando sebes  
 Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
 Valados de cachotaría de xunta seca de granito  
 Valados de cachotaría de Xisto  
 Valado mixtos de postes petreos  
 Valado mixtos de postes de madeira  
 Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

Puntos de mostraxe analizados: **415**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **101**  
 Fotografías: **168**

**5. RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL**

- 5.1 Valdeorras
- 5.2 Ribeira Sacra Silense
- 5.3 Ribeira Sacra Miñota
- 5.4 Fosa de Ourense
- 5.5 Ribeiro

**TIPOLOXÍAS**

Árbores en aliñación  
 Árbores formando sebes  
 Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
 Valados de cachotaría de xunta seca de granito  
 Solcalcos e bancais  
 Valado mixtos de postes petreos  
 Valado mixtos de postes de madeira  
 Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

Puntos de mostraxe analizados: **669**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **206**  
 Fotografías: **362**

**6. COSTA SUR – BAIXO MIÑO**

- 6.1 Costa Sur – Baixo Miño Litoral
- 6.2 Baixo Miño Interior
- 6.3 O Condado – A Paradanta

**TIPOLOXÍAS**

Árbores en aliñación  
 Árbores formando sebes  
 Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
 Viña  
 Valados de cachotaría de xunta seca de granito  
 Valados de pastas de granito  
 Solcalcos e bancais  
 Valado mixtos de postes petreos  
 Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

Puntos de mostraxe analizados: **402**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **164**  
 Fotografías: **219**

Figura 2: Síntese dos resultados da metodoloxía aplicada para as Grandes áreas paisaxísticas 4, 5 e 6



## 7. GALICIA CENTRAL

- 7.1 Terra de Ordes
- 7.2 Terra de Santiago – A Barcala
- 7.3 Terra de Melide – Arzua
- 7.4 A Ulloa
- 7.5 Deza
- 7.6 Tabeirós
- 7.7 Terra de Montes – Alto Lézrez
- 7.8 O Carballiño

Puntos de mostraxe analizados: **849**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **284**  
 Fotografías: **388**




### TIPOLOXÍAS

Árbores en alinación  
 Árbores formando sebes  
 Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
 Viña  
 Valados de cachotería de xunta seca de granito  
 Valados de pastas de granito  
 Valados de chantos de granito  
 Valados de cachotería de Xisto  
 Valados de chantos  
 Valados de chantos reforzados con cachotería en seco  
 Solcalcos e bancais  
 Valados de cachotería con columnas intercaladas  
 Valado mixtos de postes petreos  
 Valado mixtos de postes de madeira  
 Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

## 8. RÍAS BAIXAS

- 8.1 Muros
- 8.2 Arousa – Baixo Ulla
- 8.3 Umia – O Salnés
- 8.4 Pontevedra
- 8.5 Baixo Lézrez
- 8.6 Vigo Litoral
- 8.7 Vigo Prelitoral

Puntos de mostraxe analizados: **650**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **319**  
 Fotografías: **437**




### TIPOLOXÍAS

Árbores en alinación  
 Árbores formando sebes  
 Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
 Viña  
 Valados de cachotería de xunta seca de granito  
 Valados de pastas de granito  
 Valados de chantos de granito  
 Solcalcos e bancais  
 Valados de cachotería con columnas intercaladas  
 Valado mixtos de postes petreos  
 Valado mixtos de postes de madeira  
 Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

## 9. CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

- 9.1 Arco Bergantiñán
- 9.2 Bergantiños
- 9.3 Costa da Morte
- 9.4 Terra de Soneira
- 9.5 Terra de Fisterra
- 9.6 Terra de Xallas

Puntos de mostraxe analizados: **463**  
 Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **137**  
 Fotografías: **181**




### TIPOLOXÍAS

Árbores en alinación  
 Árbores formando sebes  
 Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
 Valados de cachotería de xunta seca de granito  
 Valados de chantos de granito  
 Solcalcos e bancais  
 Valado mixtos de postes petreos  
 Valado mixtos de postes de madeira  
 Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

Figura 3: Síntese dos resultados da metodoloxía aplicada para as Grandes áreas paisaxísticas 7, 8 e 9

**10. GOLFO ÁRTABRO**

10.1 Golfo Ártabro Litoral  
10.2 Golfo Ártabro Interior




Puntos de mostraxe analizados: **254**  
Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **75**  
Fotografías: **97**

**TIPOLOXÍAS**

Árbores en alíñación  
Árbores formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Valados de cachotería de Xisto  
Valados de chantos  
Valados de chantos reforzados con cachotería en seco  
Solcalcos e bancais  
Valado mixto de postes petreos  
Valado mixto de postes de madeira  
Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

**11. GALICIA SETENTRIONAL**

11.1 Rías Altas Litorais  
11.2 Rías Altas Interior  
11.3 Serras e Fosas Setentrionais




Puntos de mostraxe analizados: **315**  
Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **82**  
Fotografías: **91**

**TIPOLOXÍAS**

Árbores en alíñación  
Árbores formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Valados de cachotería de Xisto  
Solcalcos e bancais  
Valado mixto de postes de madeira

**12. A MARIÑA – BAIXO EO**

12.1 A Mariña – Baixo Eo Litoral  
12.2 A Mariña – Baixo Eo Interior



Puntos de mostraxe analizados: **262**  
Puntos de mostraxe e puntos dirixidos documentados: **57**  
Fotografías: **107**

**TIPOLOXÍAS**

Árbores en alíñación  
Árbores formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Valados de cachotería de Xisto  
Valado mixto de postes de madeira  
Limites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

Figura 4: Síntese dos resultados da metodoloxía aplicada para as Grandes áreas paisaxísticas 10, 11 e 12



Mapa 7: Distribución dos puntos de mostraxe en Galicia

## 2.2 CARACTERIZACIÓN DAS TIPOLOXÍAS TRADICIONAIS

Diversos autores teñen estudado a variedade tipolóxica de valados situados no agro galego, e todos eles coinciden na súa clasificación tipolóxica baseada no material co que foron construídos.

A primeira referencia escrita a un estudo dos valados en Galicia aparece no ano 1962 en Historia de Galiza, dirixida por Ramón Otero Pedraio, publicada pola Editorial Nós en Buenos Aires. No Tomo II "O Home", escrito por Xaquín Lorenzo e titulado "Etnografía, cultura material", en concreto no capítulo II, "A Terra", o autor reflexiona sobre a materialidade dos valados e establece unha clasificación tipolóxica en función do material co que son construídos:

"O tipo máis corrente consiste nunha parediña de pedra de granito ou lousa e que admite unha gran variedade na súa estrutura, observándose un interesante paralelismo entre eles e as construcións citanienses, coma ocorre tamén nas casas".

O xeógrafo Abel Bouhier (1979), na súa obra "Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario", analiza a diversidade na construción dos valados, realizando unha exhaustiva análise e clasificación dos socalcos e bancais como parte fundamental da estrutura e organización do espazo agrícola galego:

"O espazo agrícola, ben en harmonía, ben en desacordo coa orografía do terreo, raramente é continuo en grandes extensións. A descontinuidade do territorio agrícola vén acompañada dunha evidente fragmentación do hábitat".

Posteriormente, Bas López (1983) publica "As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia":

"Os valados de granito espállanse por moitas zonas de Galicia; pódense observar de formas distintas: cachotes, perpiaño, etc.; ás veces aproveítanse grandes pedras naturais e vanse colocando outras máis pequenas, enchendo espazos ata forma-lo valado. Tamén hainos feitos con grandes laxes chantadas e apuntadas, intercaladas con outras pedras de cachotería; por veces mes-

túranse cachotes con perpiaños,... Estes valados están feitos con coidado, buscando sempre que as pedras queden seguras para que non se derrube".

Máis recentemente, Caamaño Suárez (2003) realiza unha recompilación do patrimonio etnográfico galego, nunha publicación do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos titulada "As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia", onde define as tipoloxías existentes facendo a mesma referencia á súa materialidade:

"O espazo agrícola de Galicia é moi variado. As formas de organización dos cultivos asentados nese espazo maniféstanse en socalcos, campos pechados deslindados por sebes ou cómaros, agras, asociación de terreos de cultivo cercados e divididos interiormente en parcelas abertas, extensas superficies nas que predominan as centeeiras".

A partires destes estudos, e tomando como referencia a clasificación tipolóxica realizada por Caamaño, pódense considerar tres categorías segundo o material co que foron construídos:

### 1. Valados conformados con materiais vexetais

#### 2. Valados pétreos:

- a) de granito
- b) de xisto
- c) socalcos

### 3. Solucións mixtas

A estas categorías cómpre engadir:

#### 4. Campos abertos, onde non se utilizan valados para delimitar as propiedades

#### 5. Solucións singulares, que non se encadran en ningún dos grandes grupos tipolóxicos pola súa singularidade

### 2.2.1 VALADOS CONFORMADOS CON MATERIAIS VEXETAIS

Os materiais vexetais son tradicionalmente usados para a conformación dos valados, tanto de xeito natural como modificados pola man do ser humano. Pódense atopar sebes de distintas alturas (feitos con árbores ou arbustos), silveiras, ou valos feitos con ramallos, estacas, etc.

#### a) Árbores en aliñación

Neste tipo de valados, sinálanse os límites das parcelas con árbores plantadas a distancias de entre 4 e 8 metros, formando aliñacións ó longo do valado (Imaxe 19). Poden ser realizados con árbores da mesma especie ou cunha mestura de especies. Destacan especialmente o uso do salgueiro (*Salix atrocinerea*) e do vimbio (*Salix viminalis*). O salgueiro emprégase en todas as comarcas e o vimbio principalmente nas comarcas viñateiras.

Son importantes tamén as especies frondosas de gran porte como o carballo (*Quercus robur*), o castiñeiro (*Castanea sativa*) ou o bidueiro (*Betula spp.*), así como especies perennes como o loureiro (*Laurus nobilis*) e o acivro (*Ilex aquifolium*).

En moitas ocasións as árbores combínanse con muros baixos de cachotería intercalados entre as árbores, noiros de terra, ou mixtos aramados nos que as propias árbores son empregadas como soporte dos tendidos de arame.

Existen ricos exemplos de este tipo de valado, algúns deles corresponden a antigas estruturas de delimitación das agras.

#### b) Árbores formando sebes

Trátase de aliñacións de árbores, plantadas moi próximas entre si, de forma que crean un peche continuo formando unha sebe densa (Imaxe 20).

Destaca especialmente o uso do vimbio (*Salix viminalis*), nas zonas onde se planta a viña. Ademais é moi empregado o loureiro (*Laurus nobilis*), e atópanse con frecuencia tamén sebes de ligustro (*Ligustrum ssp.*) ou bidueiro (*Betula spp.*)

#### c) Sebes espiñosas ou de vexetación espontánea

É moi frecuente que nas parcelas destinadas a cultivos non se utilicen valados construídos, deixando simplemente unha franxa no linde da parcela na que non se cultiva e onde se permite que medre vexetación espontánea. Nalgúns casos esta vexetación está constituída por silvas (*Rubus sp.*) mesturadas con outras especies, configurando sebes vexetais espiñosas, que se recortan a unha altura aproximada dun metro; noutros simplemente se permite que se desenvolvan especies herbáceas espontáneas (Imaxe 21).

No caso das sebes espiñosas, en ocasións axudáselles a medrar en altura colocando unha estrutura de estacas e arame, ou de estacas e varas horizontais, sobre a que medran silvas, que se manteñen recortadas.

Existen “falsos” peches vexetais, que non son máis que valados de pedra de baixa altura sobres os que medra a maleza. Como esta se roza sen chegar a despezar o valado, se forma unha sebe vexetal espiñenta.

#### d) Viña

Nas comarcas vitícolas un dos valados máis frecuentes é a viña. A viña plántase no perímetro das parcelas e condúcese habitualmente emparrada, apoiada en pes de granito de sección cadrada de aproximadamente 15 - 20 centímetros. A condución no plano vertical é menos frecuente e soe sosterse en estruturas de estacas e varas horizontais de madeira (Imaxe 22).

A altura sobre o chan varía segundo a zona. Nas zonas onde o viño madura ben a altura é baixa, entre 80 e 130 centímetros; mentres que nas terras de viño verde a altura varía entre 130 e 190 centímetros. Esta diferenza débese a que a maior altura de condución favorece unha menor acidez do viño.

É moi frecuente que o peche de viña vaia asociado ó socalco ou a muros de pedra en seco ou perpiaño con columnas. No frontal da finca apoiase frecuentemente sobre muros de pedra. Cando se cultiva en socalcos, os apoios de pedra da parra encástanse no muro do socalco.



Imaxe 19: Árbores en aliañión



Imaxe 21: Sebe de vexetación espontánea (á esquerda) e sebe de espiñosa (á dereita)



Imaxe 20: Árbores formando sebes



Imaxe 22: Viñas con condución no plano vertical e horizontal


## 2.2.2 VALADOS PÉTREOS

Son os valados máis utilizados tradicionalmente no espazo agrícola galego, constrúense co material pétreo existente no lugar, adoitan ser de granito ou de xisto e en ocasións xorden solucións mixtas. En liñas xerais, en Galicia oriental atópanse solucións en lousa ou pedra de xisto, mentres que na costa occidental os valados de pedra son construídos con granito.

Estes peches de pedra adoitan ter unha altura menor a un metro, aínda que ao carón das vivendas poidan acadar alturas algo maiores.

### 2.2.2.1 Valados de granito

Os valos de granito caracterizan boa parte da paisaxe agraria galega. A grande diversidade tipolóxica de valados construídos con granito ten a súa orixe na existencia de múltiples formas de aparición do material no medio, e na tradición local dos traballos da pedra (Imaxe 23). Segundo Lorenzo (1962), “O tipo máis corrente de muro, nas terras de gra, é unha parede feita con pedras que minguan de tamaño consonte van máis altas” (Imaxe 23).



Imaxe 23: Tipoloxías de valados de granito. Fonte: Lorenzo (1962)

### a) Valados de cachotería de xunta seca


Os muros de cachotería son os valados de pedra máis abundantes e esténdense por case todo o territorio galego. Segundo a natureza da rocha, pódense atopar superpostos cachotes ou perpiaño; e segundo a súa morfoloxía, pezas planas, bastas ou cantos rodados (Imaxe 24). Trátase, en xeral, de construcións de alta calidade tanto material como compositiva, onde as pedras colocados a oso, en seco, conforman valados con alturas entre 40 e 80cm nos muros baixos e entre 80 e 120cm nos altos.

Os muros de cachotería caracterízanse por pezas de pequeno tamaño, de 15 a 20cm., colocados tradicionalmente sen argamasa. Hoxe este tipo de valados de construción tradicional de xunta seca atópanse protexidos pola Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. A Consellería de Cultura vén de incluír no Censo do patrimonio cultural a técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial. Entre os motivos para esta inclusión destácase que a técnica tradicional da construción coa pedra en seco conforma un dos exemplos de técnicas, coñecementos e usos “máis relevantes” das formas de vida tradicional e da relación das comunidades co medio para a creación da súa paisaxe: “O coñecemento do material, o desenvolvemento dos procesos axeitados para a súa selección e transporte e a habilidade para a construción de estruturas estables e permanentes posúen unhas características propias e recoñecibles, ademais de posuír unha beleza estética propia do tectónico e o creativo”.

### b) Valados de pastas de granito

Estes valados están conformados por pastas de granito chantadas verticalmente no chan pola cara de menor lonxitude e espesor, colocadas a oso, formando un peche opaco.

As pastas son labradas en bruto polas seis caras, teñen forma rectangular e unha altura sobre o chan de entre 60 e 130cm, cun ancho de 30 a 40cm e un espesor de 12 a 14cm (Imaxe 25). Son valados típicos das Rías Baixas.



Imaxe 24: Valados de cachotería de xunta seca

Imaxe 25: Valados de pastas de granito



### c) Valados de perpiaño (cantaría) de granito

Estes valados están conformados mediante perpiaño de granito e soen empregarse pezas de 30cm de altura e entre 60 e 120cm de lonxitude. Estas pezas colócanse apoiadas sobre a cara de maior lonxitude e menor espesor de forma horizontal, ata unha altura duns 60cm sobre o chan aproximadamente (Imaxe 26).

O máis frecuente é que estes muros estean formados por dúas ringleiras de pedra, aínda que tamén os hai dunha ou tres ringleiras, cunha altura duns 30-40cm e 90cm, respectivamente.

De xeito habitual intercálanse columnas de granito labradas de sección cadrada de 20x20cm, fincadas no muro verticalmente cada tres ou catro metros, e que sobresaen uns 70cm por riba do muro. Entre estas columnas moitas veces o espazo queda libre; noutros casos colócanse arames, mallas metálicas, mallas téxtiles ou valos de cerraría.



Imaxe 26: Valado de perpiaño de granito

### d) Valados de chantos de granito


Son valados construídos mediante pezas planas de granito de forma poligonal e chantadas en ringleira sobre o seu lado estreito (Imaxe 27). Adoitan situarse nas divisorias laterais entre terreos e atópanse bos exemplos na comarca de Bergantiños e Terra de Soneira.



Imaxe 27: Valados de chantos de granito

### 2.2.2.2 Valados de xisto ou lousa

Segundo Lorenzo (1962): “Nas terras de lousa óllanse polo xeral os muros formados por lousas espetadas no chan, chantos, ben unhas en contacto con outras, ben separadas e recheos os ocios de pedras mais miúdas” (Imaxe 28).



Imaxe 28: Tipoloxía de valados de xisto e lousa. Fonte: Lorenzo (1962)

#### a) Valados de cachotería de Xisto

Son valados construídos con muros de lousas, máis ou menos grosas, e superpostas horizontalmente en seco, ás veces rematadas cunha fileira vertical ou inclinada (Imaxe 29).

Nalgunhas comarcas é frecuente intercalar nos valados de cachotería columnas verticais, cada tres ou catro metros, sobresaíndo uns 70cm sobre a cima do muro. Estas columnas adoitan ser de granito, de sección cadrada de 15cm; cando son de xisto, lousa, ou granito de sección rectangular, colócanse coa cara maior de forma transversal ou perpendicular o muro (Imaxe 30).

Estas columnas adoitaban facer de soporte do emparrado de viña que tamén pecha a finca. En poucos casos se colocan arames ou mallas metálicas entre os postes.



Imaxe 29: Valado de cachotería de xisto rematado cunha fileira vertical



Imaxe 30: Valado de cachotería de xisto con columnas verticais

### b) Valado de chantos

Estes valados son muros de chantos irregulares de xisto ou lousa, fincados verticalmente no chan, de xeito que se forma un peche opaco, cunha altura de entre 50 e 80cm na maioría dos casos. Os chantos soen ter un ancho de entre 40 e 100cm e unha altura de 60 a 100cm, con pequenos espesores (Imaxe 31).



Imaxe 31: Valados de chantos de xistos e lousas

### c) Valados de chantos reforzados con cachotería en seco

É moi frecuente que nos valados de chantos separados con recheo dos ocos de pedra miúda de xisto, os chantos se coloquen fincados verticalmente, de forma que a cara maior coincida lonxitudinalmente co muro (Imaxe 32). A altura dos muros así construídos varía entre os 70 e os 120cm.



Imaxe 32: Valados de chantos reforzados con cachotería en seco. Autor: Hixinio Flores

### 2.2.2.3 Socalcos

Aínda que non se trata exactamente dun tipo de valado, considérase oportuno incluír este tipo de construción estruturante do territorio, que se ancora a el e se constrúe coas mesmas leis coas que se construíron tradicionalmente os valados (Imaxe 33).

Boa parte do espazo agrario galego está constituído por terrazas en maior ou menor medida, de diferentes características, tipoloxía e dimensións, e situadas en localizacións dispares, xa sexa nos vales encaixados de fortes pendentes, xa en pequenos vales ou en ladeiras de escasa pendente.

Os socalcos foron construídos para combater a pendente dos terreos en ladeira, que constituía un obstáculo para o desenvolvemento dos cultivos, e para favorecer ademais o control da erosión. Máis da metade da superficie cultivada de Galicia está formada por bancais e socalcos. O número de socalcos e as súas dimensións vai ligado á pendente, sendo máis estreitos canto maior é esta, do mesmo xeito que o grado de fragmentación é maior no caso dos cultivos especializados. No Sil, por exemplo, pendentes de ata 45° foron acondicionadas mediante terrazas moi estreitas co fin de poder cultivar vides.

Os socalcos delimitan terras sen pechar ou pechadas, combinando os socalcos con valados mixtos de poste e arame. Os máis habituais son os socalcos con superficie grande e altura variable, en función da pendente, entre os 50 e os 200cm.

Bouhier distingue as terrazas de socalco, utilizando o termo socalco cando existe un muro de contención de terras. Na práctica común reciben un ou outro nome indistintamente, unha riqueza léxica que se ve incrementada pola nomenclatura utilizada en determinadas zonas como son: *socalcos*, *modarróns*, *muras*, *ribazos*, *cómaros*, *roleiros*, *patáns* ou *pataos*.

Segundo Caamaño (2003):

“Os socalcos conforman un tipo de paisaxe que reflicte o grande esforzo realizado polo home, quen transforma o monte en viñado e cunha serie de intervencións posteriores evita a destrución da capa vexetal da terra de cultivo. Este sistema é característico das áreas de viñado dos ribeiros ourensán e lucense (vales dos ríos Miño, Sil, Bibei, Xares, Tâmega...), aínda que tamén hai cultivos en socalcos nas áreas do Suroeste litoral e miñoto, as mariñas coruñesas e o extremo noroccidental.”




Imaxe 33: Socalcos para o cultivo de vide

## 2.2.3 SOLUCIÓNS MIXTAS

Cando cómpre un valado máis económico ou de tipo temporal xorden as solucións mixtas con grande riqueza de tipos: arbustos ou arames que enlazan con estacas ou con chantos (Imaxe 34). As estacas usadas tradicionalmente son de madeira ou pedra. Recentemente son utilizadas tamén pezas prismáticas de formigón ou postes metálicos.

Este tipo de valados coa súa variedade tipolóxica material (postes de madeira, metálicos, pedra ou formigón) atópase espallado por toda a xeografía galega sobre todo cando o uso asociado a ese espazo é o gandeiro (Imaxe 35).



Imaxe 34: Exemplos de tipoloxías de valados mixtos. Fonte: Lorenzo (1962)



Imaxe 35: Exemplos de valados mixtos

### 2.2.3.1 Valados mixtos de estacas de poste e arame

Trátase de valados asociados ás zonas gandeiras na súa meirande parte, en especial, naquelas nas que se empregan prados permanentes para pacer o gando. As alturas son variables entre 70 e 100cm para os valados baixos, e de 100 a 120cm para os máis altos. Entre postes colócanse tres ou catro tendidos de arame.

Están formados por estacas de madeira ou granito e varios tendidos de arames. As estacas son irregulares, empréganse ramas redondas de madeira pelada de diámetros entre 6 e 8cm para as estacas pequenas, e de 10 a 12cm de forma máis habitual; tamén son frecuentes as de seccións cadradas de 12 a 15cm (Imaxe 36).

Unha variante empregada nas terras de lousa é intercalar chantos e estacas, frecuente por exemplo na Ulloa.

Nos últimos anos, coa modernización da estrutura gandeira, estanse a utilizar tamén postes de formigón ou incluso metálicos, e máis recentemente postes calibrados de madeira tratada para exteriores, o que lle confire maior durabilidade.

### 2.2.3.2 Valados de madeira

Valados primixenios dos que quedan escasos exemplos na comarca do Caurel. Constrúanse con táboa de madeira duns 10cm de ancho colocada en vertical, e ancorada a outra táboa transversal (Imaxe 37).

Utilízase tamén este tipo de valo nas entradas do gando ós curros, aínda que nese caso o habitual é que as táboas se coloquen horizontalmente.



Imaxe 36: Exemplos de valados mixtos de estacas e arame

Imaxe 37: Exemplos de valados de madeira

## 2.2.4 CAMPOS ABERTOS

### 2.2.4.1 Sen límites aparentes

A orixe desta organización en campos abertos atópase no interior das agras, de maneira que as terras de cultivo non se pechaban alí onde non era preciso delimitar o terreo por protexelo do gando.

Hoxe existen moitas comarcas nas que as terras dedicadas a cultivos non se pechan. Normalmente isto sucede nas zonas onde predomina a agricultura sobre a gandería e tamén nas que a gandería é de carácter intensivo e o cultivo de forraxes desprazou os prados de dente. É habitual nestes casos que non se coloquen marcas visibles dos límites, salvo o marco situado nos vértices xeométricos da parcela.

Neste tipo de ordenación é frecuente que se deixe unha pequena franxa intermedia de terreo sen cultivar que se denominará arredor ou arró. Esta franxa sen cultivo servirá tamén para acceso ás parcelas.

Ás veces, sobre todo en terras de cultivo intensivo dos vales fértiles, cultívanse franxas alternado distintos cultivos, de forma que os límites están definidos; ou plántase entre dúas fincas un cultivo diferente ó principal, máis alto, que define o linde, como por exemplo unha ringleira de millo ou verzas (Imaxe 38).



Imaxe 38: Exemplo de campo aberto



Imaxe 39: Exemplo de chantos discontinuos

### 2.2.4.2 Límites marcados con chantos ou columnas de granito illadas

Chantos ou pezas de granito, xistos ou lousas, fincados verticalmente no terreo e formando un peche diáfano discontinuo, separados entre eles de 4 a 8m, deixando o espazo aberto entre eles (Imaxe 39). As dimensións son variables, ficando a altura entorno ós 70 e os 90cm.

### 2.2.4.3 Bancais

Nas ladeiras costeiras da provincia da Coruña e Pontevedra domina a paisaxe de bancais irregulares que se adaptan á topografía. Estes fragmentan o territorio domesticando as pendentes e facéndoas máis doadas ó traballo agrícola. Os noiros que xorden nos bancais son habitualmente colonizados con vexetación espontánea e definen os límites da propiedade (Imaxe 40).

### 2.2.4.4 Noiros, terra elevada

Acumulación de terra elevada que pode posteriormente ser vexetada con arbustos, árbores, ou simplemente con vexetación espontánea (Imaxe 41). Ás veces estas elevacións de terra son reforzadas interiormente con pedras.



Imaxe 40: Exemplo de bancais



Imaxe 41: Exemplos de noiros e terra elevada

## 2.2.5 SOLUCIÓNS SINGULARES

### Muros apiarios (alvares ou alvarizas)

O estudo xenérico dos muros apiarios de Galicia conta cunha longa tradición historiográfica, da que se poden salientar, principalmente, os traballos de Fritz Krüger (1947), Xaquín Lorenzo (1962), José Ramón Fernández (1978), Begoña

Bas (1980 e 1983), Pedro de Llano (1983), Manuel Caamaño (1999 e 2003) e Elíxio Rivas (2009).

Estes muros sitúanse nas serras orientais, nunha zona de substrato de xisto. Caracterízanse como estruturas pétreas con planta xeralmente circular ou ovalada, con considerable altura, sen teito, construídas con cachotería de pedra seca (Imaxe 42).

Bas (1980) refire a existencia de muros apiarios en varias zonas galegas: Lalín, Courel, Trevinca e Corme. A descrición que fai destas estruturas foi exposta nos seguintes termos:

“En xeral, están formadas por un muro duns dous metros de alto, circular ou ovalado, dentro do que se gardan as colmeas; constan dunha porta e a miúdo levan no cume unhas lousas para facer capeado; non están cubertas, sendo soamente o muro o único elemento que as forma. (...) As alvarizas están orientadas ó nacente ou ó mediodía, pois as abellas precisan sol para ter no interior unha temperatura alta”.



Imaxe 42: Exemplos de alvarizas



## 2.2.6 VAOS NOS VALADOS

Existen diferentes tipos de vaos ou aperturas nos valados, así figuran aqueles que serven de paso para o carro ou tractor, para o gando e para as persoas, ou tamén os que permiten o escoado da auga das regas. Estes pasos poden ser permanentes ou temporais.


### a) Vaos temporais ou portairos

Segundo Lorenzo (1962), os vaos temporais, “tamén chamadas portairos consisten na falla do muro nun treito de dous metros, alí o muro é substituído por unha parede de pedra miúda que se esborralla con facilidade e se refai axiña”.

Estes portairos permitían o acceso dos carros no tempo da colleita, o resto do ano permanecían pechados (Imaxe 43).

Tamén se utiliza o termo *portairo* para outro tipo de entrada, destinada só as persoas, que consiste nunha pequena escada construída con pezas que sobresaen do muro, a ambos os dous lados, permitindo pasar por riba do valado. Estes portairos tamén se utilizan para vencer o desnivel das arribadas.

Ás veces o portairo de carro consistía nun carrizo de varas tecidas arrimado no muro, ou nun bastidor de madeira que xira nun gonzo, ou nunha serie de estacas unidas mediante arame (Imaxe 44).



Imaxe 43: Tipoloxías de portairos: de pedra miúda (esquerda), tipo escada (centro), con carrizos (dereita). Fonte: Lorenzo (1962)




Imaxe 44: Exemplos de portairos

### b) Cancelas

Tradicionalmente o acceso a través de portas ou cancelas era pouco corrente.

As cancelas (Imaxe 45) adoitan ter diferentes tamaños que responden ó uso a que se dedican, podendo presentar diferentes tamaños segundo se deseñen para paso do gando ou para as persoas (Imaxe 48). Segundo o tamaño, varía tamén a estrutura. As máis estendidas son de táboa de madeira (Imaxe 46), ás veces con arame ou malla metálica (Imaxe 47). Outras, emprégase tamén o aceiro (Imaxe 49).

Por outra parte, aínda se poden atopar naqueles portairos ou cancelas máis antigos interesantes canzorros e bisagras hoxe xa en desuso e practicamente desaparecidos (Imaxe 50).



Imaxe 45: Tipoloxías de cancelas. Fonte: Lorenzo (1962)



Imaxe 46: Exemplos de cancelas de madeira

Imaxe 47: Exemplos de cancelas de madeira con arame



Imaxe 48: Exemplos de cancelas de diferente tamaño

Imaxe 49: Exemplos de cancelas de aceiro



Imaxe 50: Exemplo de canzorro tradicional

### c) Outros vaos

Os vaos construídos nos valados de pedra para permitir o paso da auga dunha propiedade a outra fanse a través dun arco de descarga que permite a continuidade do valado (Imaxe 51).



Imaxe 51: Vaos construídos para permitir o paso da auga. Autor: Hixinio Flores (primeira fotografía)

## 2.3 VALADOS CARACTERÍSTICOS DAS COMARCAS PAISAXÍSTICAS

O proceso metodolóxico desenvolto permite chegar á identificación e caracterización das tipoloxías tradicionais de valados e da súa distribución en cada unha das 50 comarcas paisaxísticas que constitúen as 12 grandes áreas paisaxísticas (GAP) de Galicia. Estas delimitacións (Mapa 8) tiveron lugar no ano 2012, no marco dos traballos da Estratexia da paisaxe galega.

Neste apartado preséntase a distribución das tipoloxías tradicionais de valados en cada unha das comarcas con diferentes formas de aproximación:

Nun primeiro lugar amósase unha táboa resumo (Táboas 2 e 3) onde se identifican para cada comarca paisaxística as tipoloxías de peches tradicionais máis representativos.

A continuación desenvólvese unha ficha practicamente para cada comarca paisaxística na que se inclúe a seguinte información:

- Breve descrición xeral da comarca, empregando como fonte principal o Catálogo das paisaxes de Galicia.
- Modelo de organización agraria dominante. A fonte para esta información reside nas clasificacións de Bouhier sobre *Distribución dos eidos, bancais e socalcos e da Organización dos eidos* (2001).
- Referencias ó substrato rochoso dominante, no seu caso, a partir do mapa de litoloxía de Galicia.
- Identificación dos tipos de valados característicos, así como outros tipos presentes, resultado da metodoloxía empregada.
- Descrición dos tipos de valados característicos, a partires da información recollida e procesada do traballo de campo.
- Material fotográfico ilustrativo dos tipos de valados característicos.

Finalmente, no Anexo 3 preséntanse os resultados á inversa: para cada unha das 15 tipoloxías tradicionais de valados se realiza unha breve descrición e se indican as comarcas onde son características. Acompáñase igualmente de fotografías ilustrativas.



Mapa 8: Grandes áreas e comarcas paisaxísticas

COMARCA PAISAXÍSTICA	VALADOS VEXETAIS				VALADOS DE PEDRA								SOLUCIÓNS MIXTAS		CAMPOS ABERTOS
	Árbores en aliñación	Árbores formando sebes	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea	Viña	Valados de granito			Valados de xisto			Socalcos	Valados de cachotaría con columnas intercambiáveis	Valados mixtos de postes pétreos	Valados mixtos de postes de madeira	Límites marcados con chantos ou columnas pétreas
					Valados de cachotaría de xunta seca	Valados de pastas de granito	Valados de chantas de granito	Valados de cachotaría de xistos	Valados de chantos	Valados de chantos reforzados de cachotaría					
<b>1 Serras orientais</b>															
1.1 Os Amcares – A Fonsagrada															
1.2 O Courel, O Incio e Samos – Triacastela															
<b>2 Serras surorientais</b>															
2.1 Terras de Trives															
2.2 Terra do Bolo															
2.3 A Gudiña – Riós															
<b>3 Chairas e fosas luguesas</b>															
3.1 A terra Chá															
3.2 Lugo															
3.3 Sarria – Terra de Lemos															
3.4 Terra de Chantada															
<b>4 Chairas e fosas e serras ourensás</b>															
4.1 Alto Arnoia															
4.2 Alto Limia															
4.3 Baixo Limia															
4.4 Baixo Arnoia															
4.5 Verín															
<b>5 Riberas encaixadas do Miño e do Sil</b>															
5.1 Valdeorras															
5.2 Ribeira Sacra Silense															
5.3 Ribeira Saxra Miñota															
5.4 Fosa de Ourense															
5.5 Ribeiro															
<b>6 A costa sur – Baixo Miño</b>															
6.1 Costa Sur – Baixo Miño Litoral															
6.2 Baixo Miño Interior															
6.3 O Condado – A Paradanta	POUCO	POUCO	POUCO												
<b>7 Galicia central</b>															
7.1 Terra de Ordes					POUCO			POUCO							
7.2 Terra de Santiago – A Barcala															
7.3 Terra de melide – Arzua				SUR-ULLA							Sur-Ulla				
7.4 A Ulloa															
7.5 Deza															
7.6 Tabeirós										CANDÁN					
7.7 Terra de Montes – Alto Lézrez											POUCO				
7.8 O Carballiño				LESTE		POUCO					POUCO				

Táboa 2: Distribución das tipoloxías de valados tradicionais por comarca paisaxística (GAP 1-7)

COMARCA PAISAXÍSTICA	VALADOS VEGETAIS				VALADOS DE PEDRA								SOLUCIÓNS MIXTAS		CAMPOS ABERTOS
	Árbores en aliñación	Árbores formando sebes	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea	Viña	Valados de granito			Valados de xisto			Socalcos	Valados de cachotaría con columnas intercambiabes	Valados mixtos de postes pétreos	Valados mixtos de postes de madeira	Límites marcados con chantos ou columnas pétreas
					Valados de cachotaría de xunta seca	Valados de pastas de granito	Valados de chantos de granito	Valados de cachotaría de xistos	Valados de chantos	Valados de chantos reforzados de cachotaría					
<b>8 Rías Baixas</b>															
8.1 Muros	ZONA ALTA						POUCO				COSTA			ZONA ALTA	
8.2 Arousa Baixo Ulla															
8.3 Umia – O Salnés											POUCO				
8.4 Pontevedra						POUCO									
8.5 Baixo Lérez		POUCO	POUCO	POUCO									MÁIS	MENOS	
8.6 Vigo Litoral											POUCO				
8.7 Vigo Prelitoral				OESTE			POUCO								
<b>9 Chairas e fosas occidentais</b>															
9.1 Arco Bergantiñán															
9.2 Bergantiños															
9.3 Costa da Morte															
9.4 Terra de Soneira															
9.5 Terra de Fisterra															
9.6 Terra de Xallas															
<b>10 Golfo Ártabro</b>															
10.1 Golfo Ártabro Litoral															
10.2 Golfo Ártabro Interior															
<b>11 Galicia setentrional</b>															
11.1 Rías Altas Litorais															
11.2 Rías Altas Interior															
11.3 Serra e Fosas Setentrionais															
<b>12 A Mariña Baixo Eo</b>															
12.1 A Mariña – Baixo Eo Litoral								CUARCITA							
12.2 A Mariña – Baixo Eo Interior															

Táboa 3: Distribución das tipoloxías de valados tradicionais por comarca paisaxística (GAP 8-12)



## 1 SERRAS ORIENTAIS

### 1.1. OS ANCARES E A FONSAGRADA

### 1.2. O COUREL, O INCIO E SAMOS – TRIACASTELA

Trátase dun espazo de montaña con vales encaixados formados principalmente pola acción fluvial dos ríos Lor e Sil, glaciár e periglaciár. O espazo agrario orgánizase en pequenas propiedades correspondendo, en xeral, as grandes extensións a terreos comunais. Consérvanse nas zonas de maior pendente retallos de bosque atlántico caducifolio.

A zona está a sufrir unha grave perda demográfica co conseguinte abandono do espazo agrícola.

Os valados que dominan a paisaxe na comarca son os valados de xisto, de cantos irregulares, colocados uns enriba doutros sen argamasa. Adoitan situarse nas terras de ladeira e nas hortas ou cortiñas próximas ós núcleos.

Nas terras do val, onde paze o gando, é frecuente o emprego de valados de táboa de madeira ou mixtos de estaca natural de madeira con dous ou tres tendidos de arame.

#### Valados característicos

Cachotería de xisto  
Táboa de madeira  
Mixtos de estaca de madeira e arame

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Chantos de xisto



Imaxe c2: Valado de táboa de madeira



Imaxe c3: Valado mixto de estacas de madeira e arame



Imaxe c1: Valado de cachotería de xisto

## 2 SERRAS SURORIENTAIS

### 2.1. TERRA DE TRIVES

Esta comarca conta con espazos por riba dos 1000m, ao igual que as dúas comarcas anteriores. A topografía abrupta, de solos raquíuticos nos cumios, vese colonizada de matogueiras. As masas forestais colonizan os vales menos accesibles.

O río Sil constitúe o curso fluvial que xerarquiza as concas hidrográficas da Terra de Trives. Pola súa parte, a densidade poboacional é baixa, con núcleos de poboación de reducido tamaño en poboación e número.

Ó noroeste da comarca prodúcese un importante descenso de altitude, xurdindo zonas de fondo dos vales onde se alternan pasteiros e cultivos, articulados mediante árbores en aliañación, frecuentemente castiñeiros. Ás veces o espazo entre castiñeiros péchase cun valado de pedra de xisto no que se alternan cachotes de tamaños moi diversos.



Imaxe c5: Valado conformado por castiñeiros en aliañación

Valados característicos	Outros valados presentes
Árbores en aliañación (castiñeiros) Cachotería de xisto	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea Socalcos Mixtos de postes de madeira



Imaxe c4: Valados de cachotería de xisto con castiñeiros

## 2 SERRAS SURORIENTAIS

### 2.2. TERRA DO BOLO

Esta comarca abrangue algunhas das maiores altitudes de toda a comunidade: os macizos de Pena Trevinca, a Serra do Eixe e a Serra Calva contan con altitudes que superan os 2000m.

Dominan a paisaxe os relevos abruptos de considerable pendente con profundos e angostos vales. Abondan as formas periglaciais que se manifestan en forma de pedregais, derrubas estratificadas, bloques,...

A distribución da poboación é de carácter concentrado. Ó redor das aldeas predominan os campos de cultivos e os pasteiros, antano labrados de cereal de inverno. Existen tamén importantes extensións de monte comunal.

Asociados ós importantes relevos sitúanse os socalcos viñateiros, con maior ou menor amplitude en función da inclinación da ladeira.

Nas chairas altas, onde se asenta o gando, figuran interesantes exemplos de valados de lousa formados por chantos con reforzo de cachotería, ás veces estes valados delimitan o espazo destinado ó gando, e noutros casos aparecen asociados ós soutos.



Imaxe c7: Valados de chanto de lousa con reforzo de cachotería

Valados característicos	Outros valados presentes
Socalcos	Árbores en aliñación
Chantos reforzados con cachotería de xisto	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
	Cachotería con xisto
	Mixtos de postes de madeira



Imaxe c6: Socalcos viñateiros

## 2 SERRAS SURORIENTAIS

### 2.3. A GUDIÑA - RIÓS

A paisaxe desta comarca áchase compartimentada, con diversidade de formas e unha importante incisión fluvial. Os vales fluviaís, de profundo encaixamento, como os do Bibei e Camba, acollen bosques de ribeira.

O abandono da agricultura nos últimos 30 anos propiciou a extensión de xestas brancas que lle dan ao monte un aspecto peculiar na primavera.

Na construción dos valados maniféstase a importancia da presenza do material no lugar. Así, nas ladeiras e zonas altas existen numerosos e interesantes exemplos de valados de cachote de xisto, formados por grandes pezas, ás veces con pedra miúda intercalada. Mentres que nos vales amplos destinados a pastos gandeiros, os peches constrúense con estacas de madeira que se obteñen da mesma contorna, con dous ou tres tendidos de arame. Ás veces o tendido é un pastor eléctrico.



Imaxe c9: Valado mixto de estaca de madeira e arame

Valados característicos	Outros valados presentes
Chantos reforzados con cachotería de xisto	Árbores en aliñación
Mixtos de estaca de madeira e arame	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
	Cachotería de xisto



Imaxe c8: Valado de chantos de xisto reforzado con cachotería

### 3 CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

#### 3.1. A TERRA CHÁ

Na ampla superficie da Terra Chá a topografía dominante e uniforme é a chaira, con pequenos resaltes no seu perímetro. Son as terras do nacemento do Miño, dun discorrer manso e sinuoso, de empozamento, onde se atopan grandes superficies de agras, dedicadas a pasteiros, que alternan con terras de cultivo e espazos de monte.

Perduran interesantes exemplos de estruturas de agras, pechadas mediante sebes arborizadas cun noiro, ou elevación de terra na súa base. Este tipo de valados constitúe auténticas illas de biodiversidade, aporta sombra e frescor ós camiños, e son moi ricos para a percepción.

O valado tradicional característico da comarca da Terra Chá é o dos chantos de lousa, con formas máis ou menos regulares e alturas entorno ós 60cm.

Valados característicos	Outros valados presentes
Chantos de lousa Árbores formando sebes	Árbores en aliñación Mixtos de postes de madeira Chantos ou columnas pétreas diáfanas



Imaxe c11: Valado de chantos de lousa

Imaxe c12: Valado de chantos de lousa



Imaxe c10: Valado conformado por sebes arbóreas

### 3 CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

#### 3.2. LUGO

A pesar de se incluír en grande parte na meseta de Lugo, os bordos montañosos no oeste e no leste, o progresivo encaixamento do río Miño coa súa vexetación de ribeira no Sur, e a presenza da Área urbana de Lugo, entre outras, confirenlle unha elevada heteroxeneidade paisaxística.

Nas zonas altas, caracterizadas por cumios redondeados e suaves, as pendentes non son fortes. Dominan aquí as carballeiras, quedando situadas as aldeas próximas ás zonas de contacto coa chaira. Nesta, predominan as praderías alternando co monte e o bosque.

Ó sur da comarca prodúcese o encaixamento do Miño, ocupando as ladeiras de solaina o cultivo da vide en socalcos.

O tipo de pedra de xisto existente na contorna, e a mestría do canteiro van configurar diferentes tipos de muros de cachotería con múltiples composicións e tonalidades.

Outro tipo de valado de pedra moi característico da comarca de Lugo é o valado de chantos de lousa, ou lousa con tramos de reforzo de cachotería de xisto.

Valados característicos	Outros valados presentes
Cachotería de xisto	Árbores en aliñación e formando sebes
Chantos de lousa	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
Chantos reforzados con cachotería de xisto	Mixtos de postes pétreos e de madeira
Socalcos	



Imaxe c14: Valado de chantos de lousa

Imaxe c15: Detalle dun valado de cachotería de xisto



Imaxe c13: Valado de cachotería de xisto

### 3 CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

#### 3.3. SARRIA – TERRA DE LEMOS

A comarca presenta unha morfoloxía achantada e de vales, caracterizada por fosas ou bloques afundidos.

A paisaxe de chaira está dominada polo núcleo de Monforte, en concreto polo cerro de San Vicente, coroado polo conxunto monumental de San Vicente do Pino.

As estruturas de agras con amplas extensións de cereais e froitos artículanse pola rede fluvial dos ríos Sarria e Cabe coa súa vexetación de ribeira e polo modelo de asentamento.

A modernización das instalacións gandeiras, con volumes de estabulación moi superiores ós das antigas edificacións, aproveitará moitas veces esa situación para desenvolverse, sen grandes transformacións, intercalada na estrutura anterior, a carón das construcións máis antigas.

Tanto a Serra do Páramo como as restantes elevacións montañosas que delimitan a parte aplanada do concello de Sarria, presentan un relevo constantemente variado e fragmentado a medida que se inicia o ascenso. Aquí o modelo de poboamento vólvese a fundamentar nos pequenos lugares, constituídos por un número reducido de explotacións familiares, claramente identificables pola súa ocupación individualizada do territorio e formando estruturas de ámbito parroquial que coexisten con núcleos rurais agregados onde a topografía vai tornándose máis condicionante.

Por Bóveda o dinamismo da orografía volve a determinar agregacións de tipo polinuclear máis espalladas e a media ladeira, reservando as terras baixas de cultivo, o mesmo que acontece nas veigas da Pobra de Brollón.

As características gandeiras e agrícolas da comarca determinan a existencia de valados de pedra en chantos, mixtos e vexetais. Sendo os máis empregados aqueles que serven para delimitar o gando. Así, atópanse exemplos abondosos de poste e arame ou poste e malla.

#### Valados característicos

Mixtos de postes pétreos e de madeira  
Chantos de lousa

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea



Imaxe c16: Valado de cachotería de xisto



Imaxe c17: Valado de chantos de xisto con malla

### 3 CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

#### 3.4. TERRA DE CHANTADA

A depresión de Chantada ten a súa orixe na erosión que propiciou que os sedimentos se localizasen nas valgadas e compuxesen un solo rico en materiais detríticos que presenta un gran potencial agrícola.

Estas boas condicións favoreceron o asentamento da poboación, que nesta comarca acada a maior densidade da zona.

Abondan os cultivos forraxeiros e grandes pastos, froito da riqueza gandeira. Pola súa parte leste, debido ao contacto co tramo encaixado do río Miño, racha bruscamente a horizontalidade. Xorden así os socalcos dedicados á viña, como estruturas de ladeira.

Os valados de xisto, característicos da comarca, adoitan ter pequenas alturas, e remátanse en ocasións cunha ringleira de pedras colocadas verticalmente.



Imaxe c19: Valado de cachotería de xisto cunha última ringleira de pedras colocadas verticalmente

Valados característicos	Outros valados presentes
Cachotería de xisto Socalcos	Árbores en aliñación e formando sebes Sebes espiñosas ou vexetación espontánea Mixtos de postes pétreos e de madeira



Imaxe c18: Socalcos de viña



## 4 CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

### 4.1. ALTO ARNOIA

Esta comarca, xunto coa do Baixo Arnoia, encádrase na conca do río Arnoia, situado na transición do val do Miño ás serras centrais ourensás que culminan en Manzaneda.

Trátase de vales formados por mosaicos de prados e pasteiros que alternan con cultivos, interrompidos puntualmente por sebes naturais e polos núcleos de poboación.

As serras que bordean a comarca posúen unha grande riqueza cromática que varía segundo a estación do ano.

Esta comarca caracterízase por unha certa homoxeneidade nos seus valados, xa que na súa meirande parte figuran peches realizados con bolos de pedra de distintas alturas. Nalgúns casos, debido á súa baixa altura, cando a parcela alberga animais no seu interior, refórzanse con valados mixtos de madeira e arame ou pastor eléctrico.

Noutros exemplos a estrutura construtiva é de maior envergadura e os valados contan con contrafortes, do mesmo material que o propio valado.



Imaxe c21: Reforzo de madeira e arame Imaxe c22: Valado de cachotería de xisto

Valados característicos	Outros valados presentes
Cachotería de granito	Árbores en aliñación
Mixtos de postes de madeira	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
	Mixtos de postes pétreos



Imaxe c20: Valado de cachotería de xisto con contrafortes

## 4 CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

### 4.2. ALTA LIMIA

A Alta Limia ten como unidade morfolóxica principal a depresión da Limia de orixe tectónica, que presenta o aspecto dunha gran chaira totalmente plana, a 620m sobre o nivel do mar. Comprende a bacía do río Limia, na que antano se inscribía a hoxe desecada Lagoa de Antela. En contraste, a restante superficie, periférica, está adscrita a diferentes cordais cuxa altitude media supera os 1.000m.

É unha comarca eminentemente rural e na chaira formada pola depresión é onde se produce o gran desenvolvemento agrario do cultivo da pataca.

A estrutura agraria dominante é a de campos abertos para os agrosistemas intensivos e extensivos, sen construción de valados. Nas zonas de ladeira aínda se atopan algúns exemplos de valados pétreos, construídos con cachotería de granito con alturas de ata 70cm.



Imaxe c24: Valado de cachotería de granito

Valados característicos	Outros valados presentes
Campos abertos, sen límites Cachotería de xunta seca de granito	Árbores en aliñación e formando sebes Sebes espiñosas ou vexetación espontánea



Imaxe c23: Campos abertos, sen valados

## 4 CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

### 4.3. BAIXA LIMIA

As terras da Baixa Limia ocupan o último tramo do río Limia antes de entrar en Portugal. O seu relevo é moi accidentado e o curso do río encáixase entre as elevacións, que no sur constitúen a Serra do Xurés, un macizo granítico de fortes pendentes pero con altitudes moderadas, que ten o seu teito no Pico da Nevosa (1.548m).

A estrutura agraria desta comarca caracterízase polos campos abertos con valados naturais, sen interrupcións na paisaxe. Na súa maior parte están constituídos por un valado de sebe vexetal tanto arbóreo como arbustivo que nun primeiro momento puido ser espontáneo e que grazas ó seu manexo proporciona a funcionalidade dun peche.

#### Valados característicos

Árbores formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Campos abertos

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación  
Cachotería de xunta seca de granito



Imaxe c25: Valado conformado por sebes de vexetación natural

## 4 CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

### 4.4. BAIXO ARNOIA

Baixo Arnoia vaise organizando de xeito gradual dende zonas de vales e achandadas setentrionais cara ao curso do Miño ata áreas de maior altitude, como son os relevos meridionais xa na fronteira con Portugal. As serras do Laboreiro e do Aguillón achegan as maiores alturas (Pena Rubia con 1.232m e Lombas da Pena da Edra con 1.025m).

Como resulta desenvólvense estruturas produtivas diferenciadas. Por unha parte, nos vales do Arnoia e do Deva, próximo ó Ribeiro, merecen especial atención o cultivo da vide en socalcos. Por outra banda, o tras dós montes de Laboreiro, presenta ladeiras cubertas con variados mantos vexetais: carballeiras, fragas, uces e xestas.

Nesta comarca as parcelas adoitan ter dimensións maiores á media galega. É unha comarca cunha importante gandería o que inflúe na organización dos valados, que soen ser mixtos de poste e arame para gardar o gando.

Os valados tradicionais de cachotería de granito adoitan situarse no fronte das parcelas cara ó camiño. Resulta moi utilizado o valado de postes de madeira ou granito fincados no chan, colocados unicamente nas esquinas cando se trata de leiras pequenas, e espallados en ringleira cando aumentan as dimensións da parcela. Nos terreos de viña, estes postes chantados serven de soporte para a mesma, e a súa distancia coincide co marco de plantación das cepas.



Imaxe c28: Valado de cachotería de granito no fronte das parcelas

#### Valados característicos

Límites marcados con columnas pétreas  
Mixtos de postes pétreos e de madeira  
Cachotería de xunta seca de granito

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Socalcos



Imaxe c27: Valado de cachotería de granito



Imaxe c26: Exemplo de parcela de gran tamaño con valado de vexetación espontánea

## 4 CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

### 4.5. VERÍN

A comarca está asentada nunha fosa de orixe tectónica, coñecida como val de Monterrei, que ten continuidade, polo sur, ata Chaves (Portugal) e que se atopa rodeada por numerosas elevacións montañosas.

É atravesada polo río Támega, que actúa de vertebrador territorial. Conforma ademais un corredor de frondosas na súa beira, xerando áreas húmidas de notable diversidade biolóxica de influencia mediterránea, propiciada polo cordón montañoso circundante.

A topografía suave e achairada permite amplas áreas de cultivos en pasteiros propios dunha comarca con alto peso da gandería.

Nestas zonas gandeiras o espazo achairado é continuo, non existen valados pétreos, nin sebes altas. Así, se constrúen valos de poste e arame para cerra-lo gando, e cando non é preciso cerralo, simplemente se deixan unhas franxas de vexetación espontánea nun arredor ou arró, que constitúe o elemento delimitador.

Valados característicos	Outros valados presentes
Mixtos de postes pétreos e de madeira Sebes espiñosas ou vexetación espontánea Límites marcados por columnas pétreas	Cachotería de xunta seca de granito



Imaxe c30: Valado de cachotería de granito



Imaxe c31: Valado mixto de madeira e malla



Imaxe c29: Valado mixto de postes de madeira e arame

## 5 RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

### 5.1. VALDEORRAS

O territorio de Valdeorras corresponde ao contorno do val do Sil dende a súa entrada na provincia de Ourense. A extensa fosa ou plataforma de veiga sitúase no centro da comarca onde o río discorre paseniño. Despois das terras luguesas de Quiroga o río volta encaixarse en terreos de lousa e xisto. Son zonas de baixas densidades de poboación.

A paisaxe agraria mostra un predominio dos prados e pasteiros, antano cultivados de cereal de inverno. Ó redor das aldeas aínda se atopan parcelas de cultivos e pastos, así como os soutos de castiñeiros.

Os valados máis empregados son os mixtos de poste e arame.

A maior parte dos valados de pedra atópanse derruídos, sen proceso de rehabilitación ou no seu defecto transformados mediante a adición superior dunha estrutura de formigón e malla metálica.



Imaxe c33: Valado de cachotería de granito derruído Imaxe c34: Valado mixto de madeira e arame

Valados característicos	Outros valados presentes
Mixtos de postes de madeira Límites marcados por columnas pétreas	Árbores en aliñación Sebes espiñosas ou vexetación espontánea Cachotería de xunta seca de granito



Imaxe c32: Valados mixto de postes de madeira e arame

## 5 RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

### 5.2. RIBEIRA SACRA SILENSE

A formación dos vales encaixados débese ao transcurso do río Sil, que se tivo que encaixar nun sistema continuado de fallas e liñas de ruptura para atopar a estabilidade do perfil.

Destacan os impresionantes socalcos construídos para o cultivo da vide nas vertentes que presentan unha forte verticalidade.

Os socalcos construídos con cachotería de xisto teñen forma irregular e soen acadar unha altura media entre 0.70m-1m.

Os asentamentos sitúanse nas zonas de chaira próximas ás zonas de encaixamento, e os valados continúan a ser de pedra de cachotería de xisto, colocadas unhas sobre outras sen argamasa. O valado conta cunha sección ancha no pe, que diminúe en anchura conforme se eleva.



Imaxe c36: Valado de cachotería de xisto

#### Valados característicos

Socalcos de xisto  
Cachotería de xunta seca de xisto

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Valados mixtos de postes de madeira



Imaxe c35: Socalcos de xisto no val do Sil

## 5 RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

### 5.3. RIBEIRA SACRA MIÑOTA

O río Miño, condicionado polos encoros de Belesar e Os Peares, sofre un forte encaixamento sobre materiais xistosos, o que dá lugar a unha morfoloxía de forte desequilibrio e grandes pendentes.

Caracterízase a paisaxe pola presenza de socalcos construídos con cachotería de xisto, regulares en forma e tamaño para o cultivo principalmente da viña, pero tamén son usados estes socalcos para cultivos hortícolas.

Os valados construídos en pedra ocupan sempre unha posición frontal da parcela, no caso de existir un valado perimetral, este está construído con madeira natural e arame.

#### Valados característicos

Socalcos  
Mixtos de postes de madeira  
Cachotería de xunta seca de xisto

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea



Imaxe c38: Valado mixto de poste de madeira e arame Imaxe c39: Socalcos para cultivos hortícolas



Imaxe c37: Socalcos de xisto para o cultivo da vide



## 5 RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

### 5.4. FOSA DE OURENSE

A depresión ourensá comeza polo norte no concello de Esgos, na fosa de Maceda, que se caracteriza por ter unha altitude media de 500m. Esta depresión é sucada polo curso medio do río Miño e ten unha pluviometría superior á zona ourensá, por iso abundan os cultivos da pataca e o millo.

O tecido agrario outórgalle o carácter á paisaxe. Predominan os prados nas chairas, o labradío nas ladeiras de pouca pendente, e o cultivo da vide nos lugares escarpados e ben soleados. O cultivo tradicional baseábase nos pastos para o gando e o policultivo de millo, pataca, etc. Inclúe asemade os vales encaixados do Miño, nos concellos de Barbadás, Nogueira de Ramuín, Ourense, Pereiro de Aguiar, A Peroxa e Toén, orixinando unha das paisaxes máis atractivas de Galicia, caracterizada pola súa verticalidade e morfoloxía abrupta.

Abundan os valados de pedra de cachote en muros e socalcos, pero tamén se atopan postes de granito ou marcos que se dispoñen nas esquinas das propiedades. Nestes casos, empréganse os postes de granito cando a propiedade é relativamente pequena, ou a certa distancia uns doutros cando a superficie da leira aumenta. Nos terreos de viña, estes postes chantados soen empregarse tamén como titores da propia vide. Pola súa banda, os postes de madeira son frecuentes en zonas de viñado ou en leiras de dimensións significativas. Colócanse entre postes de granito e acostuman ser de tipo natural sen unha sección definida.

A forma máis habitual de delimitar a propiedade cara as vías que lle dan acceso é a través de valados de pedra, en xeral están formados por cachotería de granito. Aínda que figuran exemplos significativos nos que se emprega perpiaño. Este tipo de construcións de fábrica máis coidada aparecen asociadas a propiedades do clero ou de pequenos nobres.

#### Valados característicos

Socalcos  
Cachotería de xunta seca de granito  
Límites marcados por columnas pétreas e naturais

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Mixtos de postes pétreos e de madeira



Imaxe c41: Valado de poste de madeira (marco para a vide) Imaxe c42: Valado de cachotería de granito



Imaxe c40: Valado de cachotería de granito

## 5 RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

### 5.5. O RIBEIRO

Terra de forte personalidade histórica e unha das zonas de maior produción vitícola de Galicia. A comarca configúrase ó redor dos principais eixos fluviais, o Miño e o Avia, e o cordón montañoso da Dorsal Meridiana.

As zonas máis baixas, con pendentes suaves, contan co viñado como gran protagonista, disposto a modo de bancais cubrindo extensas áreas.

O policultivo tradicional foi desprazado polas cada vez maiores extensións de prados e polas repoboacións de piñeiro.

O material predominante é o granito configurando muros de cachotería e socalcos. Abundan tamén os postes de granito fincados, xa que é común que sexan utilizados como soporte da vide.

#### Valados característicos

Socalcos  
Mixtos de postes de madeira  
Cachotería de xunta seca de granito

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea



Imaxe c43: Socalcos para o cultivo da vide



Imaxe c44: Valado de perpiaño de granito

Imaxe c45: Valado mixto de postes pétreos



Imaxe c46: Valados de cachotería de granito

## 6 COSTA SUR – BAIXO MIÑO

### 6.1. COSTA SUR – BAIXO MIÑO LITORAL

Comprende a área litoral desde Oia a Santa Tegra (A Guarda) dominada polas serras prelitorais seguindo a dirección norte-sur, así como o val formado polo río Miño no seu último tramo antes de chegar ao mar. Trátase dun val de fondo plano relativamente extenso dedicado á agricultura na súa meirande parte. Segundo a clasificación de Bouhier, organízase en pequenos *openfields* de tipo atlántico. A frecuencia de cada tipoloxía de valado varía xeograficamente:

- Na zona leste (Tui), son máis frecuentes os peches pétreos e os perímetros de viñado emparrado.
- Na zona central (Tomiño, O Rosal), na planicie asociada o val do río Miño, o máis habitual son campos abertos, aínda que moitas veces se emprega a alternancia de cultivo – viña, de xeito que diferenza as parcelas; ou tamén a separación con bancais, que se constrúen si existe unha mínima pendente.
- Na franxa atlántica (A Guarda, O Rosal, Oia), predominan os muros pétreos de cachotería que protexe o cultivo do vento mareiro. Tamén son comúns os socalcos de cachotería.

Nos peches de pastas de granito, estas son labradas de forma bruta polas seis caras, cunha sección rectangular de 12-14cm de grosor, 30-40cm de ancho e altura sobre o chan de 60 a 130cm.

Valados característicos	Outros valados presentes
Vexetais de viña Cachotería de xunta seca de granito Pastas de granito	Socalcos Mixtos de postes pétreos



Imaxe c48: Campo aberto con separación de Imaxe c49: Valado de pastas de granito cultivo-viña



Imaxe c47: Estrutura agraria con valados de cachotería de granito na fronte litoral de Oia.  
Fonte: POL Galicia.

6 COSTA SUR – BAIXO MIÑO

6.2. BAIXO MIÑO INTERIOR

Espazo dominado polo conxunto dos vales dos afluentes do Miño e os seus interfluvios.

Predomina o agrosistema intensivo, destacando entre as súas alternativas a dedicada á plantación forestal, seguida do mosaico agroforestal. Nas veigas dos vales, nas ribeiras e nas ladeiras baixas, onde a humidade está sempre presente, localízanse os prados.

A forma de peche predominante é o peche vexetal. No perímetro das parcelas plántanse viña, tanto nas zonas de val, como nas de ladeira. Esta se conduce emparrada, apoiada en pes de granito de sección cadrada de 12-14cm e altura de 100-150cm.

Nas áreas de ladeira fórmanse socialcos, sendo esta unha técnica dominante na comarca, de forma máis importante no oeste e norte. Os bancais sostéñense con muros de cachotería de granito ou en noiros de terra. Algúns de nova construción son de perpiaño de granito de anchos e altos irregulares de 30–70 x 100–200cm, colocados intercalando tizóns para a suxeición do muro.

Tamén son habituais os peches altos de pastas de granito. As pastas son labradas de forma bruta polas seis caras, son de 12-14cm de grosor, 30-40cm de ancho e altura sobre o chan de 60 a 130cm.

Valados característicos	Outros valados presentes
Vexetais de viña Pastas de granito Socialcos	Cachotería de xunta seca de granito Límites marcados con chantos ou columnas pétreas



Imaxe c51: Valado de pastas de granito



Imaxe c52: Valado vexetal con viña



Imaxe c50: Valados vexetais con viña

## 6 COSTA SUR – BAIXO MIÑO

### 6.3. O CONDADO – A PARADANTA (1)

O relevo da comarca artículase ao redor de tres unidades morfolóxicas ben diferenciadas. Por unha parte, no extremo sur aséntase o amplo val do río Miño, mentres que ó norte e leste prodúcese unha serie de elevacións montañosas que enmarcan o territorio comarcal. O espazo central acolle os vales dos ríos Tea e outros menores que verten as súas augas ó Miño.

Dominan a paisaxe os vales relativamente abertos, que presentan ladeiras contrastadas de avesío e solaina, e fondos planos máis ou menos extensos dedicados á agricultura.

A parte sur e sueste é unha zona agrícola marcada pola influencia vitícola e o río Miño. Está composta polos concellos de Pontearreas, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo e Crecente. Nesta área predominan os peches vexetais formados por viñado emparrado; os muros de cachotería, habitualmente en socalcos; e os límites formados por postes de granito. Tamén figuran exemplos de peches pétreos de perpiaño e pastas de granito verticais, máis frecuentes cara Salceda e Tui. As pastas son labradas de forma bruta polas seis caras, son de 12-14cm de grosor, 30-40cm de ancho e altura sobre o chan de 60 a 130cm.

O norte ten un carácter influenciado pola gandería extensiva e inclúe os concellos de Mondariz Balneario, Mondariz, Covelo e A Cañiza. Nas zonas altas de Mondariz as paisaxes do poboamento tradicional dedicábanse ó cultivo do cereal, nas zonas máis favorables, ó mato.

Nesta zona norte as fincas péchanse con estacas de madeira e arame, ou con muros de cachotería. Igualmente é frecuente delimitar as leiras con viña emparrada. Os socalcos son menos habituais que no Sur.

Nesta comarca utilízanse, nalgunhas ocasións, postes de granito chantados verticalmente, que deixan espazo libre duns tres metros entre si. Estes postes teñen de forma habitual seccións cadradas de 15 a 20 centímetros, e unha altura sobre o chan de aproximadamente un metro. Entre os postes non se colocan arames de modo xeral.

Valados característicos (sur)	Valados característicos (norte)
Vexetais de viña	Cachotería de xunta seca de granito
Socalcos	Mixtos de postes pétreos e de madeira
Pastas de granito	Límites marcados con columnas pétreas



Imaxe c53: Valado de perpiaño (primeiro plano) e mixto con postes pétreos e viña (perímetro dereito)

6 COSTA SUR – BAIXO MIÑO

6.3. O CONDADO – A PARADANTA (2)

Valados característicos (sur)	Valados característicos (norte)
Vexetais de viña	Cachotería de xunta seca de granito
Socalcos	Mixtos de postes pétreos e de madeira
Pastas de granito	Límites marcados con columnas pétreas



Imaxe c54: Valado de cachotería de granito



Imaxe c55: Valado de pastas de granito



Imaxe c56: Valado de perpiaño (primeiro plano) e mixto con postes pétreos e viña (perímetro dereito)



Imaxe c57: Límites marcados por columnas de granito



Imaxe c58: Valados vexetais de viña



Imaxe c59: Valados vexetais de viña emparrada

## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.1. TERRA DE ORDES

O val do Tambre abarca a practica totalidade da comarca de Ordes. Identifícanse diferenzas no modelo de ocupación entre o corredor de comunicación central e o resto da comarca, debido á existencia de dinámicas moi diferenciadas. Así, o trazado das principais vías de comunicación norte-sur fixo que o territorio influenciado mudase o seu carácter cun maior grado de urbanización. O resto da comarca forma parte do altiplano basculado cara ó sur que separa esta comarca da do Xallas e presenta un carácter máis rural.

As favorables condicións para o desenvolvemento da agricultura débense á existencia de numerosos ríos e regatos, os cales conservan a súa vexetación de ribeira. Son os espazos de fondo de val os que concentran un espazo de agras destinado a labradío e pastos.

As terras de cultivo están constituídas por parcelas de tamaño medio a grande. En xeral non existe ningún tipo de valado separador entre elas ou os límites están marcados por aliñacións de árbores nas que se emprega habitualmente o salgueiro. Existen tamén valados realizados con aliñacións de frondosas de gran porte como o carballo, castiñeiro ou bidueiro. Con grane probabilidade estas son pegadas da estrutura de agras que ocupou noutro tempo este espazo agrario.

Cando as terras están pechadas, o valado adoita realizarse con postes (de madeira ou formigón) e arame, menos frecuentemente de malla.

#### Valados característicos

Árbores en aliñación e formando sebes  
Mixtos de postes de madeira

#### Outros valados presentes

Cachotería de xunta seca de granito  
Cachotería de xisto



Imaxe c61: Valado de árbores en aliñación



Imaxe c62: Valado mixto de madeira e arame



Imaxe c60: Campo aberto sen valados

## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.2. TERRA DE SANTIAGO – A BARCALA

As concas dos ríos Tambre (ó norte) e Ulla (ó sur) enmarcan esta comarca. O conxunto do territorio organizase arredor dos tres cursos principais: os dous mencionados e o Sar, tributario do río Ulla, que conforma o val da Maía. A morfoloxía característica é a correspondente aos vales de suave orografía. Estes vales gozan dunha abundosa vexetación de ribeira.

As coberturas maioritarias responden ó mosaico agroforestal, aínda que, ao sur do río Tambre, o desenvolvemento da Área urbana de Santiago propicia un aumento dos usos de dinámica urbana.

Nesta área predominaron as grandes agras, e a gandería de vacún. Cultívase de forma xeral forraxe en toda a comarca, e as parcelas adoitan ser campos abertos, sen valados.

Cando as terras teñen valados, principalmente por mor do gando, predominan os peches mixtos de postes de formigón e arame.

No oeste pódense atopar valados de cachotería e postes de granito delimitando as fincas. Nesta zona e no sueste son tamén habituais os peches de viña e os socialcos.

#### Valados característicos

Vexetais de viña e socialcos  
Mixtos de postes pétreos e de formigón  
Cachotería de xunta seca de granito

#### Outros valados presentes

Cachotería con columnas intercaladas  
Límites marcados con columnas pétreas



Imaxe c64: Valado de cachotería de granito



Imaxe c65: Valado mixto de formigón e arame



Imaxe c63: Campo aberto sen valados



## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.3. TERRA DE MELIDE – ARZÚA (1)

A orografía desta comarca presenta un carácter accidentado debido a que dúas das súas unidades morfolóxicas se corresponden con serras, con cumios de ata 800m nas formacións do leste (Cova da Serpe, Corno do Boi e Careón) e do norte (Montes do Bocelo).

A terceira unidade, cara o Oeste e o Sur, descende en altitude coa consecvente formación de vales que se abren cara o río Ulla. Nas marxes dos vales domina a vexetación de ribeira competindo nalgunhas zonas coa crecente vexetación de repoboación forestal.

Este espazo constitúe o exemplo de paisaxe de agras hoxe ocupada maioritariamente por pasteiros onde predomina a gandería bovina. Nalgunhas áreas a concentración parcelaria modificou a antiga organización agraria en prol dunhas parcelas perfectamente regulares.

As terras de cultivo fórmanas maioritariamente parcelas de tamaño de medio a grande; excepto nas proximidades do río Ulla, onde o tamaño é menor. As terras de forma regular, sen valado, son o máis habitual na comarca, xunto cos peches vexetais e os mixtos de poste e arame. Os muros pétreos aparecen en raras ocasións, e sempre na contorna das vivendas.

Cando se constrúen peches, os mixtos con estacas de madeira calibrada de diámetro de 15cm, son os máis frecuentes. Nos novos peches empréganse os postes de formigón.

#### Valados característicos

Árbores en aliñación e formando sebes  
Mixtos de postes pétreos e de madeira

#### Outros valados presentes

Vexetais de viña e socalcos (sur)  
Cachotería de xunta seca de granito e xisto  
Chantos reforzados con cachotería de xisto



Imaxe c67: Valado de árbores en aliñación



Imaxe c68: Valado de árbores en aliñación



Imaxe c66: Campo aberto sen valados

## 7 GALICIA CENTRAL


## 7.3. TERRA DE MELIDE – ARZÚA (2)

**Valados característicos**

Árbores en aliñación e formando sebes  
Mixtos de postes pétreos e de madeira

**Outros valados presentes**

Vexetais de viña e socalcos (sur)  
Cachotería de xunta seca de granito e xisto  
Chantos reforzados con cachotería de xisto



Imaxe c69: Valados mixtos de poste a arame

## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.4. A ULLOA (1)

A depresión da Ulloa pertence ó gran conxunto de depresións lucenses. Dominan os materiais graníticos e presenta un relevo de formas moi suaves. O solo sedimentario, rico en detritos, ocupa as zonas baixas, son solos cun alto potencial agrícola onde os cultivos predominantes son as forraxes de inverno e o millo para alimentar o gando.

Trátase dunha comarca gandeira na que abundan os prados e cultivos de forraxe. Consérvanse moitos bosques de frondosas autóctonas, e cando o monte está repoboado o máis frecuente e que se plante con piñeiros.

As parcelas son de tamaño medio a grande, con formas adaptadas á topografía, maioritariamente pechadas. Os valados son na súa maioría pétreos e en moitos casos con arbores frondosas (carballos), plantadas nas lindes.

Os valados característicos son de muros de cachotería de granito en seco, con cachotes de distintas dimensións e formas. Abundan os de cachotes de forma plana, de alturas de 15 a 25cm e lonxitudes de 40 a 90cm, colocados a oso, moitos de construción de alta calidade, en moitas ocasións con pedra labrada. É moi frecuente que nos valados se intercalen de forma regular chantos de granito fincados verticalmente, con interdistancias de entre un e catro metros. A altura dos muros vai dos 70 ós 120cm.

Existen interesantes exemplos de árbores plantadas formando aliñacións con especies frondosas de gran porte, principalmente carballo, plantados a distancias de 3 a 8m. As arbores combínanse con outros peches, normalmente pétreos.

#### Valados característicos

Árbores en aliñación  
Cachotería de xunta seca de granito  
Chantos de granito

#### Outros valados presentes

Mixtos de postes de madeira



Imaxe c70: Valado de cachotería de xunta seca de granito con aliñación de carballos

7 GALICIA CENTRAL

7.4. A ULLOA (2)

**Valados característicos**

Árbores en aliñación  
Cachotería de xunta seca de granito  
Chantos de granito

**Outros valados presentes**

Mixtos de postes de madeira



Imaxe c71: Valado de chantos de granito intercalados con cachote



Imaxe c72: Exemplo de valado de cachotería de gran calidade con pedra labrada



Imaxe c73: Exemplo de valado de cachotería de granito con muro alto (ate os 120cm)



Imaxe c74: Valado mixto de chantos de granito e postes

## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.5. DEZA (1)

O relevo orixina unha paisaxe de contrastes, que vai desde as agrestes montañas nas serras do Candán e Faro, ata os amplos vales dos ríos Deza e Árnegu, creando paisaxes de extraordinaria beleza. Entorno ós ríos medran os bosques autóctonos, que ocupan superficies importantes na comarca. Pola forte acción erosiva e a debilidade dos solos é frecuente atopar en zonas altas afloramentos rochosos ó ar libre.

O espazo de agras, situado nos vales, cultiva forraxes e prados para alimentación gandeira especializada na explotación láctea intensiva. Nas áreas elevadas o bosque desaparece en beneficio da matogueira onde predominan as xestas e os toxos.

No Deza as terras están maioritariamente pechadas, tanto nas chairas agro-gandeiras, como nas serras, incluso nas zonas de gandería intensiva, mecanizadas, onde se cultiva forraxe case de forma exclusiva, persisten moitos valados tradicionais. Estes son maioritariamente pétreos:

- Os valados de cachotería de granito ou xistos son os máis abundantes
- Os valados de chantos e cachotes son os máis empregados nas Serras do Sur; tamén se atopan nas chairas gandeiras.
- Os peches de chantos continuos figuran nas chairas gandeiras e na serra
- Os peches diáfanos formados por chantos ou postes de pedra, separados entre si e sen arames entre eles, son abundantes nas chairas gandeiras.

As árbores frondosas (castiñeiros, carballos, cerdeiras) plantadas no límite das fincas, son moi frecuentes, moitas veces combinadas con peches pétreos ou de estacas.

#### Valados característicos

Árbores en aliñación e formando sebes  
Cachotería de xunta seca de granito e xisto  
Chantos de granito e de xisto

Chantos reforzados con cachotería (Candán)  
Límites marcados con chantos ou columnas



Imaxe c75: Valados mixtos de postes e vexetación espontánea

7 GALICIA CENTRAL

7.5. DEZA (2)

**Valados característicos**

Árbores en aliñación e formando sebes  
Cachotería de xunta seca de granito e xisto  
Chantos de granito e de xisto

Chantos reforzados con cachotería (Candán)  
Límites marcados con chantos ou columnas



Imaxe c76: Valado diáfano de chantos e postes



Imaxe c77: Valado diáfano de chantos



Imaxe c78: Valados de cachotería de granito e xisto



Imaxe c79: Valados de árbores frondosas en aliñación



Imaxe c80: Valados de chantos e cachotes



Imaxe c81: Valados de chantos continuos

## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.6. TABELRÓS (1)

A comarca encádrase ó sur da cunca media do río Ulla, ó norte da zona montaño-  
sa da Terra de Montes. O territorio, bañado polo río Ulla, representa un conxunto  
de terras fértiles que conservan en boa medida o sistema de poboamento tradi-  
cional vinculado ao aproveitamento gandeiro e agrícola.

Predomina a gandería pouco intensiva, especialmente vacún, de autoconsumo  
ou como complemento familiar, baseada nos prados permanentes. No noroeste a  
gandería é máis extensiva, onde o predominante é o cultivo de forraxe (millo). Os  
montes están repoboados con eucalipto e piñeiro.

En xeral non existe ningún tipo de valado entre as parcelas ou ben se pechan  
con estacas temporais de madeira con pastor eléctrico para o gando. Os pechos  
permanentes máis abundantes son tamén de estacas, predominando o formigón  
frente á madeira, e empregase tanto arame como malla metálica.

En moitos casos as fincas péchanse con sebes vexetais espiñosas recortadas a  
unha altura aproximada de 1m. Ó norte, no val do río Ulla abundan os valados  
vexetais con viña.



Imaxe c83: Campo aberto sen valados para prados permanentes

Valados característicos	Outros valados presentes
Mixtos de postes de madeira	Árbores en aliñación
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea	Socalcos
Vexetais de viña	



Imaxe c82: Campo aberto sen valados na zona noroeste de gandería extensiva (cultivo de forraxe)

7 GALICIA CENTRAL

7.6. TABELIRÓS (2)

Valados característicos	Outros valados presentes
Mixtos de postes de madeira	Árbores en aliñación
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea	Socalcos
Vexetais de viña	



Imaxe c84: Valado de sebes espiñosas recortadas



Imaxe c85: Valado vexetal con viña



Imaxe c86: Campo aberto sen valado



Imaxe c87: Valados temporais mixtos de estaca de madeira



## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.7. TERRA DE MONTES – ALTO LÉREZ

O territorio de Terra de Montes - Alto Lérez presenta unha extensa zona de montaña, na que se configuran a conca alta do río Lérez e a do Umia. Acompañan a esta área de diferentes aliñacións e carácter irregular, unha unidade de val e outra de superficies de aplanamento.

O agrosistema extensivo representa o manexo do solo maioritario e responde á actividade principal: a gandería (vacún, bovino e equino). Cómpre salientar que, en xeral, se trata dunha labor non profesional e de autoconsumo, na que as terras se dedican a pastos. Entre as terras non agrícolas, abunda o bosque autóctono de frondosas e o monte baixo, aínda que tamén se atopan repoboacións de piñeiro e eucalipto.

As terras péchanse, pois se trata maioritariamente de prados nos que se establece o gando. Predominan os valados mixtos de poste e arame, aínda que tamén existen numerosos exemplos de muros de cachotería.

Os postes son maioritariamente de formigón, de granito, e madeira. Moitas fincas contan con aliñacións e sebes de árbores frondosas plantadas no linde, o cal asemella ser pegadas das antigas agras.

#### Valados característicos

Árbores en aliñación e formando sebes  
Mixtos de postes pétreos e de madeira  
Cachotería de xunta seca de granito e xisto

#### Outros valados presentes

Chantos reforzados con cachotería de xisto  
Socalcos



Imaxe c89: Valado de árbores en aliñación



Imaxe c90: Valado mixto de postes de madeira e arame



Imaxe c88: Valados conformados por sebes de árbores frondosas

## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.8. CARBALLIÑO (1)

A comarca divídese nas terras baixas das bacías dos ríos Avia e Barbantiño e as zonas altas da Dorsal Meridiana. É unha comarca cun baixo volume poboacional, na que o monte abrangue unha grande parte do territorio, mentres que as terras agrícolas e cultivos ocupan unha superficie limitada.

A metade oeste é unha serra, maioritariamente de xistos, a excepción do macizo granítico de Avión, cunha densidade moi baixa de habitantes. A metade leste concentra os núcleos importantes de poboación (Carballiño e Cea). Nesta área, de litoloxía granítica, é onde se concentran a maior parte das terras agrogandeiras, dedicadas maioritariamente a prados permanentes. Tanto os prados como as terras de cultivo son habitualmente cercados.

O valado máis común é o de cachotería, con representacións diversas, aínda que tamén é moi utilizado o mixto de poste de granito e arame. A miúdo se intercalan columnas verticais no muro. Outras veces, as columnas de granito figuran delimitando fincas, nas que se colocan tendidos de arame en ocasións. Noutros casos, os postes son grandes chantos de xisto.

Nas zonas baixas do val atópanse prados cercados con valados mixtos de poste e arame. Utilízanse tamén peches vexetais, predominando os de árbores na zona oeste; e os de viña ou vimbio na leste. A viña condúcese emparrada ou no plano vertical; apoiada en pes de granito de sección cadrada de 15–20cm; ou en postes de madeira.

#### Valados característicos

Vexetais de viña (leste)	Mixtos de postes pétreos e de madeira
Cachotería de xunta seca de granito e xisto	Límites con chantos ou columnas pétreas
Chantos de granito	Pastas de granito e socalcos
Cachotería con columnas intercaladas	(outros presentes)



Imaxe c91: Panorámica representativa do territorio da comarca de Carballiño, con predominio do monte

## 7 GALICIA CENTRAL

### 7.8. CARBALLIÑO (2)

#### Valados característicos

Vexetais de viña (leste)

Cachotería de xunta seca de granito e xisto

Chantos de granito

Cachotería con columnas intercaladas

Mixtos de postes pétreos e de madeira

Límites con chantos ou columnas pétreas

Pastas de granito e socalcos

(outros presentes)



Imaxe c92: Columnas verticais de xisto no muro



Imaxe c94: Columnas verticais de granito no muro



Imaxe c93: Exemplos de muros de cachotería

7 GALICIA CENTRAL

7.8. CARBALLIÑO (3)

**Valados característicos**

Vexetais de viña (leste)

Cachotería de xunta seca de granito e xisto

Chantos de granito

Cachotería con columnas intercaladas

Mixtos de postes pétreos e de madeira

Límites con chantos ou columnas pétreas

Pastas de granito e socalcos

(outros presentes)



Imaxe c95: Límites con columnas de granito



Imaxe c96: Límites con columnas de granito e arame



Imaxe c97: Valados mixtos de poste e arame (vales)



Imaxe c98: Límites con columnas de granito



Imaxe c99: Límites con chantos a modo de postes



Imaxe c100: Valados vexetais de viña (vales leste)



## 8 RÍAS BAIXAS

### 8.1. MUROS (1)

A comarca está situada na grande unidade que forma a ría de Muros e Noia. A paisaxe caracterízase pola clara diferenciación das chairas litorais e os relevos montañosos que se sitúan detrás delas, conectados mediante os vales litorais. Na costa altéranse enseadas con promontorios rochosos, nunha singular mestura de paisaxe mariña e de monte. A ocupación humana é intensa nas chairas litorais e os vales.

Nas zonas altas do nordeste e sueste, o uso predominante do espazo agrario é a produción gandeira intensiva, baseada no cultivo de forraxe. Nos vales pequenos que chegan ata a costa, sitúase a poboación e as terras agrícolas. As chairas costeiras, dedícanse de forma intensiva ó cultivo. Nestas áreas as terras non se pechan, a paisaxe é continua.

Os valados empregados nesta comarca son diferentes segundo cada unha das tres unidades descritas:

Nas *zonas altas* a meirande parte das parcelas son campos abertos, sen valados, posiblemente para a mellora da mecanización na gandería intensiva. O peche tradicional característico desta área son os valados de cachotería, con alturas medias de 50-70cm.

Nos *vales costeiros* desenvólvense variedade de tipoloxías. En xeral, os campos permanecen abertos, ou se adaptan á topografía mediante bancais coincidentes cos límites. Cando se constrúen valados empréganse maioritariamente os pétreos, aínda sendo frecuentes tamén os peches vexetais, normalmente de viña, así como de liñas de cultivo ou arbustos.

Nas *chairas costeiras* as terras fértiles tampouco se cercan. Normalmente as parcelas son delimitadas mediante marcos. Como excepción, constrúense muros de cachotería nalgúns zonas expostas ós ventos mareiros, como na punta de Corrubedo. Estes muros pétreos son de elevada calidade, con diversas técnicas e tamaño tanto dos muros coma dos cachotes.

Valados característicos	Outros valados presentes
Vexetais de viña e outros cultivos	Árbores en aliñación (zona alta)
Cachotería de xunta seca de granito	Chantos de granito
Mixtos de postes de madeira	Socalcos (costa)
Límites con chantos ou columnas pétreas	



Imaxe c101: Campos abertos na chaira litoral representativa da comarca (Porto do Son).  
Fonte: POL Galicia

8 RÍAS BAIXAS

8.1. MUROS (1)

**Valados característicos**

Vexetais de viña e outros cultivos  
Cachotería de xunta seca de granito  
Mixtos de postes de madeira  
Límites con chantos ou columnas pétreas

**Outros valados presentes**

Árbores en aliñación (zona alta)  
Chantos de granito  
Socalcos (costa)




Imaxe c102: Panorámica dos campos abertos



Imaxe c103: Campos abertos na chaira litoral



Imaxe c104: Valados de cachotería de granito (zona alta)



Imaxe c105: Muros de chantos verticais e cachotería pequena (chairas litorais, moi próximos ao mar)



Imaxe c106: Muros de cachotes grandes (vales)



## 8 RÍAS BAIXAS

### 8.2. AROUSA – BAIXO ULLA

A comarca sitúase na vertente norte da ría de Arousa. Nesta paisaxe pódense diferenciar con claridade as chairas litorais e os contrafortes montañosos situados tras elas. Trátase dunha costa baixa salpicada por multitude de areas. A grande humanización deste espazo apréciase no hábitat disperso que ocupa de xeito difuso a liña de costa e ascende en altura polas serras.

Os prados e campos de cultivo se sitúan na chaira costeira, cunha importante presenza do viñado.

En canto ós valados, as terras están maioritariamente abertas, pois dunha parte o solo está ocupado, principalmente, por mato, eucalipto e mestura de árbores. Neste tipo de parcelas os valados son raros. Doutra banda, nas terras de cultivo, debido a que non hai gando, non é preciso o emprego de peches. Así, en xeral están abertas ou definidas con socalcos ou plantación de viña, ás veces asociados.

Os socalcos son moi abundantes tanto na costa como no interior e adoitan ser grandes e de media altura (50 a 150cm), de cachotería de pequeno tamaño.

Entre os valados vexetais o máis habitual é a sebe de vimbio (*Salix viminalis*), plantados cunha separación de 4 a 6m.

#### Valados característicos

Vexetais de vimbio  
Vexetais de viña  
Socalcos

#### Outros valados presentes

Árbores formando sebes  
Valados mixtos de postes pétreos



Imaxe c109: Campos abertos en terras de cultivo



Imaxe c107: Valado vexetal de vimbio (*Salix viminalis*)



Imaxe c108: Socalco

## 8 RÍAS BAIXAS

## 8.3. UMIA – O SALNÉS

A comarca desenvólvese en tres unidades morfolóxicas: a chaira litoral da vertente sur da ría de Arousa, a depresión meridiana (interior de Caldas) e a veta Cuntis-Moraña (depresión tectónica). Trátase dun conxunto espacial caracterizado pola existencia de áreas de baixa altitude na que alternan amplos sectores de fondo de val e brañas de extraordinaria planitude e fertilidade.

En toda a comarca dominan as terras agrícolas. Tanto na metade oeste, nas zonas de agricultura intensiva, como na oeste, cara á serra, as terras están abertas, sen valados. O límite das parcelas sinálase con peches diáfanos, formados principalmente por postes ou árbores, que deixan entre eles espazo libre.

Un tipo de valado amplamente empregado é o vexetal de viña plantada no perímetro da parcelas. Condúcese emparrada, apoiada en pes de granito de sección cadrada de 15–20cm e unha altura sobre de 120–150cm. Entre os peches vexetais, síguelle en frecuencia o vimbio (*Salix viminalis*) plantado con separacións de 4–6m.

Outro tipo de valado característico nesta área é o formado por postes de granito chantados verticalmente, que deixan espazo libre duns tres metros entre si. Estes postes teñen de forma habitual seccións cadradas de 15 a 20 centímetros, e unha altura sobre o chan de 100 a 120 centímetros. Entre os postes o terreo está libre e non se colocan arames de modo xeral.

Valados característicos	Outros valados presentes
Vexetais de vimbio	Árbores formando sebes
Vexetais de viña	Pastas de granito
Límites con columnas pétreas	Socalcos
	Valados mixtos de postes pétreos



Imaxe c112: Campos abertos en terras de cultivo



Imaxe c110: Valado de viña emparrada

Imaxe c111: Panorámica da chaira costeira na comarca



## 8 RÍAS BAIXAS

### 8.4. PONTEVEDRA

A ría de Pontevedra está conformada por pequenas liñas de chaira costeira reforzadas polos contrafortes dos montes de Castroverde e os que conforman a península do Morrazo. Son áreas de alta densidade de poboación. A actividade agrícola mantense nos vales non ocupados polos usos residenciais rururbanos, que se sitúan en zonas máis altas e, en especial, no leste da comarca.

En xeral as terras agrícolas non se pechan ou ben se delimitan de forma topográfica mediante socalcos, ou se marcan os límites con columnas de granito. Cando se cercan, os valados característicos da comarca son a viña e os muros de cachotería.

Nos valados de viña está condúcese emparrada, apoiada en pes de granito de sección cadrada de aproximada de 15–20cm e altura sobre o chan 120–150cm.

Os valados de pedra son muros de cachotería de granito. Constrúense con cachotes de 30 a 50 centímetros, colocados a oso, cunha altura sobre o chan de 70-120cm. Nalgunhas ocasións intercálanse postes de granito verticais que suplementan a altura do muro.

Os socalcos empregados nesta área son, de modo xeral, grandes e de pouca altura (50-100cm), situados no val ou en ladeiras de lixeiro declive. Nas pendentes máis pronunciadas, situadas maioritariamente na franxa atlántica, os socalcos continúan a ser grandes, polo que as alturas se elevan até os 2 metros.

A contención do socalco adoita ser de muros de cachotería de pequeno tamaño. Son raros os socalcos con noiros de terra.

Valados característicos	Outros valados presentes
Vexetais de viña	Pastas de granito
Cachotería de xunta seca de granito	Cachotería con columnas intercaladas
Socalcos	Mixtos de postes pétreos
Límites con columnas pétreas	



Imaxe c113: Paisaxe da comarca de Pontevedra onde predominan os valados de viña emparrada, os socalcos e os muros de cachotería

8 RÍAS BAIXAS

8.4. PONTEVEDRA

**Valados característicos**

Vexetais de viña  
 Cachotería de xunta seca de granito  
 Socalcos  
 Límites con columnas pétreas

**Outros valados presentes**

Pastas de granito  
 Cachotería con columnas intercaladas  
 Mixtos de postes pétreos



Imaxe c114: Valados vexetais de viña emparrada



Imaxe c115: Valados de cachotería con columnas pétreas



Imaxe c116: Socalcos de muros de cachotería



Imaxe c117: Valado de cachotería con columnas e malla Imaxe c118: Valado de cachotería de granito

## 8 RÍAS BAIXAS

### 8.5. BAIXO LÉREZ

Conforman a comarca os vales do río Lérez e o seu principal afluente, o Almofrei, así como o do río Verdugo e seu maior tributario, o río Oitavén. Caracterízase pola alternancia serra-val, onde as maiores altitudes atópanse no leste, na Serra do Cando, que rolda os 1.000m. Os vales son encaixados nun inicio e vanse abrindo cara a súa desembocadura. Boa parte dos asentamentos de poboación e terras agrarias sitúanse nas zonas baixas e de terras fértiles, ou en mesetas que teñen características de chaira.

A matogueira e o rochedo abranguen a maior superficie comarcal. Entre as coberturas que se dedican ao agrosistema predominan os prados para o gando (extensivo).


Os valados característicos na contorna son os mixtos feitos con columnas de granito e os muros de cachotería. Os socalcos tamén son frecuentes.

Nos valados mixtos de poste e arame ou malla os postes son maioritariamente de granito de sección cadrada de aproximada de 10–25cm, cunha altura sobre o chan de 80-100cm; ou postes irregulares de madeira de sección cadrada ou redonda duns 10-12cm.



Imaxe c120: Valados mixtos de columna de granito e arame  
Imaxe c121: Valado mixto de postes de granito e arame

Valados característicos	Outros valados presentes
Cachotería de xunta seca de granito	Árbores formando sebes
Mixtos de postes pétreos e de madeira	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea
Socalcos	Vexetais de viña e límites marcados con columnas
	Cachotería con columnas intercaladas



Imaxe c119: Valado mixto de columnas de granito e arame

## 8 RÍAS BAIXAS

### 8.6. VIGO LITORAL

A comarca de Vigo presenta dúas formacións morfolóxicas ben diferenciadas, o litoral e os vales sublitorais. As ribeiras da ría son moi recortadas, cunha continua sucesión de enseadas e penínsulas. A enseada de San Simón constitúe o fondo da ría de Vigo, onde a topografía plana amósase continua. Trátase dunha comarca intensamente ocupada polos usos urbanos e rururbanos e onde predomina o agrosistema intensivo forestal.

Os cursos fluviais que desaugan nesta comarca contan con certa entidade, o Lagares rega o Val do Fragoso que se caracteriza pola súa fertilidade.

As terras agrícolas, en xeral, constitúen campos abertos. Un lugar destacado ocupan tamén os socalcos, presentes en toda a comarca. Os lindes das fincas defínense en moitos casos polos propios socalcos ou por postes de granito chantados verticalmente, que deixan espazo libre duns tres metros entre si. Estes postes teñen de forma habitual seccións cadradas de 15-20cm, e altura sobre o chan de 100-120cm. Entre os postes o terreo está libre e non se colocan arames, de modo xeral.

É tamén frecuente delimitar o linde da finca cunha parra de viña, e con menor frecuencia o uso de vexetación (vimbio por excelencia), e tamén regos da infraestrutura hidráulica.

#### Valados característicos

Vexetais de viña  
Socalcos  
Límites marcados con postes pétreos

#### Outros valados presentes

Cachotería de xunta seca de granito  
Cachotería con columnas intercaladas  
Mixtos de postes pétreos



Imaxe c123: Valados vexetal de viña emparrada



Imaxe c124: Valado mixto de columnas de granito



Imaxe c122: Panorámica do perfil litoral e a estrutura agraria de campos abertos en Soutomaíor.  
Fonte: POL Galicia

## 8 RÍAS BAIXAS

### 8.7. VIGO PRELITORAL (1)

Esta comarca ten orografía de media montaña cunha altitude media entre os 800 e 900m debido á presenza da Serra do Cando no nordés e á do Suído ó leste. Como resulta predominan as coberturas de matogueira e rochedo e a actividade agraria predominante é a gandeira de autoconsumo, de ovellas e cabras.

Este uso da terra fai que predominen os valados orientados a estabular o gando. Destacan os muros pétreos de cachotería e pastas de granito, tamén os mixtos construídos con columnas de granito. Por ser unha zona de topografía abrupta son moi habituais os socalcos, tanto nas terras de prados coma nas de cultivo.

Os valados de cachotería de granito en seco constrúense con cachotes de 30 a 50cm, colocados a oso, con altura sobre o chan entorno ós 70cm.

Os valados de pastas de granito chantadas verticalmente no chan son moi abundantes na zona de Fornelos de Montes. Fíncanse no chan pola cara de menor lonxitude e espesor, colocadas a oso, formando un peche opaco. As pastas son labradas en bruto polas seis caras, teñen forma e sección rectangular, unha altura sobre o chan de 60-130cm, ancho de 30-40cm, e espesores de 12-14cm.



Imaxe c126: Valados de pastas de granito

Valados característicos	Outros valados presentes
Cachotería de xunta seca de granito	Árbores en aliñación
Pastas de granito	Vexetais de viña (Oeste)
Socalcos	Chantos de granito e cachotería con columnas
Mixtos de columnas pétreas	Límites con chantos ou columnas pétreas



Imaxe c125: Valados de pastas de granito

8 RÍAS BAIXAS

8.7. VIGO PRELITORAL (2)

**Valados característicos**

Cachotería de xunta seca de granito  
Pastas de granito  
Socalcos  
Mixtos de columnas pétreas

**Outros valados presentes**

Árbores en aliñación  
Vexetais de viña (Oeste)  
Chantos de granito e cachotería con columnas  
Límites con chantos ou columnas pétreas



Imaxe c127: Valado mixto de postes de granito e arame



Imaxe c128: Valado de cachotería de granito



Imaxe c129: Valado de chantos de granito reforzado con cachotería



Imaxe c130: Muros de cachotería de granito



Imaxe c131: Valados de cachotería de granito

## 9 CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

### 9.1. ARCO BERGANTIÑÁN

Esta comarca litoral desenvolve unha heteroxénea variedade de formacións litorais: acantilados, tómbolos, illas e ata unha ampla enseada de costa baixa e areosa no seu tramo central. Constitúe unha liña de costa de grande interese paisaxístico no que se atopan pequenas vilas mariñeiras e atractivos lugares naturais como o conxunto de praia e lagoa litoral de Baldaio.

O espazo agrícola articúlase na ladeira costeira en bancais construídos mediante noiros que se adaptan á topografía. Nestes noiros que delimitan as propiedades medra a vexetación espontánea formalizando sebes de silvas, herbáceas,...

Nesta comarca son igualmente valados característicos os de cachotería irregular de granito, colocados con xunta seca, empregados en parcelas agrícolas ou forestais, así como os de sebe arbustiva de silveiras de pequena altura.

Valados característicos	Outros valados presentes
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea	Árbores en aliñación e formando sebes
Cachotería de xunta seca de granito	Mixtos de postes de madeira
	Límites marcados por chantos ou columnas



Imaxe c134: Sebes arbustivas de vexetación espontánea



Imaxe c135: Valado de cachotería de granito



Imaxe c132: Valados de cachotería de granito



Imaxe c133: Perfil costeiro con bancais previos ós cantís

## 9 CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

### 9.2. BERGANTIÑOS

A comarca está formada na súa meirande parte por unha ampla chaira con suaves ondulacións correspondente á cunca do río Anllóns. A rede fluvial vese acompañada de redutos de vexetación de ribeira formada por ameneiros, salgueiros e bidueiros, que sinalan o canle do río entre amplas zonas de prado. Nestas intercálanse sectores forestais dedicados ó aproveitamento da madeira de piñeiro e eucalipto.

De forma dispersa perduran aldeas dependentes da actividade agrogandeira desenvolvida nos solos mais fértiles. Caracterizan a paisaxe agraria da comarca as amplas áreas agrícolas formadas por campos abertos, sen valados, unicamente quebrados por bancais formados por noiros vexetados que se adaptan á topografía.

Son característicos os valados conformados por muros de cachotería ou pequenos noiros, ás veces con pedra no seu interior, intercalados nunha aliñación de árbores frondosas.



Imaxe c137: Noiros con pedra e frondosas en aliñación

Imaxe c138: Noiros con pedra e vexetación espontánea

Valados característicos	Outros valados presentes
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea	Árbores formando sebes
Árbores en aliñación	Chantos de granito
Cachotería de xunta seca de granito	Mixtos de postes de madeira
	Límites marcados por chantos ou columnas



Imaxe c136: Estrutura agraria de campos abertos



## 9 CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

### 9.3. COSTA DA MORTE

Amplio tramo litoral no que a bravura das augas do Atlántico, os fortes ventos que azoutan o litoral e os vigorosos acantilados de rocha granítica caracterizan a paisaxe. No perfil ondulado das vertentes costeiras e nas ladeiras predomina o mosaico agroforestal e as plantacións forestais do agrosistema intensivo: espazos dedicados ó cultivo, prados e aproveitamentos forestais de piñeiro e eucalipto.

Os campos agrícolas e prados adoitan pecharse cun valado característico de cachotería de granito, de 50-100cm de altura.

#### Valados característicos

Cachotería de xunta seca de granito

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación

Sebes espiñosas ou vexetación espontánea

Mixtos de postes de madeira



Imaxe c140: Valados de cachotería de granito



Imaxe c139: Mosaico agroforestal en Cee. Fonte: POL Galicia

## 9 CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

### 9.4. TERRA DE SONEIRA

Constitúe unha área de transición entre a Costa da Morte e as chairas do interior da provincia da Coruña. A rede fluvial está centrada no caudaloso río Grande. O val de Soneira abarca a practica totalidade dos concellos de Vimianzo e Zas. É unha zona de agras, moi apta para o cultivo do millo e as patacas, tal e como evidencia o amplo número de explotacións de ambos os dous cultivos.

Dominan a paisaxe as parcelas de tamaño medio a grande, con formas regulares froito dos procesos de concentración parcelaria. O resultado é unha paisaxe agraria de campos de cultivo abertos.

Cando o uso da parcela é o gandeiro adoita colocarse, do mesmo xeito que en case todo o país, un valado mixto de poste e arame.

O valado característico da comarca, ó igual que en Bergantiños, é un valado vexetal de árbores frondosas plantadas sobre un pequeno noiro, ou elevación de terra. Pódese atopar o perímetro das propiedades ou empregado como separación intermedia.

Tamén figuran os valados construídos con chantos irregulares de granito.

#### Valados característicos

Árbores en aliñación e formando sebes  
Chantos de granito  
Mixtos de postes pétreos e de madeira

#### Outros valados presentes

Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Cachotería de xunta seca de granito



Imaxe c142: Valados de chantos irregulares de granito



Imaxe c143: Noiros con árbores en aliñación granito



Imaxe c141: Estrutura de campos abertos con noiros

## 9 CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

### 9.5. TERRA DE FISTERRA

Na comarca interior de Fisterra sucédense vales e interfluvios da conca do río do Castro e os seus afluentes, ó sur do val de Vimianzo. Predominan as coberturas forestais de especies de repoboación para aproveitamento madeireiro, as cales foron substituíndo á vexetación autóctona de carballeiras.

As terras de cultivo, fundamentalmente pasto para o gando bovino e o cultivo forraxeiro de millo, ocupan os vales e as proximidades dos núcleos. Organízanse en pequenas parcelas, salvo naquelas parroquias nas que se fixo a concentración parcelaria. Existen tamén hortas ou cortiñas, cultivadas para o autoconsumo familiar.

Aínda que se poden atopar valados mixtos de poste e arame vinculados ós uso gandeiro, os valados característicos da comarca son os valados baixos (50cm) de pedra, formados por cantos rodados de granito, colocado sen argamasa.

#### Valados característicos

Cachotería de xunta seca de granito  
Mixtos de postes pétreos e de madeira

#### Outros valados presentes

Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Cachotería de xunta seca de granito  
Límites con chantos ou columnas pétreas



Imaxe c145: Valado de cachotería de cantos de granito



Imaxe c144: Panorámica dos pastos e cultivos forraxeiros

## 9 CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

### 9.6. TERRA DE XALLAS

O territorio da comarca limitábase ó val do río Xallas, o cal forma un bloque de meseta que se pode dividir por aliñacións norte-sur en tres sectores de altitude variable en función do tramo do curso do río. Este curso é un e o único que desemboca cunha formación de ferverza no mar. Tal e como afirmou Otero Pedraio (1954): “A desembocadura do río Xallas ó pé do monte Pindo, forma unha das paisaxes de maior emoción de Galicia”.

O densa rede fluvial e o superficial nivel das augas caracterizan a paisaxe, dando como resulta o predominio de prados.

O sector central da meseta é o val de Mazaricos, o de maior horizontalidade. Nel abundan as brañas e turbeiras. Os prados se pechan con valados mixtos de poste e arame para protexer ó gando.

O valado máis habitual e característico da comarca, como acontece en practicamente a totalidade da comarca da Costa da morte, é de cachotería de granito colocado sen argamasa, neste caso con alturas inferiores a 1m.



Imaxe c147: Valado de cachotería de granito

Imaxe c148: Valado de cachotería con columnas

Valados característicos	Outros valados presentes
Cachotería de xunta seca de granito Mixtos de postes de madeira	Sebes espiñosas ou vexetación espontánea Límites con chantos ou columnas pétreas



Imaxe c146: Prados con valados mixtos de poste e arame

## 10 GOLFO ÁRTABRO

### 10.1. GOLFO ÁRTABRO LITORAL (1)

O Golfo Ártabro é un anfiteatro entornado ás augas litorais nas que desembocan catro rías. Desde a ría, ós sistemas praia-duna, ós cantís, ás praias de areas e coídos, de rasas litorais, lagoas costeiras e cantís, furnas e pequenas illas... todas elas conforman un dos conxuntos litorais máis heteroxéneos de Galicia. Trátase ademais dunha das comarcas con maior presión urbanística de Galicia, ó albergar á Rexión urbana ártabra, constituída polas dinámicas urbanas das cidades da Coruña e de Ferrol.

Grandes áreas de solo agrícola foron transformadas en repoboación forestal e figuran ocupadas hoxe por cultivo de eucalipto. Nas zonas de vertente costeira en ladeira, con cultivos e pastos, as parcelas adaptándose á topografía. Constrúense pequenos bancais e nos seus noiros a vexetación espontánea configura valados de sebes vivas.

En verbas de O'Flanagan “O elemento visíbel da paisaxe cultural que máis destaca ó longo da costa é un desordenado conxunto de lombas que sustenta unha intrincada rede de terrazas, sempre de pequena extensión...”.

Na meirande parte do territorio agrícola desta comarca non se delimita con valados. Os marcos, situados nos vértices da parcela, son os elementos que definen as lindes, así como o arredor (ou arró) colonizado pola vexetación espontánea. Unicamente cando existen usos gandeiros asociados á parcela, atópanse peches mixtos de poste e arame.

Ó norte da comarca desenvólvense valados de granito cunha altura aproximada de 0.80m. Estes muros de cachotería en seco teñen unha sección constante desde a súa base.

Nas ladeiras das zonas altas das Neves (predominio de lousa) figuran peches gandeiros de poste e arame. Nesas zonas existen peches construídos con muros de pedra de xisto superpostas horizontalmente en seco, rematados cunha ringleira horizontal de lousa. Nestas áreas altas comezan a aparecer os peches de chantos de lousa.

#### Valados característicos

Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Cachotería de granito  
Mixtos pétreos e de madeira  
Límites con chantos ou columnas pétreas

#### Outros valados presentes

Árbores en aliañación e formando sebes  
Cachotería de xisto  
Chantos de xisto e reforzados con cachotería



Imaxe c149: Vertente costeira de bancais e terrazas en Betanzos. Fonte: POL Galicia

10 GOLFO ÁRTABRO

10.1. GOLFO ÁRTABRO LITORAL (2)

**Valados característicos**

Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Cachotería de granito  
Mixtos pétreos e de madeira  
Límites con chantos ou columnas pétreas

**Outros valados presentes**

Árbores en aliñación e formando sebes  
Cachotería de xisto  
Chantos de xisto e reforzados con cachotería



Imaxe c150: Cultivos en campos abertos



Imaxe c151: Sebe arbustiva



Imaxe c152: Valados de cachotería de granito (norte)



Imaxe c153: Sebes vivas



Imaxe c154: Valado mixto de poste e arame (zonas altas)



Imaxe c155: Valado de chantos de xisto

## 10 GOLFO ÁRTABRO

### 10.2. GOLFO ÁRTABRO INTERIOR

Formado polas encostas da comarca anterior, nas que aínda se de chégase a alturas no límite superior comprendidas entre os 450-500m. Ocupa o interior dos vales dos ríos Mero, Mendo, Mandeo, Lambre, Baxoi, Eume, Belelle e Grande Xubia (de sur a norte), que sucán e estruturan o territorio, cunha morfoloxía ondulada de pendentes suaves. A litoloxía da comarca caracterízase por se compor de grandes franxas orientadas norte-sur alternando granitos e xistos.

Predominan as coberturas do mosaico agroforestal do agrosistema intensivo. Existe unha importante cabana bovina en pequenas explotacións gandeiras, polo que os pastos figuran en unha proporción significativa. Estes cércanse con valados pétreos, sebes ou mixtos de estaca e arame.

Nas zonas de cultivo predominan os campos abertos. Unicamente se sinalan os vértices con marcos. Nas áreas altas das Neves, Monfero e Aranga a presenza dos xistos nos substrato litolóxico maniféstase na construción dos valados. É nesta zona onde aparecen os chantos de xisto.

#### Valados característicos

Árbores en aliñación e formando sebes  
Mixtos de madeira

#### Outros valados presentes

Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Cachotería de xisto  
Chantos de xisto e reforzados con cachotería



Imaxe c157: Valado de chantos de xisto

Imaxe c158: Valado de chantos de xisto con cachotería

Imaxe c156: Valados mixto de poste e arame

**11 GALICIA SETENTRIONAL****11.1. RÍAS ALTAS LITORAIS**

Espazo marítimo de cantís costeiros de gran potencia labrados en granitos e lousas cunha costa influída pola tectónica. Alberga as rías de Cedeira, Ortigueira, O Barqueiro e Viveiro. Inclúe unha gran diversidade de formacións de interese paisaxístico tales como a serra da Capelada, a Lagoa de Doniños, a lagoa e areal de Valdoviño...

Nesta comarca de topografía ondulada predominan as coberturas de plantacións forestais e do mosaico agroforestal. As terras dedicadas ó cultivo ou gandería son de pequena escala e tipo familiar.

Como resulta, orixínase unha paisaxe agraria fragmentada polas liñas dos valados, que se empregan tanto para cercar os cultivos como os prados para o gando.

O valado característico da comarca é o mixto de poste natural e arame, que en moitos casos, vese colonizado pola vexetación espontánea, maioritariamente silva, configurando un valado de sebe.

**Valados característicos**

Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Mixtos de madeira

**Outros valados presentes**

Árbores en aliañación e formando sebes



Imaxe c160: Valados mixtos de poste e arame



Imaxe c159: Vista aérea dun espazo característico da paisaxe da comarca. Fonte: PNOA



## 11 GALICIA SETENTRIONAL

### 11.2. RÍAS ALTAS INTERIOR

Configura o territorio pre-litoral da comarca anterior, conformado polo val do Meira, unha chaira con suaves ondulacións en contacto co mar a través da ría de Ortigueira. Ó Oeste, a Serra da Capelada érguese como un gran bloque de rochas básicas e ultrabásicas.

Nesta zona desenvólvese a paisaxe agraria en bocage, predominando as coberturas do mosaico agroforestal. Trátase dunha paisaxe ondulada de vocación gandeira, na que abundan os prados.

As parcelas cércanse con valados mixtos de poste e arame construídos con estacas naturais colocadas moi próximas, a unha distancia máxima de 2m.

Existen tamén exemplos representativos de sebes arbustivas ou arbóreas con frondosas.

#### Valados característicos

Árbores formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Mixtos de postes de madeira

#### Outros valados presentes

Árbores en aliñación



Imaxe c162: Valados mixtos de poste e arame



Imaxe c163: Sebes arbóreas de frondosas



Imaxe c161: Valado mixto de poste natural e arame no primeiro plano

## 11 GALICIA SETENTRIONAL

## 11.3. SERRAS E FOSAS SETENTRIONAIS

Acolle as terras da fosa das Pontes e os cursos altos dos ríos Landro e Sor coas serras que os circundan. Trátase dunha paisaxe de montaña suave, fragmentada por numerosas fallas que marcan o percorrido dos principais cursos fluviais e cunha porcentaxe maioritaria de coberturas do solo relacionadas con formacións de turbeiras.

As transformacións antrópicas para a creación de pastos e prados, ademais de cultivos en eidos pechados ou en bocage son característicos da comarca. A ocupación de solo por plantacións forestais de repoboación é moi significativa, sendo especialmente representativas as destinadas a eucaliptais. O territorio dos concellos das Somozas e de Cerdido presentan un auténtico monocultivo forestal de eucalipto. Nos vales interiores aínda se percibe a presenza de arboredo autóctono.

A paisaxe ondulada mestura a matogueira que cubre as serras, o arboredo de repoboación con anacos de terras de cultivo e pastos, que adoitan pecharse con valados mixtos de poste e arame ou sebes arbustivas, habitualmente de silva. Igualmente, pódense atopar algúns valados baixos, de ate 50cm de altura de cachotería de granito.



Imaxe c165: Valados mixtos de poste e arame



Imaxe c166: Valado baixo de cachotería de granito

Valados característicos	Outros valados presentes
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea	Árbores en aliañación e formando sebes
Cachotería de granito	Cachotería de xisto
Mixtos de postes de madeira	



Imaxe c164: Sebes espiñosas ou de vexetación espontánea

## 12 A MARIÑA – BAIXO EO

### 12.1. A MARIÑA – BAIXO EO LITORAL (1)

Esta franxa litoral vén dominada pola rasa Cantábrica, labrada en materiais de lousa e cuberta de sedimentos. Conta cunha extensa ocupación humana e unha vexetación moi transformada. A orografía caracterízase por serras baixas de altitudes entre 200 e 300 metros, moi próximas á costa, nas que nacen numerosos ríos que desembocan no mar e forman pequenos vales, sempre menores de 10km.

A grandes trazos existe unha dualidade morfolóxica e textural en sentido oeste-leste. No terzo oeste predomina o granito e as masas forestais de eucalipto e mixtas ocupan a maior parte da superficie. A gandería é de vacún de carácter extensivo, baseada nos prados permanentes, ocupa o segundo lugar. No leste o máis característico é a rasa costeira e os depósitos aluviais, con rochas de cuarcitas, areniscas e lousas. gandería vacún ten carácter intensivo, baseada no cultivo de forraxes. Estas terras agrícolas concéntranse na rasa costeira (en moitas zonas con concentración parcelaria) e nos vales, en especial o do Masma e o seu afluente Centinó.

O valado máis empregado é o mixto de estacas de madeira irregulares, de altura de 100-120cm, e tres ou catro tendidos de arame. Ás veces empréganse ramas redondas de madeira pelada ou rollizo calibrado de madeira.

Os valados vexetais son os máis habituais no terzo oeste, onde a gandería é extensiva. Existen valados de sebe arbustiva baixa e valados con elementos arbóreos en liña. As especies máis empregadas son o loureiro (*Laurus nobilis*), e o ligustro (*Ligustrum ssp.*).

Así mesmo se realizan valados pétreos de chantos de granito. Estes fícanse verticalmente no terreo, separados entre 4-8m, ben deixando o espazo aberto entre eles, ben con tendidos de arame funcionando a modo de estacas. As dimensións son variables e a altura entorno ós 70cm

#### Valados característicos

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Mixtos de postes pétreos e de madeira  
Límites con chantos ou columnas pétreas

#### Outros valados presentes

Cachotería de xisto (cuarcitas)



Imaxe c167: Rasa costeira en Ribadeo. Fonte: POL Galicia

12 A MARIÑA – BAIXO EO

12.1. A MARIÑA – BAIXO EO LITORAL (2)

**Valados característicos**

Árbores en aliñación e formando sebes  
Sebes espiñosas ou vexetación espontánea  
Mixtos de postes pétreos e de madeira  
Límites con chantos ou columnas pétreas

**Outros valados presentes**

Cachotería de xisto (cuarcitas)



Imaxe c168: Campo aberto de concentración parcelaria



Imaxe c169: Sebes de loureiros



Imaxe c170: Árbores en aliñación



Imaxe c171: Valados mixtos de poste e arame



Imaxe c172: Valado mixto con chantos de granito



Imaxe c173: Límites con chantos de granito

## 12 A MARIÑA – BAIXO EO

### 12.2. A MARIÑA – BAIXO EO INTERIOR

As unidades morfolóxicas que integran esta comarca correspóndense cunha sucesión de depresións e serras postpaís. É unha área caracterizada por vales e cordais prelitorales de cuarcita e lousa, cunha importante humanización nas zonas baixas.

A comarca caracterízase por aportar unha visión moi aberta das terras agrogandeiras propiciada polo tipo de valados que se atopan.

Trátase dunha zona con predominio do mosaico agroforestal que alberga unha ampla cabana de vacún de raza rubia galega.

A pesar de que a maioría das parcelas albergan gando vacún, nalgúns casos o tipo de gando cambia ó bovino e con el o tipo de peche. Para este tipo a solución continua a ser unha estrutura livián formada por valados mixtos de postes de madeira de ó redor de 1 metro de altura, arame de espiño e malla ovelleira de arame.

#### Valados característicos

Mixtos de postes pétreos e de madeira

#### Outros valados presentes

Árbores formando sebes

Cachotería de xisto



Imaxe c175: Valados mixtos de poste e arame



Imaxe c174: Valados mixtos de poste a arame



Imaxe c176: Xanzo de Limia no século XIX. Fotos publicadas polo Instituto Nacional de Colonización no comezo das obras da Lagoa de Antela. Fonte: Martínez Carneiro, X.L. (1997)

# 3

## TENDENCIAS ACTUAIS

**A**s tendencias actuais de transformación dos espazos de cultivo supoñen un risco de deterioro dos valados tradicionais asociados ó agro, coa conseguinte perda de calidade e identidade da paisaxe rural.

As terras agrícolas cultivables adoitan permanecer abertas, sen valados construídos, ás veces delimitados unicamente mediante unha sebe arbustiva, arbórea ou simplemente herbácea (Imaxe 52).

Nas zonas próximas ás vivendas constrúense muros, principalmente, de bloque de formigón e perpiaño; aínda que continúan a facerse muros de cachotería tomada con cemento, pero son moito menos frecuentes. É habitual que o bloque ou perpiaño forme a base do muro e na parte superior se empreguen mallas metálicas, mallas téxtiles ou valos de cerraría.

Nos valados de nova construción, polo tanto, consérvanse en moitos casos as tipoloxías tradicionais. Por exemplo, en moitos casos os muros novos constrúen-

se empregando as mesmas técnicas e materiais. Tamén é moi usual o emprego das técnicas tradicionais pero con distintos materiais. Algunhas substitucións habituais de materiais son:

- Postes de madeira ou columnas de granito substitúense por postes prefabricados de formigón.
- Pedra, tanto a cachotería coma o perpiaño, substitúese por bloque de formigón.
- O perpiaño de granito continúa a empregarse con frecuencia, agora máis accesible coa industria próxima da cantería e serraría de pedra. Aínda que o novo perpiaño, en lugar de labrado a man, emprégase serrado e rematado a máquina.



Imaxe 52: Sebe de abeleira (*Corylus avellana*)



## 3.1 VALADOS MIXTOS

### 3.1.1 POSTES E ARAME

As cercas de postes e tendidos de arame, son os peches máis estendidos entre os novos valados nas terras agrícolas. Os postes máis frecuentes son os de formigón prefabricado, aínda que a tendencia parece ser o aumento dos de madeira tratada. Os postes metálicos son pouco empregados (Imaxe 54).

As cercas están asociadas a zonas gandeiras, en especial naquelas que se empregan os prados como pasto, pero tamén se estende o seu uso para pechar terras agrícolas. As principais características variables destes valados son:

- A altura dos cercados situase entorno ós 120 e 140 centímetros.
- Os postes de *formigón* son de sección cadrada de 10 centímetros.
- As estacas de *madeira tratada* son redondas, poden ser torneadas ou non e os diámetros van dos 6 ós 12 centímetros.
- As estacas de *madeira sen tratar* son sen tornear, de madeira pelada e os diámetros de 10 a 15 centímetros.

Nas comarcas gandeiras é moi habitual o uso do pastor eléctrico. Son valados temporais ou fixos, feitos de estacas finas de madeira, plástico ou metal nos que se coloca un fío condutor electrificado para o control do gando.

### 3.1.2 MALLAS

Nas terras onde se estabula gando menor esténdese o emprego de mallas, en especial, as metálicas de rombos de torsión simple ou a malla gandeira de cadrados con nós. Os valados con malla empréganse tamén para pechar fincas repoboadas, plantacións de viñado ou froiteiras, montes con gando ceibo ou especies cinexéticas. As mallas máis frecuentes son (Imaxe 53):

- *Malla de torsión simple*: o acabado máis frecuente é o plastificado verde ou branco galvanizado, con ocas en forma de rombo e luz 4 a 5 centímetros.

Habitualmente colócase con postes de formigón de sección cadrada de 10 centímetros e, en menor medida, tubos metálicos. A altura máis empregada é de 150 centímetros, aínda que poden chegar ós 2m metros.

- *Malla gandeira con nós*: ocas cadrados de entre 15 e 20 centímetros. Normalmente móntase sobre postes de madeira tratada, de sección redonda e diámetro variable en función da altura ou tipo de gando, entre os 6 e os 15 centímetros. A altura habitual é de 100 a 150 centímetros, aínda que poden chegar ata os dous metros (en especial en viña e froiteiras).
- *Paneis rixidos de arame*: case todos de cor verde, con ocas rectangulares duns 10 centímetros de alto e 6 de ancho. Móntase sobre tubos metálicos. A altura habitual é de 150 a 175 centímetros, aínda que poden chegar ata os dous metros.

Respecto ó impacto visual das mallas, este é menor no caso das mallas con ocas maiores e arames máis finos, pola súa mellor integración. Igualmente, os postes de madeira quedan máis integrados que os de formigón ou metal. Polo que as mallas con ocas cadrados de 15 a 20 centímetros, con arame fino con nós, teñen menor impacto que as de torsión simple con ocas pequenos, arame máis goso e moitas veces plastificadas en branco.



Imaxe 53: Valados mixtos con mallas. Esquerda: Malla gandeira con nós; Dereita: Malla de torsión simple con acabado verde



Imaxe 54: Valados mixtos. Arriba: Postes de formigón; Medio: Marcos con columnas de granito; Abaixo: Pastor eléctrico

## 3.2 VALADOS CONSTITUÍDOS POR MUROS

### 3.2.1 MUROS DE BLOQUE DE FORMIGÓN

Os muros de bloques de formigón é unha das tipoloxías actuais máis frecuentes. Normalmente déixanse sen lucir nin pintar e a súa altura oscila entre os 80 e 140 centímetros, aínda que poden alcanzar os 190 centímetros (Imaxe 55).

Aínda que é menos usual tamén se emprega o bloque tipo *split* (Imaxe 56).

Unha tipoloxía común son muros baixos de 80 a 100 centímetros, nos que se intercalan postes de formigón verticais ata unha altura de 120 a 150 centímetros. Estes postes teñen unha sección cadrada de 12 a 15 centímetros, e distáncianse entre si entre 2,5 e 3 metros (Imaxe 55).

En zonas próximas a vivendas algúns muros tradicionais de cachotería moi baixos, de altura orixinal de 60 centímetros ou menos, foron suplementados en altura con bloque de formigón ate alturas de 120 ou 150 centímetros (Imaxe 56).

### 3.2.2 MUROS DE PEDRA TOMADA CON ARGAMASA

Nos novos peches continúa empregándose a cachotería mais, en lugar de construírse en seco, a pedra vai tomada con formigón, e levántanse sobre un zuncho ou zapata corrida de formigón (Imaxe 56).

Do mesmo xeito se están a realizar algúns valados de chantos de lousa ou xisto tomados con morteiro de cemento, con postes de formigón intercalados.

### 3.2.3 MUROS DE PASTAS DE PRANCHA DE GRANITO

Mantense a técnica tradicional pero, neste caso, as pastas de granito chantadas verticalmente tómanse con formigón baixo a cota do chan. Fíncanse pola cara de menor lonxitude e espesor, colocadas a oso, formando un peche opaco (Imaxe 57).

En moitos muros en lugar de pastas labradas polas seis caras, emprégase pranchón, serrado por unha cara, coas cinco caras restantes en forma bruta de canreira. Como os tradicionais, estes muros teñen forma e sección rectangular, unha altura sobre o chan de 60 a 130 centímetros, ancho de 30 a 40 centímetros, e espesores de 12 a 14 centímetros.

Existe unha nova variante na que se aproveitan os pranchóns completos, polo que as pezas teñen anchos de 100-120 centímetros e altos de 140-180 centímetros. As pedras colócanse a oso ou solapadas unha con outra de forma alterna. A cara serrada pódese colocar toda cara un lado ou de forma alterna.



Imaxe 55: Muros de bloques formigón. Centro: Variante con columnas intercaladas



Imaxe 56: Arriba: Muro de bloque split con columnas; Centro: Muro tradicional suplementado con bloque de formigón; Abaixo: Muro de pedra con argamasa



Imaxe 57: Arriba: Chantos de lousa con columnas e morteiro de cemento; centro e abaixo: Pastas de prancha de granito

### 3.2.4 MUROS DE PERPIAÑO DE GRANITO CON COLUMNAS

A técnica é igual á tradicional, coa diferenza de que a peza de granito serrado é habitualmente maior en lonxitude, ata de 1,5 a 2 metros e menor espesor, uns 15 centímetros, co mesmo alto duns 30 centímetros.

As pedras apóianse sobre a cara de maior lonxitude e menor espesor, de forma horizontal, ate unha altura normalmente de 60 centímetros sobre o chan. O máis frecuente é construír dúas ringleiras de pedra, aínda que tamén hai muros dunha ou de tres ringleiras, cuns 30, 40 e 90 centímetros de altura, respectivamente.

Na maioría dos casos intercálanse columnas de granito serradas, de sección cadrada de 20x20 centímetros, fincadas verticalmente no muro cada tres ou catro metros, e que sobresaen uns 70 centímetros sobre a cima do muro (Imaxe 58). Posiblemente emúlase o apoio do emparrado nos muros tradicionais, que se conserva nos novos muros a pesar de non plantar viña.

### 3.2.5 MUROS DE PERPIAÑO IRREGULAR

Trátase dunha adaptación do muro de perpiaño tradicional na que se empregan perpiaños irregulares, abundantes e económicos nas canteiras da zona.

Constrúese con perpiaño de granito de anchos e altos irregulares de 30-70x100-200 centímetros, colocados intercalando tizóns para a suxeición do muro. Ás veces intercálanse columnas altas de granito fincadas no muro verticalmente cada tres ou catro metros (Imaxe 58).

### 3.2.6 MUROS CON MALLAS

Este é posiblemente o tipo de muro máis estendido e frecuente nas novas construcións que se realizan en zonas residenciais e tamén nas terras agrícolas próximas a estas, en especial, o feito de bloque de formigón seguido do de perpiaño. Trátase dun muro baixo de entre 40 e 90 centímetros de altura, no que se intercalan columnas cada 2,5-3 metros. Entre as columnas colócase unha malla.

Existen case tantas tipoloxías con esta técnica como combinacións dos muros e mallas identificados antes. A continuación se describen aqueles tipos que se consideran máis frecuentes, por orde aproximada de frecuencia:

#### a) Muros de bloque de formigón e malla metálica de simple torsión

Trátase de muros de bloque de formigón compostos por dúas ringleiras horizontais, formando un peche opaco ata unha altura duns 40 centímetros. Nestes



Imaxe 58: Arriba: Muro de perpiaño con columnas; Medio: Perpiaño irregular; Abaixo: Perpiaño con columnas e malla

muros intercálanse postes de formigón verticais ata unha altura duns 140 centímetros, de sección cadrada de 12 a 15 centímetros, distanciados entre si entre 2,5 e 3 metros.

Sobre os postes colócase case sempre malla metálica de simple torsión, habitualmente plastificada en cor branca ou verde, de 100 centímetros de altura (Imaxe 59).

Os valos de cerraría artesanal son menos frecuentes.

#### b) Muros de perpiaño con valos de cerraría artesanal

Son muros de perpiaño que en xeral constitúen dúas ou tres ringleiras de pedra, cuns 60 a 90 centímetros de altura respectivamente. Nestes muros intercálanse columnas de granito serradas de sección cadrada de 20 x 20 centímetros, fincadas verticalmente no muro cada 3-4 metros, e que sobresaen uns 70 centímetros por enriba do muro.

Sobre as columnas é habitual colocar valos de cerraría artesanal, de ferro ou aceiro, frecuentemente rematados en cor negra oxirón. Aínda que tamén se instala malla metálica de simple torsión, habitualmente plastificada en cor branca ou verde.

#### c) Muros de perpiaño con columnas de pedra e malla

Os muros de perpiaño con columnas de pedra e mallas son menos frecuentes que os anteriores.

### 3.3 TERRAS SEN PECHAR

#### 3.3.1 SEN LÍMITES MARCADOS

As terras agrícolas tenden a non pecharse a non ser que nelas se necesite estabular gando, ou protexer producións valiosas dos furtos ou danos de animais.

En zonas de gandería intensiva a necesidade de mellorar a mecanización levou a modificar a estrutura territorial dando lugar a parcelas de maior tamaño, na maioría dos casos, sen límites marcados.

#### 3.3.2 LÍMITES MARCADOS CON POSTES DE FORMIGÓN

O sistema tradicional para delimitar de forma diáfana o linde, consistente en columnas de granito chantadas verticalmente, distanciadas 3-4 metros entre si, actualízase empregando postes de formigón prefabricado, de sección cadrada de 12 a 15 centímetros e altura entorno ós 130 a 150 centímetros.

#### 3.3.3 LÍMITES MARCADOS CON COLUMNAS DE GRANITO

Amais da actualización descrita, continúa a utilizarse en novas construcións o sistema tradicional para delimitar as fincas con columnas de granito chantadas verticalmente.



Imaxe 59: Valados de muros de formigón con postes de formigón e malla metálica de simple torsión

### 3.4 SOCALCOS

Os novos socialcos realízanse de forma moi estendida con muros de perpiaño de granito, de anchos e altos irregulares de 30-70x100-200 centímetros, colocados intercalando tizóns para a suxeición do muro. As veces intercálanse columnas altas de granito fincadas no muro verticalmente cada tres ou catro metros. Estes sistema emprégase tamén como muro de contención.

### 3.5 VALADOS VEXETAIS

Continúanse a facer peches vexetais de todas as tipoloxías tradicionais. En especial, proliferan os novos peches con viña, mais tamén con árbores e sebes (Imaxe 60). As variacións principais residen nos soportes para a viña, que pasan a ser maioritariamente de formigón e nas especies empregadas nas sebes. Neste caso, inclúese un amplo catálogo de especies ornamentais, en especial ó se achegar ás vivendas ou zonas construídas en xeral (industriais, comerciais ou agropecuarias).



Imaxe 60: Valado vexetal de faia

# 4

## CONCEPTOS E CRITERIOS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

## 4.1 CONCEPTOS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

A **integración paisaxística** constitúe “o conxunto de accións que, partindo da comprensión dun lugar, conforman o proxecto e permiten diminuír o impacto paisaxístico deste e conseguir a súa integración harmónica. Implica, polo tanto, partir da comprensión da paisaxe e actuar de forma que a alteración que leve consigo a implantación da actuación a complemente e enriqueza”. Esta definición é a contemplada na “Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística” da Xunta de Galicia, a cal foi a primeira da mesma serie “Paisaxe Galega”, elaborada no marco da Estratexia da paisaxe galega.

### Cráterios básicos

Os **cráterios básicos** de cara á integración paisaxística dos valados son:

- a) A análise e caracterización da complexidade da paisaxe na que se insire, para o que resulta fundamental conseguir identificar os elementos característicos do lugar. Recoñecendo, entre outros, as tipoloxías tradicionais empregadas na comarca asociadas a un uso determinado, e as súas relacións de composición, forma e proporción coa estrutura territorial.
- b) A xustificación da necesidade do elemento proposto, neste caso, o valado e a súa funcionalidade en relación ó uso para o que se destina.
- c) A implicación e valoración social do elemento a construír. No caso dos valados é importante a implicación da sociedade de cara a conservar, manter e respectar os elementos patrimoniais que teñen chegado ata hoxe e que son configuradores da imaxe e da identidade do lugar.
- d) A complementariedade estrutural, funcional e estética do novo valado proposto en relación á súa contorna.

Deste xeito poderanse propor elementos que dialoguen coa paisaxe existente, que a respecten e que entren en harmonía con ela formando parte dun todo.

### O principio de proporcionalidade

Un dos principios inspiradores da Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística (Guía de EIIP) é o de proporcionalidade. Nese caso, este principio refírese á necesidade de adecuar o esforzo de elaboración do EIIP ó potencial de impacto do proxecto analizado e á fragilidade da paisaxe na que se desenvolve.

Tal e como se veu no apartado “1.4. Os valados no marco xurídico” estes elementos lineais poden chegar a provocar afeccións polo seu potencial efecto barrreira, principalmente. Porén, caso a caso, a magnitude e a intensidade do efecto potencial dun valado son relativamente baixas. En realidade, a repercusión da integración paisaxística dos valados deriva do seu carácter acumulativo e/ou sinérxico por se tratar dun elemento frecuente no sistema agroforestal galego, de elevada fragmentación da propiedade e das estruturas agrarias.

A construción de valados en solo rústico require do título municipal habilitante de natureza urbanística (licenza ou comunicación previa, segundo o tipo de valado). Nos casos en que así o prevé ben a lexislación urbanística, ben a de lexislación sectorial (como por exemplo estradas ou patrimonio cultural), tamén é necesario obter os informes ou autorizacións correspondentes, como ocorre nas áreas do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL) nas que os valados son un uso compatible, debendo obterse o informe do órgano autonómico competente en materia de paisaxe. Na Táboa 4 sintetízanse estas limitacións e condicionantes do marco normativo.

En todo caso, pódese afirmar que, *a priori*, os valados son elementos de baixo potencial de impacto no territorio. Se se aplica o principio de proporcionalidade no desenvolvemento dos cráterios básicos para unha integración paisaxística plena dos valados, cómpre adecuar as análises e os recursos necesarios para a súa definición e tramitación ó seu potencial de afección e á fragilidade da paisaxe onde se insira.

A continuación achéganse unhas claves para o desenvolvemento dos dous primeiros cráterios básicos á hora da definición e deseño dun valado. Os dous cráterios restantes son a síntese dos cráterios de integración paisaxística que se expoñen no apartado 4.2.



Localización dos terreos	Consideración	Límites e condicións
Solo rústico en xeral	Condicións de uso (LSG, art. 35)	Solicitud de título municipal habilitante para muros de contención e predios de valados.
	Condicións da edificación (LSG, art. 39)	Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5m e débense adaptar ao medio.
Contorno das vías de circulación	Limitacións xerais vías de circulación (LSG, art. 92)	Nas zonas non consolidadas pola edificación, os cerramentos permanentes (de fábrica ou vexetais) desprazaranse 4m mínimos do eixe da vía pública (salvo que o instrumento urbanístico estableza unha distancia maior). Exceptúanse os valados de postes e arame en solo rústico.
	Limitacións en dominio público viario (LEG, art. 46)	Prohíbense os peches non diáfanos ou de fábrica entre a estrada e a liña límite da edificación.
Contorno das formas de auga continentais	Limitacións en dominio público hidráulico (RDPH, art.9bis)	Prohíbense cerramentos e valados que non sexan permeables nas zonas de fluxo preferente nos terreos que se atopen en situación básica de solo rural.
	Limitacións en zona de policía inundable (PHCO, art. 40)	No territorio da demarcación do Cantábrico Occidental esta prohibición amplíase ata a liña da avenida de 100 anos de período de retorno.
Ámbito litoral	Limitacións en dominio público marítimo-terrestre	Prohíbense os cerramentos nos primeiros 20m da zona de servidume de protección (LC, art. 24). No resto desta zona, os cerrumes poderán ser opacos ata 1m de altura e diáfanos por encima dela (cando menos un 80% de ocós), salvo que se empreguen elementos vexetais vivos. (DSPG, art. 2). Solicitud de autorización.
	Limitacións en áreas do POL (POL, art.53 e 54)	Os valados son incompatibles na zona de protección intermareal e compatibles na zona de protección costeira, de mellora ambiental e paisaxística, os corredores e os espazos de interese. Precísase informe do órgano de paisaxe autonómico.
	Criterios xerais de integración (POL, art. 75)	Evitarase a destrución de peches e bancais e contribuirase ao mantemento de sebes vexetais, cercas e muros tradicionais existentes. Evitarase o emprego de especies ornamentais ou alleas ao dominio bioclimático.
	Criterios específicos de integración	Os instrumentos de ordenación urbanística deben analizar os peches e valados para calquera actuación prevista (POL, art. 76). En áreas e sectores de actividade débense evitar peches opacos, na medida do posible, (POL, art. 77).

Táboa 4: Limitacións e condicións para os valados do marco normativo, organizadas segundo a localización dos terreos do valado

Localización dos terreos	Consideración	Límites e condicións
Espazos protexidos	Medidas de xestión por compoñentes (PDRN, art. 42, 44, 45, 46, 47, 52, 53, 54, 56, 60)	Evitarase a eliminación das sebes e bosquetes nas área de aproveitamento agrícola ou gandeiro para: os hábitats costeiros, as zonas húmidas continentais, as matogueiras e medios rochosos, os bosques e os agrosistemas tradicionais, polos seus beneficios sobre os hábitats e especies de interese comunitario. Fomentarase a construción de valados conformados por especies vexetais autóctonas, por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, por madeira ou estacas e arame, evitando en todo caso aqueles que supoñan unha fragmentación dos hábitats. Precisa autorización do órgano de conservación da natureza autonómico. Fomentarase o emprego de sebes con especies autóctonas para os novos valados e os espazos dispoñibles en infraestruturas e obras.
	Medidas de xestión zonais (PDRN, art. 68)	Na <i>Zona 1: Área de protección</i> dos espazos protexidos estas normas son de obrigado cumprimento, engadindo o feito de que os realizados con material opaco de fábrica non poderán superar a altura de 1 metro, salvo en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros.
	Actividade cinexética (PDRN, art. 58; LPNB, art. 65)	Nos terreos dedicados a actividade cinexética, os valados deberán ser construídos de forma que que, na totalidade do seu perímetro, non impidan a circulación da fauna silvestre non cinexética e eviten os riscos de endogamia nas especies cinexéticas. Deberán ser permeables especialmente para as especies de interese para a conservación.
Entorno elementos patrimoniais	Limitacións en hórreos, cruceiros e petos de ánimas (LPG, art. 92)	Prohíbense os peches perimétricos, totais ou parciais a partir dos soportes de hórreos, cruceiros e petos de ánimas.
Outros lugares específicos con valores	Limitacións xerais (LSG, art. 91)	Prohíbense os muros e cerramentos nos lugares de paisaxe aberta ou natural ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco.

Táboa 4: Limitacións e condicións para os valados do marco normativo, organizadas segundo a localización dos terreos do valado

LSG: Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; LEG: Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia; RDPH: Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolven os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo; PHCO: Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Cantábrico Norte; LC: Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas e modificacións; Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre; POL: Plan de ordenación do Litoral de Galicia; PDRN: Plan director da Rede Natura 2000; LPNB: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e modificacións; LPG: Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

#### 4.1.1 COMPRESIÓN DO CARÁCTER DO LUGAR

O primeiro paso é a comprensión do carácter do lugar de que se trate, sendo o máis transcendental de cara á coherencia do valado no seu contorno. O carácter é aquilo que fai que unha paisaxe sexa diferente doutra, polo que seu estudo procura identificar aquelas características diferenciadoras.

Seguindo a metodoloxía proposta na guía EILP, para a caracterización da paisaxe habería que completar os seguintes niveis de análise, característicos dunha visión sistémica da paisaxe:

1. Contexto e ámbito de estudo ou afección
2. Elementos
3. Relacións
4. Dinámicas
5. Valores

A continuación salientáanse algunhas claves de cada un dos niveis adaptados á natureza dos valados e ó seu potencial de impacto.

##### 4.1.1.1 Contexto e ámbito de estudo ou afección

###### Contexto paisaxístico

Previamente, cómpre clarear que por “lugar” se entende o ámbito territorial que lle é propio ó valado e non só a parcela concreta para a que se propón. A definición deste ámbito territorial supón un exercicio multiescalar que parte da identificación da grande área e da correspondente comarca paisaxística na que se atopan os terreos a pechar.

Grazas ó desenvolvemento actual da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, a principal fonte documental para a caracterización deste nivel de partida ou contexto constitúena o **Catálogo das paisaxes de Galicia**.


Este documento é o primeiro instrumento que contempla a Lei 7/2008, do 7 de xullo, para a ordenación e protección da paisaxe. Concretamente constitúe o documento de referencia que “fundamentándose nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e litorais existentes no territorio galego deberán delimitar, en base aos diferentes estudos e traballos existentes na materia, as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, identificando os diversos tipos de paisaxes existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais” (artigo 9).

A metodoloxía proposta no seu desenvolvemento tratou de dar resposta aos contidos básicos definidos na devandita lei (artigo 9):



- “a) A identificación dos diferentes tipos de paisaxe que existen en cada área paisaxística.
- b) Un inventario dos valores paisaxísticos presentes en cada área paisaxística, identificando aqueles ámbitos que en cada área presenten un especial estado de deterioro e que precisen especiais medidas de intervención e protección.
- c) Unha análise das causas que determinaron a existencia deses tipos de paisaxe, de aquelas que inciden hoxe sobre os elementos da paisaxe, e da súa evolución futura prevista.
- d) Unha diagnose do estado actual da paisaxe en cada área paisaxística.
- e) A delimitación das unidades de paisaxe presentes en cada área, entendidas como ámbitos territoriais con valores paisaxísticos homoxéneos e coherentes.”

Para a definición dos tipos de paisaxe e a delimitación das unidades de paisaxe desenvólvese un método semiautomático de análise espacial e estatística, baseado na combinación de mapas de formas do terreo, ocupación do solo e bioclima.

Na identificación dos valores, das Áreas de especial interese paisaxístico e dos Ámbitos de especial atención, tivo un grande peso o proceso de participación pública que formou parte da metodoloxía de elaboración.



Imaxe 61: Extractos do Catálogo das paisaxes. Tomo II. Grande Área Paisaxística de Serras Orientais



Imaxe 62: Extracto do Catálogo das paisaxes. Tomo II Grande Área Paisaxística de Serras Orientais. Cartografía da comarca de Terra do Bolo. Unidades de paisaxe e Valores paisaxísticos de uso: zonas agroforestais

Considerando a escala rexional de análise, o obxecto pragmático deste instrumento é establecer criterios comúns e metodoloxías de análise para futuros traballos, estudos e plans a maior escala vinculados á paisaxe.

Desde este punto de vista práctico, os resultados do Catálogo se presentan nun tomo independente para cada grande área paisaxística, coa seguinte información:

- *A caracterización territorial*: análise e descrición das características básicas do territorio abarcado por cada unha delas: relevo, xeoloxía, edafoloxía, clima, hidrografía, asentamentos de poboación e das súas características máis salientables, representativas ou singulares; análise das dinámicas socioeconómicas e ambientais, reflectidas estas últimas na evolución do uso do solo; os tipos de paisaxe e unidades presentes.
- *O inventario de valores paisaxísticos*: naturais ou ecolóxicos, patrimoniais ou culturais, estéticos e panorámicos, valores de uso ou produtivos.
- Unha análise de visibilidade coa que se establece unha medida e representación da accesibilidade visual da paisaxe a través da identificación e delimitación das zonas de visibilidade estratéxica: 1) as zonas de maior exposición visual e 2) as zonas visibles dende puntos con gran potencial de vistas.
- As Áreas de especial interese paisaxístico e os Ámbitos de especial atención paisaxística.

Para o deseño dos valados o punto de partida debe residir na consulta desta información para a comprensión do contexto no que se encadran os terreos do valado en cuestión. Trátase dunha primeira aproximación rexional e comarcal á realidade do lugar que acouta os seus elementos, relacións, dinámicas e valores fundamentais.

Parte deste exercicio xa foi realizado e adaptado á natureza dos valados nas fichas para cada comarca que figuran no apartado “2.3. Valados característicos das comarcas paisaxísticas”. Polo tanto, a presente Guía constitúe a seguinte fonte documental para afinar e concretar o contexto paisaxístico.

### Ámbito de estudo ou afección

O ámbito de estudo ou afección de calquera actuación pode variar en función de cada elemento de análise. Este debe ser proporcional á envergadura de dita actuación. No caso dos valados, en xeral, pódese considerar que o ámbito de afección para os elementos do medio físico e para o estudo de visibilidade inclúen ás restantes posibles áreas de influencia para outros elementos.

Este ámbito partirá da unidade morfolóxica na que se encadren os terreos e da súa visibilidade relativamente inmediata. Haberá que considerar igualmente as visuais desde os puntos de observación, así como as zonas de visibilidade estratéxica do Catálogo das paisaxes. Considerando o seu baixo potencial de exposición visual, o estudo de visibilidade podería estar fundamentado nunha análise de campo apoiada con material fotográfico. A delimitación da cunca visual podería ser precisa só naqueles casos de actuacións de maior extensión.

#### 4.1.1.2 Elementos

Os elementos son as compoñentes ou partes que conforman a paisaxe. Entre eles pódense diferenciar aqueles que conforman a súa estrutura, os propios do medio físico: clima, relevo e procesos xeomorfolóxicos, xea e solos, augas. E aqueles que, sobre estes, achegan a textura da paisaxe, son os correspondentes as coberturas do solo: vexetación e usos, incluíndo os tipos de asentamentos, a rede de comunicacións e outros elementos construídos dispersos no solo rústico, como os valados, pozos, muíños, etc.

No deseño e proposta dos valados habería que considerar todos os elementos presentes no ámbito de estudo de que se trate, cunha profundidade de análise adecuada a súa escala de actuación.

En xeral, considerando a escala de alcance dos valados, os elementos con maior incidencia sobre as decisións do seu deseño e funcionalidade son os texturais. Aínda que no caso de socalcos e bancais, as formas do relevo e os seus procesos adquiren un maior protagonismo. Estes elementos serían os seguintes:

- O *material xeolóxico* dominante e accesible, para aqueles casos nos que sexa adecuada unha tipoloxía de valado pétreo.
- A *forma do relevo* na que se atopan os terreos vai condicionar os restantes elementos, pero serán determinantes no caso de socalcos e bancais pola súa función estrutural. Tamén pode ser un condicionante a ter en conta a orientación dos terreos.
- A *vexetación existente*, especialmente para a proposta de valados vexetais, pero tamén para a minimización dos efectos sobre ela.
- Os *usos agrogandeiros e forestais* presentes, así como as *tipoloxías tradicionais de valados* característicos da comarca ou da zona e as *tipoloxías actuais existentes*.
- As *vías ou camiños de acceso* ós terreos para o deseño do portairo ou da cancela.
- Os *elementos sobre os que pode ter incidencia o valado e/ou* para os que existen limitacións e condicións normativas: proximidade a unha forma de auga superficial, unha formación litoral, un ben de interese cultural ou a unha estrada; ou a inclusión nun espazo natural protexido.

#### 4.1.1.3 Relacións

As relacións son os procesos de interacción que se dan entre os elementos da paisaxe como resulta da súa natureza sistémica. Estas relacións pódense clasificar en: funcionais, estéticas e ecolóxicas.

Para o deseño dos valados, as relacións máis relevantes son as seguintes:

- a) *Funcionais*: trataríase de coñecer o modelo de organización agraria ou forestal característico da zona dos terreos: a súa estrutura e os modelos de explotación predominantes, as relacións entre os seus elementos característicos, como as edificacións presentes, os valados, os camiños e as infraestruturas necesarias.

- b) *Formais ou estéticas*: refírese ás relacións de composición, forma, proporción e vista. Suporía a identificación dos patróns significativos que debuxan os cultivos, prados e pasteiros, as plantacións, a ocupación dos asentamentos do entorno dos terreos, os valados, a rega, etc., en relación á composición, textura e cor.

- c) *Ecolóxicas*: todas as relacións entre os elementos representan a base ecolóxica do funcionamento do conxunto, pero algunhas delas destacan formando matrices, corredores e fluxos de especies silvestres, fundamentais para a conservación da biodiversidade. Trataríase de identificar o patrón espacial deste tipo de formacións e procesos que favorecen a conectividade ecolóxica: as formacións naturais “fonte” da biodiversidade, os conectores, tales como corredores fluviais, sebes vexetais, zonas de interfluvios; e as zonas de matriz como os cultivos e prados e os aproveitamentos forestais.

#### 4.1.1.4 Dinámicas

Supón a incorporación da dimensión temporal na caracterización da paisaxe. Trátase dunha mirada retrospectiva para coñecer a evolución na paisaxe a través das súas transformacións máis significativas; e tamén dunha mirada prospectiva, de cara ó futuro, identificando as tendencias máis probables coa información dispoñible.

As dinámicas e tendencias actuais de modernización e mecanización do agro, se anticipan como necesarias para mitigar a dinámica dominante de abandono do medio rural e do espazo agrícola do país. Pero estes procesos deben realizarse de forma que sexan compatibles co respecto polos valores presentes neste medio rural, sen caer na estandarización e banalización das paisaxes rurais.

#### 4.1.1.5 Valores

O último nivel da caracterización reside na identificación dos valores presentes no ámbito de estudo que inflúen ou se poden ver influídos pola construción do valado. Emprégase a clasificación de valores considerada na elaboración do Catálogo das paisaxes.

En xeral, para o deseño de calquera actuación ou intervención do territorio débense considerar os valores paisaxísticos presentes para prever ou minimizar unha posible afección negativa sobre eles pero, tamén, para aproveitar sinerxías ou efectos positivos acumulativos.

No caso dos valados, a segunda consideración adquire un gran significado debido a que as súas formas tradicionais albergan unha serie de valores de diferente índole, que deben ser considerados de cara a conseguir a integración dos novos elementos que se propoñan:

- *Valores patrimoniais ou culturais*, asociados ás estruturas agrarias, que xunto cos camiños, os núcleos e outros elementos propios da arquitectura popular caracterizan as nosas paisaxes rurais. Inclúen tamén unha dimensión intanxible ou inmaterial pois forman parte da cultura propia, da imaxe sentimental e estética socialmente asociada á identidade de cada lugar ou comarca. Constitúen polo xeral referentes identitarios e simbólicos do lugar.
- *Valores ecolóxicos*, sobre todo nas sebes, que constitúen illas de biodiversidade, nos lugares onde abundan crean importantes corredores ecolóxicos. Pero tamén nos valados de pedra, xa que os seus pequenos ocos son lugar de refuxio e cría de multitude de invertebrados e insectos.
- *Valores produtivos*, en tanto que a funcionalidade dos valados é posibilitar o desenvolvemento dun uso agrogandeiro ou forestal, en xeral, con outras aplicacións posibles para as industriais do sector primario.

#### 4.1.2 USO DOS TERREOS E FUNCIONALIDADE DO VALADO

Deberá xustificarse a necesidade de pechar unha parcela e adoptar un tipo de valado acorde ó uso que se pretende. En función do uso e as necesidades existentes, os valados terán distintas características.

Uso	Xustificación da necesidade
Gandeiro	Estabular o gando de forma temporal ou permanente Impedir a entrada de fauna.
Agrícola	Impedir a entrada de gando, fauna, persoas ou vehículos. Protexer contra o vento, do sol, do norte.
Forestal	Protexer novas plantacións de danos por fauna de forma colectiva. Uso mixto forestal e gandeiro.
Industrial ou explotacións agrogandeiras	Impedir a entrada de gando, fauna, persoas, ou vehículos. Ocultación visual para a integración das instalacións. Protexer contra o vento, do sol, do norte.
Residencial	Impedir a entrada de gando, fauna, persoas, ou vehículos. Ocultación visual para a obter privacidade. Ocultación visual para a integración da vivenda. Protexer contra o vento, do sol, do norte.

Táboa 5: Necesidades do uso e funcionalidades dos valados

## 4.2 CRITERIOS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Unha vez que se acada a comprensión do carácter do lugar e se ten por certa a necesidade e funcionalidade do valado para o uso específico de que se trate, estase en disposición de proceder ó seu deseño.

Cómpre incidir na suma importancia que estes dous pasos anteriores teñen para a máxima integración paisaxística do valado. Ó se tratar dunha construción de natureza lineal a unha escala de máximo detalle, pódese afirmar que a súa aspiración é a sutilza no desenvolvemento da súa función. Para iso, o deseño debe ser o resultado dunha observación cualificada que permita esa comprensión do carácter da paisaxe na que se insire. A solución proposta será, polo tanto, específica e única para ese lugar.

Por outra parte, as características fundamentais da Arquitectura popular son a funcionalidade e a economía de medios: trátase de construír elementos sinxelos que aproveiten ata o seu límite as características do material e da técnica dispoñible. Entrarían así en consideración os recursos dispoñibles para a definición e construción do valado.

No caso dos valados estase a falar de dar resposta ás mesmas cuestións, elixir un material adecuado e acorde ó entorno, aproveitar as características do material e da técnica, así como conseguir a complementariedade estrutural, funcional e estética coa paisaxe existente.

Estas cuestións pódense desenvolver nunha serie de criterios finalistas de integración paisaxística que responden á prevención dos posibles efectos negativos dos valados e á potenciación dos seus efectos positivos.

Destes criterios, de carácter máis transversal, derivan outros particulares para cada compoñente ou aspecto de deseño do valado.

En todo caso, é preciso facer fincapé na dificultade de definir criterios de integración paisaxística para os valados debido a que, pola súa natureza, tal e como se expuxo, se requiren solucións completamente adaptadas á súa funcionalidade e ó carácter da paisaxe na que se insiren.

### 4.2.1 CRITERIOS FINALISTAS

Os criterios finalistas (CF) veñen derivados da consideración da comprensión do carácter do lugar polo que se vai proceder a súa enumeración, posto que xa foron contextualizados no apartado anterior.

1. Garantir a funcionalidade do valado en relación ó uso para o que se propón.
2. Garantir a coherencia coa estrutura agraria existente.
3. Contribuír á conservación e mantemento dos valores asociados ós valados, especialmente os patrimoniais ou culturais e os naturais ou ecolóxicos.
4. Minimizar o efecto barreira do valado, tanto visual como para a biodiversidade.
5. Minimizar o consumo de materiais de elevado impacto na súa xeración.

### 4.2.2 CRITERIOS PARTICULARES

Os criterios particulares (CP) propóñense para os compoñentes ou aspectos referentes ao deseño e construción do valado. De maneira que son os criterios de maior detalle que acada presente Guía.

#### a) Estrutura agraria e uso asociado á parcela

**a.1.** Nas zonas nas que tradicionalmente non se construíron valados para delimitar o espazo de cultivo, neses lugares onde a paisaxe agrícola é continua e a presenza de muros fractura o seu equilibrio e a súa imaxe e identidade, de xeito xeral non deberían realizarse valados de ningún tipo.

**a.2.** Cando nestes lugares sexa preciso cercar unha propiedade para *uso gandeiro* recoméndase o *uso de poste metálico ou de madeira e cable pastor* de escasa presenza visual. Existen exemplos abundantes de bo emprego deste tipo de valado gandeiro en toda a xeografía.



**a.3.** Estes peches poden non ser idóneos para todos os tipos de gando. Por exemplo, para ovellas, cabras, cabalos, aves ou coellos, serán necesarias outras tipoloxías. Tamén cando se produce gando de forma extensiva, fanse necesarios peches permanentes. Polo que nestes casos resulta apropiado o emprego de peches de arames ou mallas con postes. Recoméndase para minimizar o impacto ter en conta as seguintes medidas:

1. Construír o peche coa menor altura posible.
2. Empregar postes da menor sección necesaria para o material escollido.
3. Minimizar o número de tendidos de arame.
4. No emprego de mallas o menor impacto corresponde coas de maior dimensión dos ocos e menor sección do arame.



Imaxe 63: Valados de poste e pastor eléctrico en campos abertos

## b) Tipoloxía do valado

**b.1.** A elección dunha tipoloxía tradicional característica da propia comarca e da estrutura agraria presente, ou dunha facilmente integrable cunha destas tipoloxías, é un garante da integración harmoniosa na paisaxe (Táboa 7). Para iso deben evitarse as falseades ou imitacións propias de decorado.

**b.2.** En caso de escasos recursos para a construción do valado ou non existir preferencia por unha tipoloxía, recoméndase optar polas tipoloxías vexetais polos seus efectos positivos sobre a conectividade ecolóxica e sobre os valores estéticos.

**b.3.** Entre as tipoloxías alternativas válidas para a funcionalidade do valado e para a integración dos restantes criterios finalistas, favorecerase aquela que supoña unha maior permeabilidade visual e ecolóxica.



Imaxe 64: Valados tradicionais de cachotería e chantos de granito, así como mixtos con columnas de granito

**b.4.** Naquelas parcelas de dimensións relativamente grandes recoméndase a posibilidade de combinar tipoloxías de valados para aplicalas de forma diferente en cada largo do seu perímetro, na medida do posible. Trataríase de aumentar a permeabilidade do peche naquelas zonas onde sexa máis adecuado.

### c) Materiais, cores e texturas

**c.1.** Procurarase empregar material propio da contorna na medida do posible.

**c.2.** No caso de que non sexa posible o criterio anterior, favorecerase a integración do material a través da cor e a textura, evitando as cores brillantes, as texturas pulidas, así como os acabados artificiosos e que non garden relación co medio.



Imaxe 65: Muro de cachotería en solo de núcleo rural cunha altura inferior ós 1,5m

Os valados construídos con muro de bloques de formigón intégranse facilmente na contorna cando non superan dúas ou tres fiadas de altura (entre 50 e 70cm), e se revisten cun enfuscado de cemento, preferiblemente realizado mediante cemento branco e area grosa e aplicado mediante salpicado.

**c.3.** Favorecerase o emprego de solucións técnicas e materiais que favorezan a súa naturalización, sempre que sexa posible. Enténdese por naturalización neste caso, a facilidade para constituír hábitats para especies vexetais e animais.

**c.4.** Recoméndase a elección de solucións sinxelas e evitar a superposición de materiais (mallas, redes, fíos,...) cando aportan unha imaxe desordenada.

### d) Altura do valado

**d.1.** Limitarase a altura do valado a un máximo de 1m para valados agrícolas ou gandeiros e 1,50m para peches edificadas, asociados á vivenda, tal e como establece a normativa urbanística. É desexable que incluso nos casos asociados á vivenda, en núcleo rural, se respecte a altura tradicional sen necesidade de alcanzar os 1.50m máximos permitidos.

**d.2.** Cando sexa necesario por mor de necesidades de tipo gandeiro conseguir maior altura nun valado baixo, a recomendación é respectar o valado tradicional existente e situar un valo con pastor eléctrico pola cara interior do mesmo.

### e) Cancelas e puntos de acceso

**e.1.** As cancelas e puntos de acceso deseñaranse coas dimensións e materiais que sexan harmoniosos co resto do valado. Neste senso, a súa altura non debe superar a do valado e, cando este presente unha parte inferior de muro, as portas poderán ter unha parte inferior opaca da mesma altura que o muro.

COMARCA PAISAXÍSTICA	MODELOS DE ORGANIZACIÓN AGRARIA						TIPOS DE VALADOS CARACTERÍSTICOS						
	BANCAIS E SOCALCOS	PARCELAS AGRUPADAS E PECHADAS (bocage)	AGRAS		GRANDES EIDOS	PEQUENOS EIDOS	MONTE	VEXETAIS	PÉTREOS			MIXTOS	CAMPOS ABERTOS
			PEQUENAS	GRANDES	ABERTOS	ABERTOS DE TIPO ATLÁNTICO	GRANDES BLOQUES SEN PECHAR		GRANITO	XISTO	SOCALCOS		
<b>1 Serras orientais</b>													
1.1 Os Amcares – A Fonsagrada													
1.2 O Courel, O Incio e Samos – Triacastela													
<b>2 Serras surorientais</b>													
2.1 Terras de Trives					LESTE								
2.2 Terra do Bolo													
2.3 A Gudiña – Riós													
<b>3 Chairas e fosas luguesas</b>													
3.1 A terra Chá				SUR									
3.2 Lugo			NOROESTE										
3.3 Sarria – Terra de Lemos													
3.4 Terra de Chantada													
<b>4 Chairas e fosas e serras ourensás</b>													
4.1 Alto Arnoia													
4.2 Alto Limia													
4.3 Baixo Limia													
4.4 Baixo Arnoia													
4.5 Verín													
<b>5 Riberas encaixadas do Miño e do Sil</b>													
5.1 Valdeorras				OESTE	NOROESTE		NOROESTE						
5.2 Ribeira Sacra Silense													
5.3 Ribeira Saxra Miñota													
5.4 Fosa de Ourense													
5.5 Ribeiro													
<b>6 A costa sur – Baixo Miño</b>													
6.1 Costa Sur – Baixo Miño Litoral													
6.2 Baixo Miño Interior													
6.3 O Condado – A Paradanta													
<b>7 Galicia central</b>													
7.1 Terra de Ordes		NORTE (pouco)	NORTE	SUR									
7.2 Terra de Santiago – A Barcala													
7.3 Terra de melide – Arzua													
7.4 A Ulloa							LESTE				SUR-ULLA		
7.5 Deza													
7.6 Tabeirós													
7.7 Terra de Montes – Alto Lézrez											POUCO		
7.8 O Carballiño				OESTE							POUCO		

Táboa 6: Relación entre os modelos de organización agraria tradicionais e os tipos de valados tradicionais por comarca paisaxística. Fonte: Bouhier (2001)

COMARCA PAISAXÍSTICA	MODELOS DE ORGANIZACIÓN AGRARIA						TIPOS DE VALADOS CARACTERÍSTICOS						
	BANCAIS E SOCALCOS	PARCELAS AGRUPADAS E PECHADAS (bocage)	AGRAS		GRANDES EIDOS	PEQUENOS EIDOS	MONTE	VEXETAIS	PÉTREOS			MIXTOS	CAMPOS ABERTOS
			PEQUENAS	GRANDES	ABERTOS	ABERTOS DE TIPO ATLÁNTICO			GRANDES BLOQUES SEN PECHAR	GRANITO	XISTO		
<b>8 Rías Baixas</b>													
8.1 Muros											COSTA		
8.2 Arousa Baixo Ulla							Pouco (zonas baixas)						
8.3 Umia – O Salnés							RÍO UMIA				POUCO		
8.4 Pontevedra			INTERIOR										
8.5 Baixo Lérez													
8.6 Vigo Litoral				SUR							POUCO		
8.7 Vigo Prelitoral													
<b>9 Chairas e fosas occidentais</b>													
9.1 Arco Bergantiñán													
9.2 Bergantiños		LESTE	LESTE	RESTO									
9.3 Costa da Morte							Pouco (zonas baixas)						
9.4 Terra de Soneira													
9.5 Terra de Fisterra													
9.6 Terra de Xallas				SUR									
<b>10 Golfo Ártabro</b>													
10.1 Golfo Ártabro Litoral							Pouco (zonas baixas)						
10.2 Golfo Ártabro Interior		LESTE	LESTE										
<b>11 Galicia setentrional</b>													
11.1 Rías Altas Litorais		INTERIOR					Pouco (zonas baixas)						
11.2 Rías Altas Interior			POUCO										
11.3 Serra e Fosas Setentrionais			POUCO										
<b>12 A Mariña Baixo Eo</b>													
12.1 A Mariña – Baixo Eo Litoral		OESTE	OESTE				RASA COSTEIRA						
12.2 A Mariña – Baixo Eo Interior													

Táboa 7: Relación entre os modelos de organización agraria tradicionais e os tipos de valados tradicionais por comarca paisaxística. Fonte: Bouhier (2001)

## 4.3 MODELOS E PROPOSTAS DE VALADOS

### 4.3.1 NOVOS MATERIAIS E TECNOLOXÍAS

Os valados tradicionais foron construídos co material que se encontraba na contorna e coa tecnoloxía existente naquel momento, feitos con mimo e coidado. Tal e como se describiu con anterioridade, pódense atopar aínda hoxe interesantes exemplos por toda a xeografía do país de elaboradas composicións de chantos, de fábrica de cachotería, chantos de lousa, sebes arbóreas sobre noiros de terra elevada, ou combinados con cachotería intercalada,... riquísimas mostras dunha cultura arraigada no lugar e na tradición.

Hoxe a tecnoloxía permite utilizar novas técnicas e materiais que simplifican os procesos para construír os valados, o que debería supor un incremento na calidade e variedade de exemplares harmonicamente integrados, e que non parece que sexa o que se está a producir, senón máis ben a utilización de valados estandarizados de escasa calidade estética e ningunha relación coa contorna.

Poderíase redactar unha guía de exemplos de novos valados a realizar en cada comarca, nunha especie de catálogo de solucións construtivas, pero esa non é a intención da presente guía, que máis ben pretender recoñecer o valor do patrimonio construído que supoñen os valados tradicionais, identificar a relación das distintas tipoloxías co seu entorno e salienta a importancia da integración dos novos valados na paisaxe na que se insiren, respectando e poñendo en valor o patrimonio herdado, identificando para comprendelo as leis construtivas e funcionais de cada comarca.

Enuméranse a continuación unha serie de propostas de valados realizables con novas tecnoloxías ou novos materiais, que non son máis que unha relación de exemplos entre moitos outros que se poderían formular como integrados en determinadas comarcas.

As tipoloxías de valados para as que se propoñen estas solucións son:

- Novos materiais pétreos

- Novos valados de tipo mixto

- Novos valados de madeira

#### 4.3.1.1 Novos materiais pétreos

##### a) Gavións: novos valados de cachotería de xunta seca

Os gavións son caixas prismáticas de malla de aceiro galvanizado de tripla torsión, que se enchen de árido do tipo e tamaño seleccionado. A montaxe sinxela e feita á man por unha soa persoa facilita e axiliza o proceso de construción dun valo de pedra (Imaxe 66).


Pódense construír mediante este sistema valados de granito, de xisto ou incluso de árido reciclado, con diferentes espesores e alturas, cunha gran liberdade compositiva, e con prazos de construción moito máis curtos que os que corresponderían a un muro de cachotería tradicional.

Este tipo de muros non precisan de cimentación, son flexibles e adaptanse perfectamente ós requirimentos do terreo (Imaxe 67). Non precisan man de obra especializada porque a súa montaxe é rápida. Son de baixo custe económico.


Do mesmo xeito que sucede cos muros de xunta seca, este tipo de construción permite a instalación no seu interior de pequenos insectos e anfibios, así como o crecemento de fungos, musgos e outras pequenas especies vexetais espontáneas, contribuíndo á mellora da biodiversidade.

Son muros que traballan por gravidade e grazas á súa boa adaptación ambiental e drenaxe son un dos sistemas máis utilizados actualmente na contención de terreos, por tanto unha boa solución para a construción de socialcos (Imaxe 68 e Imaxe 69).


A liberdade compositiva é grande permitindo incluír áridos de diferentes tamaños e formas, así como outros materiais biodegradables como a madeira (Imaxe 70).




Imaxe 66: Esquema da montaxe do gabiión



Imaxe 67: Sección transversal de estruturas de gabiións



Imaxe 69: Esquema de estruturas de gabiións para socalcos



Imaxe 68: Gabiións empregados na construción dun socalco




Imaxe 70: Exemplos de gabiións con distintos materiais



#### b) Valados de formigón

Trátase de valados de formigón ou de bloque de formigón enfuscado, sempre con alturas inferiores a 1m, con características acordes á tipoloxía característica da contorna (Imaxe 71).



Imaxe 71: Valado de formigón


#### 4.3.1.2 Novos valados de tipo mixto

##### a) Postes de formigón

Postes de formigón de sección cadrada de 8x8 ou 10x10cm.

##### b) Postes metálicos de aceiro galvanizado

Postes metálicos de aceiro galvanizado sen brillo ou aceiro cortén (Imaxe 72).



Imaxe 72: Esquema e exemplo de valado mixto de postes de aceiro cortén

### c) Postes de madeira

Trátase de postes de madeira en peches mixtos de poste e arame. A madeira é de eucalipto ou piñeiro tratada para maior resistencia á intemperie (Imaxe 73).



Imaxe 73: Valado mixto de postes de madeira tratada


### 4.3.1.3 Novos valados de madeira

#### a) Valados de táboa de madeira

Valados de táboa de madeira de eucalipto ou de piñeiro tratada en autoclave ou termotratada (sen barnizar) para garantir unha maior resistencia ó ambiente exterior.

#### b) Cancelas con novos materiais derivados da madeira

O *wooden-plastic* é un material composto de fibras de madeira e plásticos reciclados (Imaxe 74). Estes novos materiais de momento non son economicamente competitivos fronte ós postes calibrados de madeira, pero si poderían empregarse na construción de cancelas estandarizadas.



Imaxe 74: Detalle do material wooden-plastic





Imaxe 75: Exemplos de valados de madeira tratada

### 4.3.2 VALADOS VEXETAIS: SEBES

#### 4.3.2.1 Concepto e orixe das sebes

A palabra “sebe” procede do latín *Saepe* (valado). As sebes son constituídas por asociacións de matogueiras ou matogueiras con árbores situadas entre os campos de cultivo co fin de marcar os lindeiros das terras. Aparecen en Europa durante a idade media, proporcionando leña para o lume e alimento (pequenos froitos e animais). A partir do século XVI son utilizadas de forma abundosa para delimitar as propiedades e limitar o paso do gando entre terras.

As sebes son importantes na imaxe da paisaxe rural e, tanto en Galicia como noutras zonas europeas con clima e paisaxe semellante, existen magníficos exemplos de utilización de sebes como elementos delimitadores das parcelas. Poden verse como reservas da vexetación autóctona, que foi desprazada pola actividade agrícola e que expresan o carácter orixinal da paisaxe natural, combinada coa paisaxe rural antropizada.

#### 4.3.2.2 Beneficios

Dende o aspecto ecolóxico, constitúen importantes illas de biodiversidade e nos lugares onde abundan crean importantes corredores ecolóxicos. Forman

refuxios para a fauna e a flora, son lugar de cría e descanso, de hibernación e reprodución de numerosas especies de aves, insectos e outra fauna diversa.

Xogan un papel importante na conservación da calidade das augas pois, por un lado, a parte aérea da vexetación frea a erosión e retén sedimentos, sobre todo nas zonas pendentes. Por outro lado, a parte soterrada, onde as raíces das distintas especies medran ó igual que a parte aérea, a distintas profundidades, forman un filtro que retén contaminantes e impide que estes se despracen cara os ríos. Canto máis diversa e máis abandonada permaneza a sebe, mellor será este filtro depurador.

Son reguladores climáticos pois amortecen os ventos, reducen a radiación solar, proporcionan sombra, etc. Nas zonas de gando, ademais de facer de valado, crean un refuxio que protexe do vento, do frío e do sol; poden frear a dispersión de enfermidades; e non se poden depreciar os beneficios de enriquecer a dieta dos animais con vitaminas e micronutrientes que non atopan no pasto. Nas zonas agrícolas ou de produción froiteira, destacan as vantaxes no control do vento e do fomento da polinización xa que favorecen a presenza de insectos.



Imaxe 76: Sebe arbórea sobre acumulación de terra



Imaxe 77: Sebe de vimbios



Imaxe 78: Sebe arbórea moi naturalizada

#### 4.3.2.3 Aspecto económico

Facer valados de sebes e conservalos ten baixos custos, aínda que reduce a superficie produtiva. A sebe achega, ademais dos beneficios expostos, pequenos recursos como froitos silvestres ou estacas, de pouco valor económico, pero que teñen a vantaxe da proximidade e dispoñibilidade.

Cando nas sebes se intercalan árbores, con aproveitamento para madeira, que producen froitos comerciais ou as dúas cousas, estas producións poden compensar a perda de produtividade da superficie de terra dedicada a sebe.

#### 4.3.2.4 Establecemento das sebes

As sebes son de baixo custo, recursos renovables, fáciles de construír e de desmontar, ademais, no caso de desfacerse ou renovarse, achegan biomasa e madeira. O baixo custo do establecemento é máximo cando simplemente se deixan franxas nas que medra a vexetación espontánea. Cando o que se pretende é

pechar o gando, poden complementarse cun aramado lixeiro permanente, ou coa colocación dun aramado temporal para pastor eléctrico mentres a sebe non impida o paso dos animais.

Outra opción de baixo custo é o emprego de métodos de plantación de estacas de material vexetal vivo, recollido nas inmediacións, e que ten capacidade de prender por este método. Pode combinarse coa sementeira de plantas autóctonas para revexetación, que tamén poden ser recollidas *in situ* ou compradas. A preparación do terreo é simple, basta facer un rego co tractor e incorporar unha emenda orgánica.

Plantar árbores de formato forestal é outra opción de baixo custo e non deixa de ser un investimento a longo prazo, polo que é interesante incluílas nas sebes. Poden formar aliñacións continuas ou separarse a distancias regulares, sendo dunha única especie ou varias. As árbores son compatibles con calquera outro valado, sexa unha sebe ou non.



Imaxe 79: Sebe espiñosa ou de vexetación espontánea



Imaxe 80: Sebe de árbores bidueiros

#### 4.3.2.5 Promoción das sebes

Polas vantaxes que supoñen deben tomarse medidas para a conservación das sebes e os peches vexetais existentes, así como promocionarse o establecemento deste tipo de valados. Os esforzos por potenciar as sebes deben orientarse non só ó ámbito rural e ó residencial, senón de forma moi importante asociados ó dominio público da rede hidráulica e viaria.

Estender as sebes en torno á rede hidráulica e viaria ten grande interese, pois as terras son públicas e están dispoñibles e ocupan gran extensión, polo que xogan un papel importante na colectividade ecolóxica, na formación de paisaxe e na promoción mediante o exemplo. Ademais, manter franxas salvaxes en torno ós ríos ten beneficios para a calidade das augas continentais.

Existen en Europa novidosas políticas englobadas no denominado “GLAS” (*Green Low-Carbon Agri-Environment Scheme*) que están a promocionar o mantemento e recuperación dos valados tradicionais, tanto as sebes como os muros de pedra, polo seu valor patrimonial, paisaxístico e ecolóxico. Nesta liña, as



Imaxe 81: Sebe espiñosa ou de vexetación espontánea

axudas ás actividades agrogandeiras asociadas á política agraria común (PAC) inclúen entre as obrigas xerais que deben cumprir as explotacións, algunhas prescricións que promoven o mantemento das sebes (e outros valados pétreos), pola súa relación coa conservación das aves e a protección da fauna. Trátase da solicitude de autorización para a transformación ou eliminación da cuberta vexetal e da obriga de non alterar calquera particularidade topográfica ou elemento da paisaxe, tales como árbores illadas ou en ringleira, árbores en grupos que ocupen unha superficie máxima de 0,3ha ou lindes dunha anchura ata 10m, salvo que se posúa autorización para iso.

#### 4.3.2.6 Especies autóctonas nas sebes

No anexo 4 descríbense as especies autóctonas que medran nas sebes e que teñen interese para o seu uso no establecemento de novas sebes. Trátase de árbores e plantas adaptadas e con resultados probados no clima e terras locais. O interesante será escoller as especies de forma que coincidan maioritariamente coas que medran no contorno próximo. Exclúense especies ornamentais, en especial para as zonas residenciais, de instalacións agrogandeiras ou industriais.



Imaxe 82: Detalle dos froitos das silvas (*Rubus* sp)

G

GLOSARIO

**AGRA:** Grande extensión de terra de cultivo dividida en leiras ou agros que pertencen a distintos donos.

**AGRO:** Terreo de cultivo.

**ALVARIZA:** Construción consistente nun muro, xeralmente circular, onde se garda un conxunto de colmeas. Recinto ó aire libre, rodeado de paredes de pedra, destinado a protexer no espazo interior os trobos das abellas. Sitúanse nas abas dos montes orientadas cara ó nacente, adoitando xeralmente planta circular aínda que tamén elíptica, cadrada, rectangular ou mixta. Albiza, Abellariza, Abelleira, Albar, albarizal, comear, Cortín, Cortiño, Oseira. (Caamaño, M., 2003).

**ARREDOR:** Faixa de campo que rodea as leiras.

**ARRÓ:** Faixa de terra sen cultivar que limita as herdades.

**BANCAL:** Cada un dos valados de pedra que serven para conter as terras de cultivo nos terreos moi pendentes

**BARBEITO;** Terra de labor, de escasa calidade (Lorenzo, X., 1962) que se deixa descansar unha tempada sen sementar. Nestas terras cultivábase, segundo as zonas de Galicia, o centeo, trigo, millo e patacas.


**BOCAGE:** Paisaxe composta por pequenas parcelas irregulares separadas entre si por sebes, muros, cómaros e árbores que adoitan acompañar ós camiños.

**CARBALLEIRA:** Cortiña na que medran principalmente carballos (Lorenzo X., 1962)

**CAVADA:** Terreo que se cavou, xeralmente para dedicalo a cultivo

**CÓMARO:** Pequena elevación de terreo de pouca extensión, que nalgunhas ocasións se utilizaba como peche das herdades.

**COUTADA:** En xeral, é un anaco de monte pechado con muros ou sebes. En certos sitios, como en Viana do Bolo, dáselle este nome ó comunal que se veda durante o verán para pastala facenda e que preparan antes con rozas e queimas (Lorenzo, X., 1962).



Imaxe 83: Alvarizas

**CORTIÑA:** Terreo próximo á casa de labranza, xeralmente valado e de pequenas dimensións, dedicado fundamentalmente ao cultivo de cereais, hortalizas ou patacas.

**CORTELLO:** Finca cerrada de muro e que ten derredor videiras en forma de lata ou parras, dedicándose a centeo ou calquera outra caste de cultivo. (Lorenzo X., 1962)

**COUZÓN:** Saínte dunha porta, cancela, etc., sobre o que xira.

**CURRO:** Cerca de madeira ou de pedra onde se concentra o gando ceibo do monte, especialmente cabalarías e vacas.

**CHANTO:** Lousa ou pedra grande de pouco grosor, que se chanta na terra para cercar un lugar. Estaca que se crava na terra para construír un valado.

**CHOUA:** Terra de labor cercada, polo xeral de pouca extensión e situada preto da casa.

**DEVESA:** Terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado. Destinábase á leña.

**EIDO:** Terreo cultivado, que pode estar entre as terras que rodean a casa ou non.

**ESTIVADA:** Monte ou porción de monte queimado e cavado para ser cultivado con trigo ou centeo.

**GABIA:** Abertura longa e estreita que se fai nun terreo para levantar un valado, pór os cimentos, conducir a auga etc.

**HERDADE:** Propiedade rural pertencente a un só dono, composta pola casa, as terras, o gando etc.

**LEIRA:** Terreo de labranza. Segundo Lorenzo (1962) sinala un anaco de finca que se traballa dunha vez.

**MODARRÓN:** Faixa de terreo inulto deixado ó redor dunha herdade, arredor.

**MURA:** Bancal de terreo, terraplén natural ou artificial entre fincas ou dentro de fincas. Valado de terra ou pedra e terra arredor dunha leira. Bancal en finca de cultivo preparado cunha parede de pedra e chanzos para pasar dun a outro.

**NOIRO:** Bulto, inchazón de terra con maleza, valado. Superficie de terreo moi inclinada ou case vertical nun desnivel á beira dun camiño, estrada, etc.

**PASTA:** Peza alongada e estreita de granito que se usa para formar valados. Van chantadas verticalmente na terra (Caamaño, M., 2003).

**PECHE:** Construción de madeira, arame ou outro material, coa que se cerra unha propiedade.

**PORTAIRO:** Abertura nun valado ou parede para que poida pasar o gando, o carro, a maquinaria ou as persoas.

**PORTELA** Pequena abertura que se fai nun valado ou parede para que poida pasar o gando, o carro, a maquinaria ou as persoas. A que se fai no muro dun socalco adoita ter pasos para subir por ela.

**RIBAZO / RIBADA:** Porción de terreo con algunha elevación e declive, cuberta de vexetación espontánea que xeralmente separa as parcelas dos camiños e corredoiras.

**ROLEIRO:** Franxa de terreo sen cultivar que bordea unha leira.

**SEARA:** Nalgunhas zonas de Galicia utilízase para denominar á agra: Extensión de terreo de cultivo en que varios veciños posúen leiras. Tamén é utilizado como sinónimo de Estivada: monte cavado onde se sementa centeo ou trigo durante un ou máis anos e que logo se volve deixar a monte.

**SEBE:** Valo feito con varas e estacas cruzadas, arbustos, silvas, ramas, etc. Segundo Caamaño, M. (2003): “Valado formado con estacas e varas entretecidas, polas, silvas, etc para delimitar un terreo. Cómaro”.

**SOCALCO:** Cada un dos valados de pedra que serven para conter as terras de cultivo nos terreos moi pendentes. Terra de cultivo contida por un valado de pedra nun terreo moi pendente. Plataforma de estreitas faixas de terreo achairado formada nas ladeiras dos montes, sostida por un muro de contención, utilizada fundamentalmente para cultivo de vides. Arribada, banquetta, calzo, mura, paredón, patao, socarro, socalco (Caamaño, M., 2003)

**SOUTO:** Anaco de monte dedicado ós castiñeiros.

**TAPADA:** Anaco de terreo que e rodea con muros ou sebes, polo xeral dedicado a monte e leña (Lorenzo, X., 1962)

**TOUZA:** Terreo cerrado, con vexetación de árbores ou mato alto destinado a leña e estrume.

**VALADO:** Construción vertical non moi alta, de pedra, arame, terróns ou outro material coa que se cerra ou delimita un espazo. Cercado consistente nun muro baixo, xeralmente de pedra anque tamén poden ser de terra e vexetais, que delimita as herdades. Muro (Caamaño, M., 2003)

**VALO:** Construción vertical non moi alta, de pedra, arame, paus, terróns ou outro material, coa que se cerra ou delimita un espazo. Valado con material pétreo que presenta diversas solucións (Caamaño, M., 2003).

**VEDACIÓN:** As vedacións teñen dous obxectos: sinalar as extremas ou lindeiros e impedir o acceso a elas. (Lorenzo X., 2003). Esta palabra non está recollida no dicionario da Real Academia Galega.

**VEIGA:** Terreo baixo, amplo e fértil, xeralmente ás beiras dun río.

**VILAR:** Grande extensión de terra de cultivo dividida en leiras ou agros que pertencen a distintos donos.

**XISTO:** Rocha de orixe metamórfica de estrutura foliada.

**ZARRA:** Cerco de madeira ou de pedra para cerrar unha herdade (Caamaño, M., 2003).



B

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ROMERO, F.; BOUZA SIERRA, A. (2013): Los Cercados del Macizo del Corzán (Negreira, A Coruña). *Anuario Birgantino*, nº36, p. 23-42.

BALLESTEROS ARIAS, P.; BLANCO ROTEA, R. (2009): *Aldeas y espacios agrarios altomedievales en Galicia* en QUIRÓS CASTILLO, J. A. (Ed.) *The Archaeology of Early Medieval Villages in Europe. Documentos de Arqueología e Historia* (p. 115-135). Universidad del País Vasco, Servicio Editorial, Bilbao.

BALTAR TOJO, R. (1991): *Arquitectura y Preexistencias. Una Referencia Gallega*. Edicións do Castro, A Coruña.

BAS LOPEZ, B. (1983): *As Construcións Populares, un Tema de Etnografía de Galicia. Colección Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos, nº 44*. Ed. do Castro, Sada.

BOROBIO, M.; CASTILLO, F.; GARCÍA, M.; LÓPEZ, J.; LOUZAO, C.; NIETO, E.; PÉREZ, A. (2012): *Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística*. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

BOUHIER, A. (2001): *Galicia: Ensaio Xeográfico de Análise e Interpretación dun Vello Complexo Agrario*. Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Santiago de Compostela; Obra Social Caixanova, Vigo.

CAAMAÑO SUÁREZ, M. (2003): *As Construcións da Arquitectura Popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia*. Consello Galego de Colexios de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación.

CABANA IGLESIA, A. (2008): Lo que queda de las agras: La evolución del paisaje agrario en Galicia: A Terra Chá (1954-1968). *Revista de Estudos sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, nº7, p. 33-56.

CALVO IGLESIAS, S.; MÉNDEZ MARTÍNEZ, G.; DÍAZ VARELA, R. (2011): Los paisajes culturales de agras en Galicia y su dinámica evolutiva. *Revista de Estudos sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, nº10, p. 7-38.



Imaxe 84: Valado de cachotería de xisto no Caurel

CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS (1986): *Estudio de Reconocimiento Territorial de Galicia: Identificación y Explicación de Problemas Territoriales*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

CRECENTE MASEDA, R. (2001): *Concentración Parcelaria en Galicia: Caracterización e Avaliación*. Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Santiago de Compostela.

CRIADO BALADO, F. (2016): *Atlas Arqueolóxico da Paisaxe Galega*. Xerais, Vigo.

FARIÑA TOJO, J. (1980): *Los Asentamientos Rurales en Galicia*. Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid.

FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A. (1984): *Antropología de un Viejo Paisaje Gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Siglo XXI de España Editores, Madrid.

FERNÁNDEZ URQUIZA, J.J. (1922): *Cercas y Cerramientos. Colección Catecismo del agricultor y del gandero 41*. Ed. Calpe, Madrid.

FLORES RIVAS, L. H.; MINGOTE CALDERÓN, J. L.; BAS LÓPEZ, B. (2008): *Paisaxes Humanizadas. Terras Vividas*. Ed. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

GALLEGO JORRETO, J. M. (1975): *O Medio rural galego e a súa arquitectura en A Galicia Rural na Encrucillada* (p. 75-109). Ed. Galaxia, Vigo.

GARCÍA FERNÁNDEZ, J. (1975): *Organización del Espacio y Economía Rural en la España Atlántica*. Ed. Siglo XXI, Madrid.

LADRA, L.; VIDAL, X. (2010): Muros apiarios na Galiza interior: Os alvares do Caurel. *AÇAFA On-line*, nº3, p. 2-31.

LEMA SUÁREZ, X. M. (1977): *Bamiro. Un Estudo do Hábitat Rural Galego*. Publicacións do Colexio de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.

LIZANCOS MORA, P. (2005): *A Casa Contemporánea en Galicia*. A Nosa Terra, Vigo.

LORENZO FERNANDEZ, X. (1962): *Etnografía, Cultura Material* en OTERO PE-DRAIO, R. (Dir.) *Historia de Galiza, Tomo II*. Editorial Nós, Buenos Aires.

LORENZO FERNANDEZ, X. (1952): *Cierres de Fincas en el SE de Orense (Galicia) en Homenaje a Fritz Früger* (p. 175-185). Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza, Argentina.

LLANO CABADO, P. (2006): *Arquitectura Popular en Galicia. Razón e Construcción*. Ed Xerais, Vigo.

MARTÍNEZ CARNEIRO, X. L. (1997): *Antela, a Memoria Asolagada*. Ed. Xerais, Vigo.

NOGUÉ, J. (2010): *Paisatge, Territori i Societat Civil*. Tres i Quatre, Valencia.

O'FLANAGAN, P. (1996): *Xeografía Histórica de Galicia*. Xerais, Vigo.

FUERTES, Ó.; LAMELA, C.; PAÜL, V.; FERNÁNDEZ, I.; FIDALGO, L.; VARELA, F.; FERNÁNDEZ, C.; ULLOA, L. M. (2011): *Estudio de Usos y Plan de Mejora de la Carpintería de Ribeira de "O Charango"*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

PÉREZ ALBERTI, A. (1986): *A Xeografía: O Espacio Xeográfico e o Home*. Editorial Galaxia. Vigo.

PÉREZ, N.; CRECENTE, R.; ÓNEGA, F. J. (2012): *A consideración dos asentamentos rurais nos procesos de xestión de terras: O caso da concentración parcelaria e a ordenación de núcleos rurais* en CRECENTE, R., FRA, U. (Coord.) *Territorios a Examen. Trabajos de Ordenación Territorial. Cursos e congresos da Universidade de Santiago de Compostela N°211* (p. 71-90). Servizo de Publicacións e Intercambio Científico Campus Vida, Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ IGLESIAS, F.; GONZALEZ REBOREDO, X. M.; BAS LÓPEZ, B. et al. (1981): *Tomo XXIII Galicia Antropoloxía*. Hércules de Ediciones, A Coruña.

SAAVEDRA FERNANDEZ, P. (1985): *Economía, Política y Sociedad en Galicia: La Provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

SÁNCHEZ DE DIOS, A. (2014): *A reestruturación da propiedade como ferramenta de ordenación produtiva* en SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (Dir.) *A Terra en Galicia. Pasado, Presente e Futuro* (p. 72-93). Universidade Internacional Menéndez Pelayo-Concello de Lalín.

TORRES BÚA, M. (2007): *A Arquitectura en Galiza: Aproximación á Realidade Arquitectónica Xeral de Galiza dende a Prehistoria ata os Nosos Días*. Nigra Trea, Vigo.

VILLANUEVA DOMINGUEZ, C. (1999): *As Sebes, un refuxio para a biodiversidade*. *Río Revista Cultural Miñota*, nº5.

VILLARES, R. (1989): *La Propiedad de la Tierra en Galicia: 1500-1936*. Siglo XXI de España Editores, Madrid.

WEISS, A. (2001): *Topographic position and landform analysis*. *ESRI User Conference*, Vol.64, p. 227-245.

A

ANEXOS



Imaxe A.1: O Val da Donsagrada, 1925. Fonte: Arc Hispanic Society

A

## ANEXO 1. LEGISLACIÓN RELATIVA ÓS VALADOS

## CONTEXTO NORMATIVO AUTONÓMICO

### 1. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

#### TÍTULO VI. OS CAMIÑOS DE SANTIAGO

##### *Artigo 74. Natureza dos Camiños de Santiago.*

3. Son elementos funcionais dos Camiños de Santiago os que forman parte da súa fisionomía como peches, muros, cómaros, valados, pasos, pontellas, pontes, fontes, lavadoiros ou espazos similares, así como os destinados á súa conservación e servizo e os que sexan necesarios para o seu uso.

#### TÍTULO VII. BENS CULTURAIS ESPECÍFICOS

#### CAPÍTULO III. BENS QUE INTEGRAN O PATRIMONIO ETNOLÓXICO

##### *Artigo 92. Hórreos, Cruceiros e Petos de ánimas*

1. Son bens de interese cultural e quedan sometidos ao réxime xurídico previsto para este tipo de bens nesta lei, sen necesidade da tramitación previa do procedemento previsto no título I, os hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901.

Non se poderá autorizar a construción de peches perimétricos, totais ou parciais, a partir dos seus soportes, nin a construción de edificacións ou instalacións acaoadas a eles que afecten os seus valores culturais.

### 2. Construcións con pedra seca

Resolución do 31 de agosto de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, pola que se inclúe no Censo do patrimonio cultural a técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial.

### 3. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

#### TÍTULO I. RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO

#### CAPÍTULO III. RÉXIME DAS DISTINTAS CLASES E CATEGORÍAS DE SOLO

#### SECCIÓN 4. SOLO RÚSTICO

#### SUBSECCIÓN 2ª. CONDICIÓNS DE USO

##### *Artigo 35. Usos e actividades en solo rústico*

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

b) Muros de contención, así como valado de predios.

#### SUBSECCIÓN 4ª. CONDICIÓNS DE EDIFICACIÓN

##### *Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico*

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberase xustificar o cumprimento das seguintes condicións:

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

#### TÍTULO III

#### NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA

##### *Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe*



As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

#### *Artigo 92. Protección das vías de circulación*

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

#### **4. Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia**

##### TÍTULO II. A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE CARÁCTER PÚBLICO

##### CAPÍTULO III. O PROCEDIMENTO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

#### *Artigo 22. Contido das bases de reestruturación parcelaria*

A documentación que forma parte das bases de reestruturación parcelaria estará constituída por:

1. Un conxunto de planos parcelarios, que conterán:

b) A localización e cartografado da rede hidrográfica, construcións, muros, valados, ribazos e, en xeral, calquera outro elemento do terreo que, polo seu interese no procedemento, deba ser fielmente reflectida na cartografía.

#### **5. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia**

##### TÍTULO IV. PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO

##### CAPÍTULO II. USOS AUTORIZABLES

#### *Artículo 43. Usos autorizables na zona de dominio público*

2. Na zona de dominio público adxacente só se poderán autorizar os seguintes usos:

a) Usos autorizables na explanación da estrada e nos seus elementos funcionais.

#### *Artigo 46. Usos autorizables entre a estrada e a liña límite de edificación*

Entre a estrada e a liña límite de edificación prohibese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por baixo da rasante do terreo, os pechos non diáfanos ou de fábrica, así como a instalación, excepto cruces, dos apoios das redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos, coas excepcións establecidas na presente lei ou no seu regulamento, en caso de elementos que non teñan carácter edificatorio.

O réxime establecido na presente lei non modificará, en ningún caso, o disposto na normativa urbanística para os edificios fóra de ordenación.

#### **6. Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre**

##### CAPÍTULO II. AUTORIZACIÓNS NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

#### *Artigo 2º.-Obxecto da autorización*

2. Con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto noutra normativa sectorial que resulte de aplicación, na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre só se poderán autorizar, de conformidade co plan urbanístico en vigor:

h) Os cerrumes, que poderán ser opacos ata unha altura máxima dun metro e obrigatoriamente diáfanos por encima da devandita altura con, cando menos, un 80 por 100 de ocós, salvo que se empreguen elementos vexetais vivos. Así mesmo, poderán autorizarse cerrumes vencellados aos de concesións no dominio público marítimo-terrestre coas características que se determinen no título concesional.

### 7. Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)

*(Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio)*

#### 4. DETERMINACIÓNS

#### 8. A PAISAXE

##### *Determinacións orientativas*

8.6. O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestado especial atención ás tipoloxías edificatorias, ás medianeiras vistas e aos peches, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, ao alumeado público, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiro de vehículos.

### 8. Plan de Ordenación do Litoral (POL)

*(Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia)*

#### TÍTULO I MARCO XURÍDICO

Inclúe a referencia á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) que é moi similar ó contemplado na vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia nos

seus artigos 91 e 92, polo que devandita alusión se debe interpretar dentro do novo marco xurídico xa referenciado no apartado dedicado a esta norma.

#### TÍTULO IV.- NORMAS XERAIS

#### CAPÍTULO I.- USOS

#### SECCIÓN 1.- REGULACIÓN DE USOS CON CARÁCTER XERAL

##### *Art. 46.- Usos e actividades*

Para os efectos do presente plan, sen prexuízo do establecido nel para os desenvolvementos urbanísticos, os usos e actividades admisibles nos solos clasificados polo planeamento como rústicos e, polo tanto, non sometidos a procesos de urbanización serán os seguintes:

#### 2. Actividades e usos construtivos:

i. Muros de contención, así como peches ou valado de fincas.

#### SECCIÓN 2.- REGULACIÓN DE USOS ESPECÍFICA PARA CADA ELEMENTO

##### *Art. 52.- Regulación de usos específica para cada elemento*

1. Establécense a continuación os usos permitidos, compatibles e incompatibles para cada área continua ou descontinua do POL.

2. Co obxectivo de facilitar a coordinación administrativa, así como a aplicabilidade do Plan, pormenorizáronse os usos recollidos na LOUG, así como aqueles outros indicados polos organismos sectoriais ou os que foron necesarios para a completa consecución dos obxectivos do Plan.

##### *Art. 53.- Protección intermareal:*

3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A2, 1B2, 1D, 1E, 1G, 1H, 1I, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2I, 2J1, 2J2, 2K, 2L2, 2N e 2P.

*Art. 54.- Protección costeira:*

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1I, 2E2, 2F, 2G1a, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

*Art. 55.- Mellora ambiental e paisaxística*

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1I, 2E2, 2F, 2G1a, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

*Art. 56.- Ordenación*

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafe 1A1, 1A2, 1B1, 1B2, 1C, 1D, 1F, 1H, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E2, 2F, 2H, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2L2, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2P, 2Q, 2R, 3A, 3B, 3C e 3D.

*Art. 57.- Corredor*

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1A2, 1I, 2A1, 2A3, 2E2, 2F, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

*Art. 58.- Espazos de interese*

2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1A2, 1I, 2B, 2C, 2D, 2E2, 2F, 2G1a, 2G2, 2I, 2J1, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2Q, 2R e 3C.

TÍTULO V. NORMAS COMPLEMENTARIAS

CAPÍTULO I PAISAXE

Recóllense a continuación unha serie de determinacións que servirán de base para a protección, ordenación e xestión da paisaxe litoral, en tanto en canto se desenvolven os Catálogos e Directrices de Paisaxe, ambos instrumentos específicos da Lei 7/2008.

*Art. 75.- Criterios xerais de integración*

e. Os elementos preexistentes de valor deben incorporarse ao proxecto. Evitárase, polo tanto, a eliminación de resaltes do relevo, a cubrición de canles naturais, así como a destrución de peches, bancais ou camiños tradicionais.

h. Nos núcleos de carácter tradicional e nos contornos rurais, co fin de integrar ao máximo as actuacións construtivas e de manter os hábitats que contribúan á conservación da biodiversidade, considérase necesario o mantemento da vexetación autóctona ou de singular valor presente nos terreos, así como a conservación das sebes e vexetación asociada aos peches dos terreos.

j. O deseño do edificio e do terreo, os espazos anexos e a súa articulación co contorno han de resolver axeitadamente a forma de inserirse na paisaxe do lugar, valorando as súas calidades e respectando e recuperando, se é posible, as pegadas valiosas existentes en cada terreo e en cada parcela, tales como edificios, cercas e muros, rodais e árbores ou sebes, regueiros, camiños ou rochedos. A selección de especies para revexetación debe ser coherente coas do contorno, evitando as de carácter ornamental ou alleas ao dominio bioclimático.

*Art. 76.- Criterios específicos de integración*

Os distintos instrumentos de planeamento deberán establecer os criterios específicos de integración para cada actuación prevista.

Para tal efecto analizaranse:

j. Os peches e valados.

*Art. 77.- Áreas e sectores de actividade industrial e económica*

g. Débese evitar na medida do posible a utilización de peches opacos. Os peches sinxelos, transparentes e discretos, que actúan como filtros, establecen un mellor diálogo coas edificacións e o contorno do polígono.

## 9. Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia

(Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran Zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000)

### TÍTULO II. MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

#### Artigo 7. Patrimonio natural e biodiversidade

[...] Por outra banda, no presente plan e de forma complementaria aos tipos de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, emprégase un sistema xerarquizado de unidades ambientais establecidas, tendo en conta as características dos compoñentes do sistema natural, socioeconómico e territorial de Galicia. Empregando como base o concepto bioxeográfico de hábitat e as principais clasificacións empregadas en Europa (*Corine Biotopes*, *Corine Land Cover*, *Eunis Habitat*), procedeuse a estruturar unha clasificación de unidades ambientais homoxéneas, aplicable ao conxunto do territorio galego e orientada á valoración dos compoñentes clave para a biodiversidade, como dos usos e aproveitamentos derivados das distintas actividades humanas.

Como unidade ambiental (UA) defínese a porción do territorio que, posuíndo características xeográficas e ecolóxicas homoxéneas, mostra unha resposta tamén homoxénea fronte ás accións derivadas dos procesos antrópicos, constituíndo o elemento básico para sustentar a planificación e xestión dun espazo natural. O sistema de unidades ambientais inclúe máis de 70 tipos distribuídas en 9 grupos, que representan medios de carácter natural (hábitats mariños e costeiros, zonas húmidas continentais, matogueiras e medios rochosos, bosques naturais e seminaturais), como outros derivados da súa transformación antrópica (paisaxe rural tradicional, paisaxe rural transformada) ou vinculados directamente con sistemas artificiais (zonas húmidas artificiais, áreas urbanas e industriais, vías e liñas de abastecemento). Cada unidade ambiental defínese por un conxunto determinado de hábitats característicos, que de forma conxunta representan a maior cobertura da unidade cartográfica, representando xeralmente máis do 70 % da súa superficie. Os hábitats característicos de cada unidade ambiental mostran un importante grao de similitude derivado das súas características ecolóxicas ou do seu uso e aproveitamento. En consecuencia, posúen unha representa-

ción fisionómico-ecolóxica homoxénea que pode ser identificada e representada espacialmente a través dunha cartografía temática. O resto da cobertura da tesela (<30 %) pode asignarse a hábitats secundarios. O sistema de unidades ambientais establece unha correspondencia cos tipos de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE.

O sistema de unidades ambientais establecido polo Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia inclúe os seguintes grupos e tipos de unidades ambientais:

[...]

UA500 Paisaxe rural tradicional.

UA510 Mosaico rural de pequenas parcelas pechadas.

UA520 Mosaico rural con emparrados, labradíos e prados.

UA530 Mosaico rural con campos sen sebes.

UA531 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas.

UA532 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbóreas.

UA533 Mosaico rural con viñas en socalcos.

UA540 Mosaico rural de áreas de montaña.

[...]

### TÍTULO V. MEDIDAS DE XESTIÓN

#### CAPÍTULO II. MEDIDAS E NORMATIVA POR COMPOÑENTES

##### SECCIÓN 2ª. BIODIVERSIDADE

##### SUBSECCIÓN 2ª. HÁBITATS DO ANEXO I DA DIRECTIVA 92/43/CEE

#### Artigo 42. Hábitats costeiros

5. Actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario.

e) A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

#### *Artigo 44. Zonas húmidas continentais*

5. Actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario.

i) A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas húmidas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

#### *Artigo 45. Matogueiras e medios rochosos*

5. Actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario.

c) A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas ocupadas por matogueiras de aproveitamento gandeiro.

#### *Artigo 46. Bosques*

5. Actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario.

e) A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

i) Os cerramentos e valados que non estean conformados por especies vexetais autóctonas, nin por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, nin por madeira ou estacas e arame, así como aqueles que impidan a circulación da fauna silvestre, ou que supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de illamento das especies de interese para a conservación.

#### *Artigo 47. Agrosistemas tradicionais*

1. Relación entre hábitats e unidades ambientais.

a) As áreas ocupadas polos agrosistemas tradicionais na actualidade tipifícanse dentro do grupo de unidades ambientais UA500, baixo a epígrafe de Paisaxe rural tradicional: UA510 Mosaico rural de pequenas parcelas pechadas, UA520 Mosaico rural con emparrados, labradíos e prados, UA530 Mosaico rural con campos sen sebes UA531 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas, UA532 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbóreas, UA533 Mosaico rural con viñedos en socalcos, UA540 Mosaico rural de áreas de montaña, UA550 Pequenas zonas húmidas seminaturais de uso extensivo.

As unidades ambientais UA510 a UA540 reflicten os diversos sistemas de aproveitamento tradicional do territorio galego que persisten nas principais unidades paisaxísticas de Galicia. Na diferenciación dos sistemas rurais consideráronse os tipos de usos agrícola-gandeiros dominantes (labradíos, prados, hortas, campos abandonados, etc.), as formas de cultivo (emparrados, socalcos), a delimitación das unidades de explotación (campos con sebes arbóreas, arbustivas, ou campos sen sebes).

A última unidade ambiental deste grupo (UA550), corresponde a pequenas zonas húmidas cuxa estrutura e composición biocenótica está vinculada cos usos e aproveitamentos tradicionais do territorio.

2. Obxectivos de conservación.

c) Mantemento dos sistemas tradicionais de deslindamento (sebes, muros, etc.) que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies de interese para a conservación.

5. Actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario.

c) A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

h) Os cerramentos e valados que non estean conformados por especies vexetais autóctonas, nin por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, nin por madeira ou estacas e arame, así como aqueles que impidan a circulación da fauna silvestre, ou que supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de illamento das especies de interese para a conservación.

#### 6. Indicadores de seguimento.

Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vivir e controlar o estado de conservación dos hábitats presentes nos agrosistemas tradicionais galegos, así como das poboacións de flora e fauna presentes nestes para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

Entre estes indicadores cabe citar:

c) Superficie ocupada por elementos dos sistemas tradicionais de deslindamento dos campos (sebes, muros, etc.).

#### SUBSECCIÓN 3ª. ESPECIES DE INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

##### *Artigo 52. Herpetofauna*

4. Actuacións que non supoñen unha afección apreciable sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación.

c) Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, e que non impidan a circulación da fauna silvestre (colocando os dispositivos que sexan necesarios), permitindo a conectividade e a permeabilidade das especies de interese para a conservación.

##### *Artigo 53. Aves*

4. Actuacións que non supoñen unha afección apreciable sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación.

b) Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame, que constitúen importantes zonas de refuxio de aves de interese para a conservación e que permiten a conectividade e a permeabilidade das poboacións de aves, colocando os dispositivos que sexan necesarios para tal finalidade.

##### *Artigo 54. Mamíferos*

4. Actuacións que non supoñen unha afección apreciable sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación.

b) Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame, e que permiten a conectividade e a permeabilidade das poboacións de mamíferos, colocando os dispositivos que sexan necesarios para tal finalidade.

#### SECCIÓN 3ª. ACTIVIDADES

##### *Artigo 56. Usos agropecuarios*

#### 2. Directrices.

f) Nos terreos agrícolas e nos pastos procurarase respectar a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nos lindeiros de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos elementos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestres. Vela-rase, especialmente, polo mantemento daqueles elementos que:

1º) Sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas.

2º) Constitúan os últimos lugares de refuxio, cría ou alimentación para os elementos silvestres de flora e fauna, por perduraren en paisaxes agrarias ou gandeiras fortemente degradadas.

3º) Establezan corredores biolóxicos entre áreas de maior naturalidade que eviten o illamento xenético das poboacións.

4º) Os cercados e valados en terreos rurais deberán construírse de tal forma que non impidan a circulación da fauna silvestre axustándose ás normas sectoriais e ás recollidas neste plan. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, colocando dispositivos que faciliten a circulación da fauna silvestre.

### 3. Normativa xeral.

b) Coa finalidade de asegurar un uso sustentable dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións agropecuarias tradicionais, consideraranse actuacións suxeitas a unha adecuada avaliación das súas repercusións e posterior autorización por parte do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza as seguintes:

3ª) A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

#### *Artigo 58. Usos cinexéticos e piscícolas*

### 3. Normativa xeral.

b) Consideraranse como actividades sometidas a autorización as que se relacionan a continuación:

3ª) Os cerramentos e valados de terreos con carácter cinexético, que deberán ser construídos de tal maneira que, na totalidade do seu perímetro, non impidan a circulación da fauna silvestre non cinexética e eviten os riscos de endogamia nas especies cinexéticas. Neste sentido, prestarase especial atención a que os devanditos peches garantan a conectividade e permeabilidade dos hábitats naturais, e que, así mesmo, permitan a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de interese para a conservación.

#### *Artigo 60. Infraestruturas e obras*

### 2. Directrices.

i) Co fin de evitar as afeccións sobre hábitats de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación da fauna e flora silvestre na planificación das novas vías, así como nos labores de mantemento das existentes, establécense as seguintes directrices:

2ª) Empregaranse especies vexetais autóctonas na configuración das sebes das medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

j) Nas obras de restauración ou de rexeneración ambiental seguiranse ademais, os seguintes criterios:

1º) Evitaranse os muros de formigón armado, diques formigonados, diques secos ou noiros de pedra. Empregaranse unicamente naqueles tramos onde, debido á existencia de construcións previas ou polas características erosivas, non é factible empregar outro tipo de medidas.

5º) O mantemento ou modificación das construcións existentes deberá formularse de cara á restauración das condicións ecolóxicas. Substituiranse no posible os muros verticais, diques ou noiros de pedra.

### CAPÍTULO III. NORMATIVA ZONAL

#### *Artigo 68. Ordenación do territorio e urbanismo*

### 1. Normas específicas para a Zona 1: Área de Protección.

### b) Usos e actividades autorizables.

5º) A construción de muros de contención e o peche ou valado de terreos gardando as distancias coas vías públicas que regulamentariamente se establezan na lexislación ou na planificación sectorial vixente, sempre que os peches e valados sexan preferentemente vexetais, con especies autóctonas, incluíndo tamén os feitos de madeira ou estacas de madeira e arame ou empregando o pastor

eléctrico, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, salvo en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se empracen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, salvo que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine. Ademais, os ditos muros realizaranse, de modo que permitan a permeabilidade dos hábitats e o fluxo ou circulación das especies de interese para a conservación, e que non favorezan polo tanto a fragmentación dos ecosistemas nin o illamento das poboacións, colocando os dispositivos necesarios para que cumpran a dita función.

## CONTEXTO NORMATIVO ESTATAL

### 1. LEI 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

*(modificada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade)*

#### TÍTULO III. CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

#### CAPÍTULO IV. DA PROTECCIÓN DAS ESPECIES EN RELACIÓN COA CAZA E A PESCA CONTINENTAL

*Artigo 65. Especies obxecto de caza e pesca.*

*3. Con carácter xeral establécense as seguintes prohibicións e limitacións relacionadas coa actividade cinxética e acuícola en augas continentais:*

*f) Os cercados e valados de terreos, cuxa instalación estará suxeita a autorización administrativa, deberanse construír de tal forma que, na totalidade do seu perímetro, non impidan a circulación da fauna silvestre non cinxética e eviten os riscos de endogamia nas especies cinxéticas. As administracións públicas competentes establecerán a superficie mínima que deben ter as unidades de xestión para permitir a instalación destes cercados e así garantir a libre circulación da fauna silvestre non cinxética e evitar os riscos de endogamia nas especies cinxéticas.*

*Para os cercados e valados non cinxéticos as comunidades autónomas poderán excluír esta obriga por causas de sanidade animal.*

### 2. Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas

*(modificada pola Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral, e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas)*

#### TÍTULO II. LIMITACIÓNS DA PROPIEDAD SOBRE OS TERREOS CONTIGUOS Á RIBEIRA DO MAR POR RAZÓNS DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

#### CAPÍTULO II. SERVIDUMES LEGAIS



## SECCIÓN 1.ª SERVIDUME DE PROTECCIÓN

### Artigo 24

2. Nos primeiros 20 metros desta zona poderanse depositar temporalmente obxectos ou materiais botados polo mar e realizar operacións de salvamento marítimo; non se poderán levar a cabo cerramentos, salvo nas condicións que se determinen regulamentariamente. Os danos que se ocasionen polas ocupacións a que se refire o parágrafo anterior serán obxecto de indemnización segundo o previsto na Lei de expropiación forzosa.

**3. Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo” (nova redacción do título dada tras a aprobación do Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril).**

*(Modificado polo Real decreto 638/2016, do 9 de decembro, polo que se modifican o Regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril; o Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, e outros regulamentos en materia de xestión de riscos de inundación, caudais ecolóxicos, reservas hidrolóxicas e verteduras de augas residuais)*

## TÍTULO PRIMEIRO. DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO ESTADO

### CAPÍTULO II. DOS LEITOS, RIBEIRAS E MARXES

*Artigo 9 bis. Limitacións aos usos na zona de fluxo preferente en solo rural.*

*Co obxecto de garantir a seguridade das persoas e bens, de conformidade co previsto no artigo 11.3 do TRLA, e sen prexuízo das normas complementarias que poidan establecer as comunidades autónomas, establécense as seguintes limitacións nos usos do solo na zona de fluxo preferente:*

*1. Nos solos que se encontren, na data de entrada en vigor do Real decreto 638/2016, do 9 de decembro, na situación básica de solo rural do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, non se permitirá a instalación de novas:*

*e) Invernadoiros, cerramentos e valados que non sexan permeables, tales como os peches de muro de fábrica estancos de calquera clase.*

### 4. Plans hidrolóxicos

As bacías do territorio galego encádranse en catro demarcacións hidrográficas diferentes: 1) Galicia Costa, 2) Miño-Sil, 3) Cantábrico Occidental, 4) Douro

Os plans hidrolóxicos correspondentes inclúen a referencia citada no Regulamento do Dominio Público Hidráulico anterior.

O plan hidrolóxico da Demarcación hidrográfica do Cantábrico Occidental concreta o tratamento dos cerramentos e valados na zona inundable maior á zona de fluxo preferente.

*Este plan foi aprobado mediante o Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Xúcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Douro, Texo, Guadiana e Ebro.*

### *Plan hidrolóxico do Cantábrico Occidental*

## CAPÍTULO VII: PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO E CALIDADE DAS AUGAS.

### SECCIÓN I. NORMAS XERAIS

*Artigo 40. Limitacións aos usos na zona de policía inundable*

*1. De conformidade co artigo 11.3 do TRLA, sen prexuízo do que estableza o Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica do Cantábrico*

*Occidental para o período 2015-2021, independentemente da situación básica do solo dos terreos con risco de inundación, de acordo co disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, nos puntos seguinte establécense as limitacións no uso da zona de policía inundable.*

*2. De conformidade co artigo 9.2 do RPDH, na zona de fluxo preferente só poderán ser autorizados pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico os usos e actividades permitidos nesta zona que non presenten vulnerabilidade fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento da dita zona. Consecuentemente, con carácter xeral, nesta zona non poderán ser autorizados:*

*e) Cerramentos e valadors que non sexan permeables, tales como os peches de muro de fábrica de calquera clase.*

*5. En terreos en situación básica de solo rural segundo o disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, todos os usos que resulten vulnerables deberán dispoñerse a unha cota non alcanzable pola enchente de período de retorno de 500 anos, con excepción dos núcleos rurais delimitados graficamente nos planeamentos aprobados definitivamente, cando a lexislación de ordenación territorial e urbanística non lles atribúa a condición de solo urbano ou asimilada, aos cales se lles aplicarán as limitacións dos números 3 e 4. Nestes terreos tampouco se poderán autorizar, ata a liña de delimitación da enchente de 100 anos de período de retorno, as actividades recollidas no número 2, agás as referidas nas epígrafes e), f) e j), sempre que os cerramentos e valados sexan permeables.*

A

## ANEXO 2. METODOLOXÍA

## 1 DESCRICIÓN XERAL

O presente anexo desenvolve aqueles aspectos máis técnicos da metodoloxía empregada para a mostraxe de valados tradicionais e o tratamento dos datos recollidos, a cal foi exposta de forma conceptual no apartado 2.1. *Metodoloxía*.

Para iso descríbese o proceso seguido a través do exemplo da comarca paisaxística de Muros da Gran área de Rías Baixas.

A metodoloxía propón unha análise da paisaxe de tipo multicriterio e xeoespacial fundamentada no estudo do seu carácter, LCA (*Landscape Character Assessment*).

O proceso cartográfico desenvólvese a través dun método semiautomático de análise espacial e estatística, baseado na combinación de mapas, ata acadar unha cartografía de áreas homoxéneas en base ós atributos das variables da base conceptual previamente definida.

A continuación realízase unha mostraxe aleatoria estratificada en cada comarca paisaxística para identificar un punto de forma aleatoria dentro de cada un dos tipos de áreas homoxéneas. Tras esta mostraxe aleatoria realízase un filtrado e completado dos puntos mediante o recoñecemento da súa localización a través de fotografías aéreas e imaxes de satélite, tento como resulta un conxunto de puntos de mostraxe dirixida.

A análise destes puntos dá lugar á selección daqueles para o traballo de campo, que serán finalmente os exemplos de valados documentados. A información da base de datos final destes puntos é procesada para a identificación dos tipos de valados característicos de cada comarca.

Na figura A.1. preséntase un diagrama resumo da metodoloxía desenvolvida.



Figura A.1. Esquema do proceso metodolóxico desenvolto para a identificación dos valados característicos de cada comarca paisaxística




Mapa A.1. Formas do relevo

Forma de relevo	Criterio
Cumio/divisoria	$Z_0^* > SD^{**}$
Ladeira	$SD \geq Z_0 > 0.5SD$ $0.5SD \geq Z_0 \geq -0.5SD$ , pendente $> 5^\circ$ $-0.5SD > Z_0 \geq -SD$
Val	$Z_0 < SD$
Chaira/depresión	$0.5SD \geq Z_0 \geq -0.5SD$ , pendente $\leq 5^\circ$


\*Z<sub>0</sub>: valor do índice TPI para o píxel obxecto de clasificación

\*\*SD: desviación estándar do índice TPI

Táboa A.1: Clasificación de formas de relevo a partir do Índice TPI. Fonte: Weiss (2001)




Mapa A.2. Litoloxía




Mapa A.3. Zonas de potencial conservación

Uso	Potencial de conservación
Forestal	Moi baixo
Froiteiro	Alto
Pasto con arborado	Alto
Pasto arbustivo	Medio
Pastizal	Alto
Terras arables	Alto
Horta	Alto
Viñedo-froiteiro	Moi alto

Táboa A.2: Potencial de conservación segundo os usos do solo



Mapa A.4. Modelo de organización agraria. Fonte: Bouhier (2001)



**Ocupación do Solo e Relevo**

- Mato-valle
- Mato-llanura
- Mato-ladera
- Mato-cumbre
- Arboredo-valle
- Arboredo-llanura
- Arboredo-ladera
- Arboredo-cumbre
- Cultivos e prados-valle
- Cultivos e prados-llanura
- Cultivos e prados-ladera
- Cultivos e prados-cumbre
- Viñedo-valle
- Viñedo-llanura
- Viñedo-ladera
- Viñedo-cumbre
- Zona transformada
- Praias e cantís
- Zonas queimadas

**Organización Agraria (Bouhier)**

- Bancais
- Bocage
- Grandes agras peches lixeiros e sebes
- Grandes agras con bancais ou muros de retención
- Grandes openfields
- Muros en grandes areas
- Pequenas agras, muros
- Pequenos open fields atlánticos
- Viñedos en socalcos de fondo de valle

**Xeoloxía**

- Esquistos e afíns
- Granitos e pizarras
- Tesela estudo

Mapa A.5. Áreas homoxéneas para os valores das cepas da base conceptual

## 2 PROCESO CARTOGRÁFICO

### 1) ANÁLISES DAS CAPAS DE INFORMACIÓN DA BASE CONCEPTUAL

#### a. Formas do relevo (índice TPI)

A identificación das formas do relevo realízase usando técnicas de análise de modelos dixitais de elevacións a través de sistemas de información xeográfica. En concreto emprégase o índice TPI (*Topographic Position Index*, Weiss, 2001), implementado no programa SAGA.

O TPI avalía a posición topográfica relativa do punto central da área de análise como a diferenza de elevación do devandito punto e a elevación media dunha xanela flotante definida previamente, permitindo clasificar o terreo en diferentes unidades de relevo en base á súa posición de ladeira. Valores positivos de TPI indican que o punto central ocupa unha posición topográfica superior á media dos seus veciños, mentres que os valores negativos indican unha posición inferior. O rango de valores de TPI é dependente da escala e, por tanto, da resolución espacial do modelo dixital e do tamaño de xanela flotante considerada no cálculo. Para este estudo tómase unha xanela flotante de 1500m e un modelo dixital de elevacións de 25m de resolución, elaborado a partir dos datos LIDAR PNOA 2009-2010, adecuado para unha análise a mesoescala ou escala rexional.

Como resulta, clasifícanse as formas do relevo de Galicia (Mapa A.1) segundo o método de Weiss (2001), determinando 4 clases discretas de posición no relevo usando os criterios definidos na Táboa A.1.

#### b. Litoloxía

A cartografía da litoloxía de Galicia empregouse reclasificando os tipos de rochas en dous grandes tipos: granitos e xistos (Mapa A.2)

#### c. Zonas de potencial conservación

A identificación das zonas de potencial existencia de valados tradicionais realízase a través de dous procesos:

#### c1. Exclusión das zonas intensamente transformadas.

Selecciónanse as áreas clasificadas en SIOSE como: coberturas artificiais, coníferas, eucaliptos, eucaliptos e coníferas, instalacións deportivas, reboacións forestais, sistemas xerais de transporte, zonas de extracción ou vertido e zonas urbanas.

#### c2. Clasificación do espazo agroforestal segundo a súa potencialidade para a conservación dos valados.

Analízanse os datos de usos do espazo agrícola aportados tanto por SIXPAC como por SIOSE, co fin de definir varias categorías que axudaran a estratificar a mostraxe estatística. Deste xeito, a superficie non excluída por estar intensamente transformada foi clasificada en catro grandes grupos de uso (forestal, cultivos, pastos e viñado) con diferente potencial de conservación (Táboa A.2 e Mapa A.3)

#### d. Modelo de organización agraria de Bouhier

Trátase da cartografía dixitalizada do traballo de Abel Bouhier (2001) (Mapa A.4)


### 2) ANÁLISE DE ÁREAS HOMOXÉNEAS PARA OS VALORES DA BASE CONCEPTUAL

A identificación e delimitación de áreas homoxéneas para os valores das capas de información da base conceptual realízase a través da combinación das 4 capas anteriores mediante o emprego de sistemas de información xeográfica.

En total xorden 665 tipos de zonas homoxéneas ou tipos de teselas, resultantes da combinación das 4 clases de formas do relevo, 2 clases de litoloxía, 4 clases de zonas de potencial conservación e 9 clases do modelo de organización agraria de Bouhier.

Cada tipoloxía de tesela supón unha casuística da combinación dos valores das 4 capas de información da base conceptual, polo que, *a priori*, o territorio que abranguen presenta o mesmo grado de potencialidade para a existencia de valados tradicionais (Mapa A.5)





Mapa A.6. Distribución dos puntos de mostraxe na comarca de Muros

Figura A.2: Detalle dos datos documentados para cada punto de mostraxe

Id	Orixe	Uso	Estado	Tradicional	Tipo	Material
081007	Dirixido	Sen uso	Abandonado	Tradicional	Pétreo	Pedra Cachotes

Posición	Sistema constructivo	Altura	Observacións
Perimetral	Muro de pedras de granito amontoadas, con algún canto rodado	Varias	Tramos en mal estado

Id	Orixe	Uso	Estado	Tradicional	Tipo	Material
081013	Mostraxe aleatoria	Prado	En uso	Novo	Pétreo	Formigón

Posición	Sistema constructivo	Altura	Observacións
Frontal	Valado baixo de formigón con dúas pedras nos extremos	<0,7m	



Imaxe A.2. Fotografía do punto de mostraxe 081007



Imaxe A.3. Fotografía do punto de mostraxe 081013

### 3 MOSTRAXE

O punto de partida da mostraxe é a cartografía de áreas homoxéneas ou teselas onde cada unha das tipoloxías resultantes abrangue características homoxéneas en canto ás variables da base conceptual.

Para garantir a consideración das particularidades e singularidades de cada comarca se procede a realizar unha mostraxe aleatoria estratificada en cada unha delas. Isto significa que se identifica un punto de forma aleatoria dentro de cada un dos tipos de áreas homoxéneas de cada comarca.

Tras esta mostraxe aleatoria realízase un filtrado dos puntos mediante o recoñecemento da súa localización a través de fotografías aéreas (Imaxe A.4). Se no punto seleccionado inicialmente non é probable atopar valados, realízase un desprazamento dirixido dentro da tesela para a procura de potenciais localizacións con valados tradicionais.


Posteriormente enriquecese a mostra mediante a incorporación de novos puntos seleccionados de modo dirixido, atendendo a consideracións de interese, proporcionalidade ou singularidade.

### 4 PROCESAMENTO DOS DATOS E RESULTADOS

Como resultado da mostraxe analízase a información sobre valados tradicionais nun total de 5.156 localizacións distribuídas homoxeneamente por toda Galicia.

Unha vez filtrados e analizados os puntos, realízase o traballo de campo. Documentáanse 1692 valados a través de fotografías e toma de datos relativos ó material co que foron construídos, ó sistema construtivo, ó uso asociado, á disposición respecto da parcela, ó estado de conservación e as súas dimensións, principalmente a altura. Inclúese asemade o material fotográfico asociado, téndose realizadas un total de 2.464 fotografías. As cifras e detalle destes datos para o caso de exemplo da comarca de Muros amósanse no Mapa A.6, a Figura A.2 e a Táboa A.3.

A partires da análise desta base de datos foron identificados os tipos de valados dominantes e característicos de cada comarca paisaxística. As principais cifras destes proceso figuran resumidas por grande área paisaxística no apartado 2.1.



Imaxe A.4: Filtrado dos puntos de mostraxe nunha zona da comarca de Muros. Arriba: ortofoto do Voo Americano 1956-57; Abaixo: ortofoto do PNOA 2014

Id.	Orixe	Uso	Estado	Tradicional	Tipo	Material	Posición	Sistema constructivo	Altura	Observacións	Foto1	Foto2	Foto3	Foto4
081001	Dirixido	Cultivo	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Perimetral	Muro de pedras de granito amontoadas	0,7 - 1m	Tramos en mal estado	081001_01	081001_02	081001_03	
081002	Dirixido	Mato	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra fincada	Perimetral	Grandes pedras de granito irregulares, fincadas ou amontoadas	1 - 1,5m		081002_01	081002_02		
081003	Dirixido	Residencial	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra fincada	Frontal	Grandes pedras de granito fincadas en vertical. A parte superior do muro son pequenas pedras amontoadas sobre as anteriores	> 1,5m		081003_01			
081004	Dirixido	Cultivo	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Muro de cachote rematado con pedras planas. Sobre este muro, pedras mais irregulares e de maior tamaño amontoadas	> 1,5m		081004_01			
081005	Dirixido	Residencial	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Socalco de pedra rematado con grandes pedras planas	1 - 1,5m	Detalle de pasos de pedra no muro	081005_01	081005_02		
081006	Dirixido	Sen uso	Abandonado	Novo	Pétreo	Formigón bloques	Perimetral	Muro de bloque con viguetas de formigón	0,7 - 1m		081006_01			
081007	Dirixido	Sen uso	Abandonado	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Perimetral	Muro de pedras de granito amontoadas, con algún canto rodado	varias	Tramos en mal estado	081007_01	081007_02	081007_03	081007_04
081008	Mostraxe aleatoria	Sen uso	Abandonado	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Perimetral	Muro de pedras de granito amontoadas, con algún canto rodado	varias	Tramos en mal estado	081008_01	081008_02	081008_03	081008_04
081009	Dirixido	Prado	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Muro de grandes pedras de granito amontoadas	1 - 1,5m		081009_01			
081010	Dirixido	Prado	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes e chantos	Perimetral	Grandes lousas de granito irregulares, fincadas a distancia variable. Entre elas muro de cachote de pedras pequenas	1 - 1,5m		081010_01	081010_02		
081011	Dirixido	Cultivo	En uso	Novo	Mixto	Mixto: Metal malla metálica + Pedra + Formigón	Frontal	Muro de pedra recuberto de formigón. Con postes de formigón de soporte dunha parra e una malla metálica colocada vertical	> 1,5m		081011_01	081011_02		
081012	Dirixido	Cultivo	En uso	Novo	Vexetal	Vexetal parra	Perimetral	Valado baixo de bloque con viguetas de formigón, rejilla e parra	> 1,5m	A foto da parcela e vista dende fora	081012_01	081012_02		
081013	Mostraxe aleatoria	Prado	En uso	Novo	Pétreo	Formigón	Frontal	Valado baixo de formigón con dúas pedras nos extremos	< 0,7m		081013_01			
081014	Mostraxe aleatoria	Bosque	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Perimetral	Muro singular de cachote	> 1,5m	Con tramos de cachotaría concertada	081014_01	081014_02	081014_03	081014_04
081015	Dirixido	Bosque	Abandonado	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Muro de cachote de pedras de tamaño intermedio	< 0,7m		081015_01			
081016	Mostraxe aleatoria	Cultivo			Sen peche		Perimetral			Apreciase un dos marcos	081016_01			
081017	Dirixido	Cultivo	En uso	Tradicional	Vexetal	Vexetal espontáneo	Frontal	Socalcos de terra	< 0,7m		081017_01	081017_02		
081018	Dirixido	Cultivo	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Socalco de terra recuberto de vexetación espontánea	1 - 1,5m		081018_01	081018_02		
081019	Dirixido	Prado	En uso	Tradicional	Mixto	Mixto: Metal malla metálica + Madeira estaca natural	Perimetral	Peche de estaca de madeira cada 2-3m de altura variables con malla metálica	varias		081019_01			
081020	Dirixido	Cultivo	En uso	Tradicional	Vexetal	Vexetal parra	Perimetral	A estrutura da parra e de postes de formigón sobre una base de bloques de formigón. Un dos frontais e un socalco de pedra sobre o que se asenta a estrutura anterior	> 1,5m		081020_01	081020_02		
081021	Dirixido	Cultivo	En uso	Novo	Vexetal	Vexetal arbustivo	Perimetral	O vexetal que pecha a parcela e a verza	varias		081021_01	081021_02		

Táboa A.3: Táboa da base de datos dos puntos de mostraxe documentados na comarca paisaxística de Muros (continúa en páxina seguinte)

Id.	Orixe	Uso	Estado	Tradicional	Tipo	Material	Posición	Sistema constructivo	Altura	Observacións	Foto1	Foto2	Foto3	Foto4
081022	Mostraxe aleatoria	Cultivo	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Lateral	Muro de cachote rematado con pedras grandes e planas	0,7 - 1m		081022_01	081022_02	081022_03	081022_04
081023	Mostraxe aleatoria	Cultivo	En uso	Novo	Mixto	Mixto: Metal arame + Formigón postes	Frontal	Postes de formigón separados 3-4m, con arameo	0,7 - 1m		081023_01	081023_02	081023_03	081023_04
081024	Dirixido	Cultivo	En uso	Novo	Mixto	Mixto: Metal arame + Formigón postes	Frontal	Postes de formigón separados 3-4m, con arameo	0,7 - 1m		081024_01	081024_02		
081025	Mostraxe aleatoria	Cultivo	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Muro de cachote rematado con pedras medianas amontoadas	0,7 - 1m		081025_01	081025_02		
081026	Mostraxe aleatoria	Cultivo	En uso	Novo	Pétreo	Formigón	Lateral	Muro de formigón	1 - 1,5m		081026_01	081026_02		
081027	Mostraxe aleatoria	Prado			Sen peche		Perimetral			Estaquillas para o pastor eléctrico	081027_01			
081028	Mostraxe aleatoria	Cultivo	En uso	Novo	Mixto	Mixto: Metal arame + Formigón postes	Frontal	Postes de formigón separados 3-4m, con arameo	0,7 - 1m		081028_01			
081029	Mostraxe aleatoria	Prado	En uso	Tradicional	Vexetal	Vexetal espontáneo	Perimetral	Peches vexetais de altura variable con moitas silvas varias			081029_01			
081030	Mostraxe aleatoria	Cultivo	En uso	Tradicional	Sen peche		Lateral	Peches consistentes en una gabiá de terra	< 0,7m		081030_01			
081031	Dirixido	Prado	En uso	Novo	Mixto	Mixto: Metal arame + Formigón postes	Lateral	Postes de formigón separados 3-4m, con arameo e con pastor eléctrico	0,7 - 1m		081031_01	081031_02		
081032	Dirixido	Prado			Sen peche		Perimetral				081032_01	081032_02		
081033	Dirixido	Prado	En uso	Tradicional	Vexetal	Vexetal arbustivo	Frontal	Sebe de ligustro. No interior do mesmo apreciase un peche mixto de postes de formigón e arameo	0,7 - 1m		081033_01			
081034	Dirixido	Cultivo	En uso	Novo	Mixto	Mixto: Metal arame + Formigón postes	Lateral	Postes de formigón separados 2-3m, con arameo	0,7 - 1m		081034_01	081034_02		
081035	Dirixido	Cultivo			Sen peche		Perimetral	Peches consistentes en una gabiá de terra. Nun tramo acompañado de árbores en alienación			081035_01	081035_02		
081036	Dirixido	Prado	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra fincada	Lateral	Pedras fincadas de tamaño e separación variable	< 0,7m		081036_01			
081037	Dirixido	Cultivo			Sen peche		Perimetral				081037_01			
081038	Dirixido	Cultivo	En uso	Tradicional	Vexetal	Vexetal arbustivo	Lateral	Peches de hortícolas	< 0,7m		081038_01			
081039	Dirixido	Cultivo	En uso	Tradicional	Mixto	Mixto: Metal malla metálica + Pedra postes	Frontal	Peches de postes de pedra cada 2-3m de altura variables con malla metálica	0,7 - 1m		081039_01			
081040	Dirixido	Cultivo			Sen peche		Perimetral				081040_01			
081041	Dirixido	Prado			Sen peche		Perimetral				081041_01			
081042	Dirixido	Cultivo			Sen peche		Perimetral				081042_01			
081043	Dirixido	Prado	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra cachotes	Perimetral	Muro de cachote rematado con pedras irregulares	< 0,7m		081043_01			
081044	Dirixido	Prado	En uso	Tradicional	Pétreo	Pedra fincada	Frontal	Chantos regulares de granito sen separación entre eles	< 0,7m		081044_01			
081045	Dirixido	Prado			Sen peche		Perimetral				081045_01			

# A

## ANEXO 3. TIPOLOXÍAS DE VALADOS POR COMARCAS



**VALADO VEXETAL  
ÁRBORES EN ALIÑACIÓN**



USOS ASOCIADOS: GANDEIRO

ALTURA: > 1,5 m

MATERIAIS:  
árbores

**DESCRICIÓN:**

Límites das parcelas con árbores plantadas a distancias de entre 4 e 8 metros, formando aliñacións. Destacan especialmente o uso do salgueiro (*Salix atrocinerea*) e o vimbio (*Salix viminalis*).

Son importantes tamén as especies frondosas de gran porte como o carballo (*Quercus robur*), castiñeiro (*Castanea sativa*) ou bidueiro (*Betula spp.*), tamén especies perennes como o loureiro (*Laurus nobilis*) e o acebo (*Ilex aquifolium*).

**OBSERVACIÓNS:**

En moitas ocasións as árbores combinanse con outros valados, normalmente muros de cachotaría, aramados, ou unha morea de terra.



## VALADO VEXETAL ÁRBORES FORMANDO SEBES



USOS ASOCIADOS: GANDEIRO

ALTURA: > 1,5 m

MATERIAIS:  
árbores e arbustos

**DESCRICIÓN:**  
Trátase de aliñacións de árbores, plantadas moi próximas entre si, de forma que crean un peche continuo. Plántanse a distancias de 1 a 1,5 metros ou 2 a 3 metros entre si, de modo que forman unha sebe densa. Destaca especialmente o uso do vimbio (*Salix viminalis*), nas zonas onde se planta a viña. Ademais é moi empregado o loureiro (*Laurus nobilis*), e atópanse con frecuencia tamén sebes de ligustro (*Ligustrum ssp.*) ou bidueiro (*Betula spp.*)

**OBSERVACIÓNS:**  
En moitos casos recórtanse para rexuenerar e formar as sebes



**VALADO DE VEGETACIÓN  
ESPONTANEA**



USOS ASOCIADOS: GANDEIRO

ALTURA: variable

MATERIAIS:  
vexetación espontanea

**DESCRIPCIÓN:**

Nas zonas onde non se constrúen valados, é moi frecuente deixar unha franxa no linde da leira na que non se cultiva e na que medra vexetación espontánea, normalmente silvas mesturadas con outras especies; desta forma, en moitas ocasións, créanse sebes vexetais espiñosas, que se recortan a unha altura de 1 metro.

Estas sebes espiñosas, en ocasións axudóselles a medrar en altura colocando unha estrutura de pequenas estacas e arame, ou de estacas e varas horizontais, sobre a que medran silvas (*Rubus* sp.) que se manteñen recortadas; as veces mesturado das silva medran hedras (*Hedera helix*).





## VALADO VEXETAL, VIÑA



USOS ASOCIADOS: CULTIVO

ALTURA: 0,8-1,3 m

### MATERIAIS:

viña, estrutura (pedra, madeira, formigón)

### DESCRICIÓN:

A viña plantase no perímetro das parcelas, condúcese habitualmente emparrada, apoiada en pes de granito, ou formigón, de sección cadrada de aproximada de 15 - 20 centímetros. A condución no plano vertical é menos frecuente, nestes casos as veces sostense en estruturas de estacas e varas horizontais de madeira.

### OBSERVACIÓNS:

É moi frecuente que o peche de viña vaia asociado o socalco ou os muros de cachotaría en seco ou perpiaño con columnas. No frontal da finca apoiase frecuentemente sobre muros de pedra. Cando se cultiva en socalcos, os apoios de pedra da parra encásanse no muro do socalco.



**VALADO DE CACHOTERÍA  
DE GRANITO**



USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: varias

MATERIAIS:  
pedra de granito

**DESCRIPCIÓN:**

Estes muros caracterízanse por pezas de pequeno tamaño, de 15 a 20cms. Colocados tradicionalmente sen argamasa.

Trátase, en xeral, de construcións de alta calidade tanto material como compositiva, as pedras colocadas a oso, en seco, conforman valados con alturas entre os 40 – 80cm nos muros baixos e 80 a 120cm nos altos.

**OBSERVACIÓNS:**

Hoxe este tipo de valados de construción tradicional de xunta seca atópanse protexidos pola lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.



## VALADO DE PASTAS DE GRANITO



USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: varias

MATERIAIS:  
pedra de granito

### DESCRICIÓN:

Valados de pastas de granito chantadas verticalmente no chan pola cara de menor lonxitude e espesor, colocadas a oso, formando un peche opaco.

As pastas son labradas en bruto polas seis caras, teñen forma rectangular, unha altura sobre o chan de 60 a 130cm, ancho de 30 a 40cm, e espesores de 12 a 14cm. Son valados típicos das Rías Baixas.

### OBSERVACIÓNS:

Poden intercalarse pastas máis altas, que ás veces son máis estreitas.



**VALADO DE CHANTOS DE  
GRANITO**




USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: 70-120 CM

MATERIAIS:  
pedra de granito

DESCRICIÓN:  
Valo construído mediante pezas planas de granito, con forma poligonal, chantadas en ringleira sobre o seu lado estreito. Adoitan situarse nas divisorias laterais entre leiras.



## VALADO DE CACHOTERÍA DE XISTOS E LOUSAS



USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: varias

MATERIAIS:  
pedra de xisto ou lousa

DESCRIPCIÓN:  
Son valados construídos con  
muros de lousa, mais ou menos  
grosa, superpostas horizontalmen-  
te en seco, ás veces rematadas  
cunha ringleira vertical ou inclinada.

OBSERVACIÓNS:  
Hoxe este tipo de valados de  
construción tradicional de xunta  
seca atópanse protexidos pola lei  
5/2016 do patrimonio cultural de  
Galicia.



**VALADO DE CHANTOS DE  
XISTOS E LOUSAS**




USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: 50-80 CM

MATERIAIS:  
pedra de xisto ou lousa

DESCRIPCIÓN:  
Muros de chantos irregulares de xisto ou lousa, fincados verticalmente no chan, formando un peche opaco. Os chantos son de anchos de 40 a 100cm e alturas de 60 a 100cm, con pequenos espesores.

OBSERVACIÓNS:  
Para uso gandeiro adoita reforzarse con pastor eléctrico



## VALADO DE CHANTOS E CACHOTERÍA



USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: 70-120 CM

MATERIAIS:  
pedra de xisto, lousa ou granito

DESCRICIÓN:  
É frecuente que nos valados de cachotería, se intercalen de forma regular chantos grandes de anchos de 40 a 100 centímetros e alturas de 60 a 100 centímetros e espesores de 10 a 20 centímetros. Son de granito, xisto ou lousa; non sempre da mesma pedra que a cachotería; colócanse fincados verticalmente, de forma que a cara maior coincida lonxitudinalmente co muro; as separacións entre chantos van de entre un e catro metros.



**SOCALCOS E BANCAIS**



USOS ASOCIADOS: cultivo

ALTURA: variable

MATERIAIS:  
pedra, terra

**DESCRICIÓN:**

Os socalcos delimitan en moitas ocasións terras sen pechar; son moi frecuentes e constrúense ademais das ladeiras pronunciadas, no val ou en ladeiras de pouca pendente. Os mais habituais son os socalcos con superficie grande, e altura variable en función da pendente entre os 50 e 200 centímetros.

**OBSERVACIÓNS:**

A contención do socalco adoita ser de muros de cachotaría, son raros os socalcos con noiros de terra.





## VALADO DE CACHOTERÍA COLUMNAS





USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: varias

MATERIAIS:  
pedra de granito, xisto ou lousa

DESCRICIÓN:  
Nalgunhas comarcas é moi frecuente intercalar nos valados de cachotería columnas verticais, cada tres ou catro metros que sobresaen uns 70 centímetros sobre a cima do muro. Habitualmente son de granito, de sección rectangular, colócanse ca cara maior de forma transversal ou perpendicular o muro.

OBSERVACIÓNS:  
Moitas veces estas columnas fan de soporte do emparrado de viña que tamén pecha a finca. Tamén se colocan arames ou mallas metálicas entre os postes.



**VALADO MIXTO DE POSTES  
PÉTREOS**





USOS ASOCIADOS: GANDEIRO

ALTURA: 0.70- 1.2m

MATERIAIS:  
poste pedra e arame ou malla

DESCRIPCIÓN:  
Constrúense con postes de grani-  
to de sección cadrada de aproxi-  
mada de 10 ata 25 centímetros, e  
altura sobre o chan e de 80 - 100  
centímetros, entre postes coló-  
canse tres ou catro tendidos de  
aramé.  
Como alternativa ó arame ás  
veces atopamos malla gandeira.

OBSERVACIÓNS:  
Trátase dun valado amplamente  
utilizado pola súa versatilidade,  
economía e fácil mantemento.



## VALADO MIXTO DE POSTES DE MADEIRA




USOS ASOCIADOS: GANDEIRO

ALTURA: 0.70- 1,2 m


MATERIAIS:  
poste madeira e arame ou malla

DESCRICIÓN:  
Estacas de madeira natural sin  
calibrar de altura entre 70 e  
1.20m, con tres ou catro tendidos  
de fio de arame.  
Ás veces empréganse polas de  
madeira pelada ou rollizo de  
madeira.  
Como alternativa ó arame ás  
vezes atopamos malla gandeira.

OBSERVACIÓNS:  
Trátase dun valado amplamente  
utilizado pola súa versatilidade,  
economía e fácil mantemento.



**DISCONTINUOS DE PEDRA**



USOS ASOCIADOS: cultivo

ALTURA: variable

MATERIAIS:  
pedra

**DESCRICIÓN:**

Chantos de granito, xistos ou lousas, fincados verticalmente no terreo e formando un peche diáfano discontinuo, separados entre eles de 4 a 8 metros, deixando o espazo aberto entre eles. As dimensións son variables e a altura entono os 70 a 90 centímetros.

Tamén se empregan columnas de granito chantadas verticalmente, distanciadas uns tres a catro metros entre si

**OBSERVACIÓNS:**

Os postes de granito ás veces afíanse cara a punta; incluso se atopan postes con forma de pirámide cuadrangular sen punta

A

## ANEXO 4. ESPECIES PARA SEBES

## ÍNDICE DE ESPECIES

## ÁRBORE GRANDE

- 1 Pradairo, mañizas  
*Acer pseudoplatanus*
- 2 Bidueira, bidueiro  
*Betula alba*, *B. pubescens*, *B. celtiberica*
- 3 Castiñeiro  
*Castanea sativa*, *C. híbrido*
- 4 Faia, faya  
*Fagus sylvatica*
- 5 Freixo  
*Fraxinus excelsior*
- 6 Nogueira  
*Juglans regia*
- 7 Carballo  
*Quercus robur*

## ÁRBORE MEDIANO

- 8 Ameneiro, amieiro  
*Alnus glutinosa*
- 9 Cerexeira brava, cerdeira  
*Prunus avium*
- 10 Pereira brava  
*Pyrus communis*
- 11 Sobreira  
*Quercus suber*
- 12 Capudre  
*Sorbus aucuparia*

## ÁRBORE PEQUENO - ARBUSTO GRANDE

- 13 Avelaneira  
*Corylus avellana*
- 14 Estripeiro, escambrón  
*Crataegus monogyna*
- 15 Sanguiño, arraclán  
*Frangula alnus*
- 16 Acivro  
*Ilex aquifolium*
- 17 Loureiro  
*Laurus nobilis*
- 18 Aligustre  
*Ligustrum ssp.*
- 19 Maceira brava  
*Malus sylvestris*
- 20 Salgueiro  
*Salix atrocinerea*
- 21 Vimbieiro, vimieiro  
*Salix viminalis*
- 22 Sabugueiro, bieiteiro  
*Sabucus nigra*

## ARBUSTO

- 23 Buxo  
*Buxus sempervirens*
- 24 Xesta  
*Cytisus scoparius*
- 25 Espiñeiro, bruño, andrina  
*Prunus spinosa*
- 26 Roseira  
*Rosa canina*, *R. rugosa*
- 27 Silveira  
*Rubus ssp.*
- 28 Toxo  
*Ulex europaeus*

### 1. PRADAIRO, MAÑIZAS

*Acer pseudoplatanus*

Especie de crecemento rápido, con estrutura de troco e copa ovoide densa de follas medianas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Chans profundos e ricos, con sombra parcial. Florece de marzo a maio. **Tolera a proximidade ao mar.**



Foto Juan L. Menéndez,  
Asturnatura.com

### 2. BIDUEIRA, BIDUEIRO

*Betula alba, B. pubescens, B. celtiberica*

**Especie de crecemento rápido**, estrutura de tronco con copa piramidal que pode desenvolverse desde a base, con pouca densidade e follas pequenas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en chans húmidos con exposición asollada, aínda que tolera a sombra.



## ÁRBORE GRANDE

## 3. CASTIÑEIRO

*Castanea sativa, C. híbrido*

**Especie de crecemento rápido**, estrutura de tronco con copa esférica e ramaxe moi densa, con follas grandes. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en todo tipo de chans aínda que prefire os chans acedos, con sombra parcial. Florece de maio a xuño, os seus froitos son fonte de alimento para a fauna silvestre. Tolera a proximidade ao mar.



## 4. FAIA, FAYA

*Fagus sylvatica*

Especie de crecemento medio, con copa semiovoide desde a base. **Admite recorte**, podendo formarse como sebe moi denso de follas medianas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco (marcescente). Tolera todo tipo de chans, con sombra parcial. Florece de abril a xuño. Tolera a proximidade ao mar.





5. FREIXO

*Fraxinus excelsior*

**Especie de crecemento rápido**, estrutura de tronco principal con copa ovoide, de densidade media e follas compostas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en chans húmidos ou moi húmidos, con sombra parcial. Florece de abril a maio.



Foto Juan L. Menéndez.  
Asturnatura.com



selectree.calpoly.edu

6. NOGUEIRA

*Juglans regia*

Especie de crecemento medio, estrutura de tronco con copa esférica, densidade e follas compostas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en chans ricos e profundos, con exposición asollada. Florece de abril a maio, os **seus froitos son fonte de alimento para a fauna silvestre**.



Foto Juan L. Menéndez.  
Asturnatura.com



Arbolapp(CSIC/FECYT)

## ÁRBORE GRANDE

7. CARBALLO  
*Quercus robur*

Especie de crecemento medio, estrutura de tronco con copa esférica, con densidade media e follas medianas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en chans ricos e profundos, con sombra parcial. Os seus froitos son fonte de alimento para a fauna silvestre. **Tolera a proximidade ao mar.**



## ÁRBORE MEDIANO

8. AMENEIRO, AMIEIRO  
*Alnus glutinosa*

**Especie de crecemento rápido**, estrutura de tronco con copa piramidal, densidade media e follas de tamaño medio. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en chans húmidos ou encharcados, en sombra ou semisombra. Florece de febreiro a marzo. Tolera a proximidade ao mar.



Foto Juan L. Menéndez,  
Asturruralura.com

9. CEREIXA BRAVA, CERDEIRA

*Prunus avium*

Especie de crecemento rápido, con copa esférica desde a base, de densidade media e follas de tamaño medio. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en todo tipo de chans, aínda que os prefire húmidos e exposición asollada. Florece de abril a maio, os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. **Tolera a proximidade ao mar.**



10. PEREIRA BRAVA

*Pyrus communis*

Especie de crecemento rápido, con copa ovoide ou piramidal desde a base, densa e follas de tamaño medio. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. Caduco. Crece en todo tipo de chans, exposición asollada e crecemento rápido. Florece en abril e **os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre.**



## ÁRBORE MEDIANO

11. SOBREIRA  
*Quercus suber*

Especie de crecemento lento, estrutura de tronco con copa irregular, de densidade media e follas pequenas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno.

**Perenne.** Chans profundos e drenados, exposición semisombra.



Foto Juan L. Menéndez.  
Astunatura.com



Arbolapp(CSIC/FECYT)

12. CAPUDRE  
*Sorbus aucuparia*

Especie de crecemento medio, copa ovoide case desde a base, densa e follas compostas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno.

Caduco. Crece en todo tipo de chans, exposición sombra parcial. Florece de maio a xuño e **os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre.**



Arbolapp(CSIC/FECYT)



Foto Juan L. Menéndez.  
Astunatura.com

### 13. AVELANEIRA

*Corylus avellana*

Especie de crecemento medio, con copa esférica desde a base, densidade media e follas de tamaño medio. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. **Tamén se multiplica facilmente por esqueixe ou empregando estaca viva.**

Caduco. Crece en chans profundos, ao sol ou á sombra. Florece de decembro a febreiro e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre.



### 14. ESTRIPEIRO, ESCAMBRÓN

*Crataegus monogyna*

**Especie espiñenta**, de crecemento medio. Admite recorte para formar sebes densos. Illado presenta copa esférica desde a base, densa e con follas pequenas.

Caduco. Crece en chans profundos, ao sol ou á sombra. Florece de decembro a febreiro e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. Tolerancia a proximidade ao mar.



Arbolapp(CSIC/FECYT)



Foto Juan L. Menéndez.  
Astumalura.com

## ÁRBORE PEQUENO - ARBUSTO GRANDE

## 15. SANGUÍÑO, ARRACLÁN

*Frangula alnus*

Especie de crecemento medio, con copa esférica desde a base, densa e con follas medianas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno.

Caduco. Crece todo tipo de chans, con sombra parcial. Florece de abril a maio e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. **Tolera a proximidade ao mar.**



Arbolapp(CSIC/FECYT)

Foto César Fdez. Gonzalez  
Asturnatura.com

## 16. ACIBRO

*Ilex aquifolium*

Especie de crecemento lento, que **admite recorte** para formar sebes densos. Illado presenta unha copa cónica desde a base, densa e con follas medianas brillantes con extremos en punta. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno.

Perenne. Prefire chans profundos e frescos, con sombra parcial. Hai plantas masculinas e plantas femininas (dioico) e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. Tolera a proximidade ao mar.



Arbolapp(CSIC/FECYT)

## ÁRBORE PEQUENO - ARBUSTO GRANDE

### 17. LOUREIRO

*Laurus nobilis*

Especie de crecemento medio, que admite recorte para formar sebes densos. Illado presenta unha copa columnar desde a base, densa e con follas medianas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno.

Perenne. Tolerante todo tipo de chans e exposicións. Hai plantas masculinas e plantas femininas (dioico) e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. **Tolerante a proximidade ao mar.**



### 18. ALIGUSTRE

*Ligustrum ssp.*

Especie de crecemento rápido, que **admite recorte** para formar sebes densos. Illado presenta unha copa esférica desde a base, densidade media e con follas medianas.

Perenne ou semiperenne. Tolerante todo tipo de chans e exposicións. Florece no verán e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. Tolerante a proximidade ao mar.



## ÁRBORE PEQUENO - ARBUSTO GRANDE

## 19. MACEIRA BRAVA

*Malus sylvestris*

Especie de crecemento medio, con tronco de pouca altura e copa esférica, densa e con follas medianas. Caduco. Crece todo tipo de chans, ao sol. Florece de abril a maio e **os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre.**



Arbolapp(CSIC/FECYT)



Arbolapp(CSIC/FECYT)

## 20. SALGUEIRO

*Salix atrocinerea*

Especie de crecemento rápido, con tronco de pouca altura e copa ovoide ou piramidal, densa e con follas medianas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. **Tamén se multiplica facilmente por esqueixe ou empregando estaca viva.** Caduco. Crece en chans húmidos ou encharcados, ao sol ou á sombra. Florece de xaneiro a marzo.





## ÁRBORE PEQUENO - ARBUSTO GRANDE

### 21. VIMBIEIRO, VIMIEIRO

*Salix viminalis*

Especie de crecemento rápido, con tronco de pouca altura e copa elíptica, densidade media e con follas medianas. Poden atoparse en alveolo forestal, e tamén a raíz espida para plantar no inverno. **Tamén se multiplica facilmente por esqueixe ou empregando estaca viva.**

Caduco. Crece en chans húmidos ou encharcados, ao sol ou á sombra. Florece de xaneiro a marzo.



### 22. SABUGUEIRO, BIEITEIRO

*Sabucus nigra*

Especie de crecemento rápido, ramificado desde a base, copa elíptica, densidade media e con follas medianas. Multiplícase facilmente por esqueixe.

Caduco. Crece en todo tipo de chans, ao sol ou á sombra. Florece de abril a xuño e **os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre.**



Arbolapp (CSIC/FECTI)



Arbolapp (CSIC/FECTI)

## ARBUSTO

## 23. BUXO

*Buxus sempervirens*

Especie de crecemento lento, forma sebes tupidos, con follas pequenas e duras. **Admíten recorte.** Responde ben se se planta a raíz espida no inverno. Perenne. Crece todo tipo de chans. Florece de febreiro a abril.



Arbolapp (CSI/EC/11)

## 24. XESTA

*Cytisus scoparius*

**Especie de crecemento rápido,** pode formar sebes pero require podas de rexuvenecemento. Follas escasas e moi pequenas, densidade media. Arbusto silvestre. Perenne. Crece todo tipo de chans. Florece de febreiro a xullo.



25. **ESPIÑEIRO, BRUÑO, ANDRINA**

*Prunus spinosa*

Especie de crecemento medio, **forma sebes espiñentos e compactos**, moi ramificados de follas pequenas.  
Caduco. Crece todo tipo de chans. Florece de febreiro a maio e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre.



Foto José Luis Porlo  
Asturnatura.com



Foto Ricardo R. Fernandez  
Asturnatura.com

26. **ROSEIRA**

*Rosa canina, R. rugosa*

Especie de crecemento rápido, forma sebes espiñentos e desgarrados, moi ramificados de follas pequenas.  
Caduco. Crece todo tipo de chans. Florece de xuño a agosto e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. **Tolera a proximidade ao mar.**



Planflor.es



Planflor.es

## ARBUSTO

## 27. SILVEIRA

*Rubus ssp.*

Especie de crecemento rápido, pode formar sebes densos e espiñentos pero require podas de rexuvenecemento e formación. **Arbusto silvestre e é fácil de multiplicar.**

Caduco. Crece todo tipo de chans. Florece de xuño a xullo e os seus froitos serven de alimento á fauna silvestre. Toler a proximidade ao mar.



## 26. TOXO

*Ulex europaeus*

Especie de crecemento rápido, **pode formar sebes espiñentos e moi densos, pero require podas de rexuvenecemento e formación.** Arbusto silvestre Perenne. Crece todo tipo de chans, aínda que os prefere acedos. Florece de decembro a xullo.



Semecportal.org



galicia

iet INSTITUTO  
DE ESTUDOS DO  
TERRITORIO